

# Varios autores

## O raposo Renarte e o lobo Grisengrín (*Roman de Renart*)

Tradución, introdución e notas:  
Henrique Harguindey Banet



Esta obra é distribuída baixo licenza [Creative Commons 2.5](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/2.5/)

Citar como: Varios autores: O raposo Renarte e o lobo Grisengrín. Tradución ao galego de Henrique Harguindey [www.palabrasdesconxeladas.gal](http://www.palabrasdesconxeladas.gal)

## INTRODUCCIÓN

### Unha historia, moitas historias

Coñécese co nome de *Roman de Renart* un conxunto de aventuras escritas no século XII e XIII na lingua romance derivada do latín que se falaba no norte do río Loira, a lingua de oïl con variedades territoriais distintas (picardo, normando, franciano, valón, etc). Esa corentena de aventuras ten como personaxe central o raposo chamado Renarte e describen un mundo animal que satiriza o humano no imperio feudal do rei Nobre, o león. Foron compostas aproximadamente entre 1175 e 1250 e axiña recollidas en manuscritos<sup>1</sup>. Os seus autores, unha trintena, non traballaron colectivamente seguindo un plan coordinado nin houbo entre eles ningún tipo de relación senón que foron escribindo cadaquén pola súa banda en lugares e tempos afastados -e sen coñecer as máis das veces as aventuras todas xa escritas- as falcatrúas do raposo en versos octosílabos. Malia as diferenzas de enfoque (unhas aventuras máis próximas á fábula moral e á crítica de defectos individuais, outras á pintura social do seu tempo), de posicionamento do autor (quer amosando simpatía polo golpe quer nidia antipatía), de estilo (simple rexouba fronte a sátira despiadada), de información (contradiciendo nalgúns casos datos presentados por outros autores) ou de volume (dende o cento de versos aos case tres milleiros) non deixa de haber un corpus abondo homoxéneo que as fixo considerar xa dende antigo como pezas dunha única obra en permanente proceso de elaboración.

Por iso se lle deu o nome de *Roman de Renart*. *Roman*, é dicir composición na fala romance, a popular derivada do idioma de Roma en contraposición ao latín. *Roman*, igual que outras composicións escritas e espalladas logo polos espazos públicos con historias recitadas e versificadas en octosílabos asonantados para mellor retención. *Roman* como o *Roman de Thèbes*, *Roman d'Eneas*, *Roman de Troie*, *Roman de Rou*, *Roman de Brut* ou *Roman d'Alexandre* (este en dodecasílabos, de aí a súa denominación francesa de *alexandrinos*). *Roman* protagonizado por *Renart*, o raposo, mesmo se certas aventuras son exclusivas do lobo ou aínda doutro animal coma o gato.

Dende o comezo, ese conxunto foi presentado en *branches* (pólas) que reagrupan diferentes aventuras. A clasificación en pólas máis aceptada -a de Ernest Martin- reúne en vinte e seis as series de episodios, mais outros especialistas utilizan numeracións diferentes para as mesmas pólas. Resulta, daquela, máis operativo guiarse polo nome de cada episodio concreto.

Os autores das historias que conforman o *Roman* proceden do mundo da clerecía, un medio culto formado na lingua latina, que prové non só os mosteiros e círculos eclesiásticos senón tamén os iniciais burgos, e a masa de trobeiros e mesmo de *clerici vaganti* ou goliardos que percorren as terras recitando, contando e cantando nas prazas -ou ante calquera auditorio que os acolla- relatos en verso e cancións de variado tipo.

Estes autores revelan nas fontes manexadas e no seu dominio lingüístico e estilístico unha formación culta que emerxe constantemente, e a ideoloxía desa ascendente burguesía ora dirixe o seu ferrete cara a nobreza ora fire coa pouta o campesiñado. En calquera caso, á beira do rexistro elevado atopamos toda a expresividade do rexistro popular nunha mestura deliberada e por veces explosiva. Afortunadamente, a nacente lingua francesa non está

---

<sup>1</sup> Recentemente, François Zufferey (VV.AA 2015: 19) afinou lixeiramente as datas que se manexaban tradicionalmente.

aínda pexada por censuras e limitacións de tabús empobrecedores e ridículos. Naturalmente, as aventuras renartescas transpiran antifeminismo: imposíbel subtraerse ao seu tempo e á ideloxía dominante.

Só de tres autores coñecemos a identidade: Pierre de Saint-Cloud, Richard de Lison e mais o cura de La Croix-en-Brie. Coñecemos os seus nomes (ou a función exercida) pero pouco máis ca iso. Pierre de Saint-Cloud -un poeta normando colaborador na escrita do *Roman d'Alexandre*- sería o autor do que Zufferey chama “o tronco primitivo” que moveu unha fervenza de autores a continuaren as aventuras de Renarte. Entre eles Richard de Lison -normando tamén- que escribe *As vésperas de Rabuñas* para un condestábel, e o cura de La Croix-en-Brie -non sabemos máis nada del- con *O oso, Renarte e o aldeán Liétard*.

O éxito experimentado por ese “tronco primitivo” de Pierre de Saint-Cloud (1185, 1186 e 1187) incita a autores non conectados entre si a engrosaren as aventuras de Renarte con novas narracións que eles van situando en momentos anteriores e posteriores ás xa relatadas polo poeta normando. E o abano da caracterización de Renarte ábrese dende o simpático pillabán esfameado ao ser maléfico, encarnación demoníaca, que fai o mal por puro pracer.

A diversidade de autores produce ás veces unha certa incoherencia no relato e unha certa disparidade, sempre canto a datos secundarios (Son tres ou catro os fillos de Renarte? O nome da súa muller é Richeut ou Hermelina? O da raíña é Tesa ou Onza? Copuda era irmá ou tía de Pinta?, etc.). Existen tamén trazos e posicionamentos que só aparecen explicitados ocasionalmente, en determinadas e concretas aventuras (A parcialidade de Nobre cara ao raposo, a crítica da cobiza do rei, a súa arbitrariedade e o obrigado sacrificio dos cortesáns ante a saúde do monarca, etc.). Por iso -aínda que a homoxeneidade na base satírica dos comportamentos humanos e a aplicación á sociedade feudal do seu tempo é común aos autores todos de Renarte- non se pode sempre tirar unha posición única e unívoca, caracterizadora de toda a obra, por ser tal afirmación ou toma de partido atribuíbel só ao autor da aventura que a expresa. Hai unidade mais non unanimidade. Con esa reserva intentaremos unha visión panorámica.

### Parodia e sátira do mundo feudal

Por riba da crítica e da rexouba de individuos e tempos perennes, o *Roman de Renart* é unha sátira da sociedade do seu tempo, que aparece parodiada, é dicir trasladada do marco humano ao animal nunha pintura ridiculizante e abaixadora que utiliza ora o ferrete da ironía e a retranca, ora o ferrón do sarcasmo. Ten, con pleno dereito, a característica que no século XVIII atribuíu Jean de Santeul como divisa á vella comedia: *Castigat ridendo mores*. As aventuras ensambladas son pezas, escenas, actos, desa Gran Comedia que chisca o ollo e por veces se disfraz de Gran Epopea e de Gran Traxedia.

Un só mundo que engloba dous e no que a permeabilidade deixa pasar sen tránsito dun ao outro, e tanto a súa morada é ora chamada “castelo” como “tobeira”, tanto se desprazan os protagonistas en por eles como van de a cabalo, e tanto se autocalifican de animais como de homes e mulleres, esposos e esposas.

A ambigüidade parece unha opción deliberadamente escollida nese espectáculo transformábel. Así cando Nobre dá na súa corte unha suntuosa festa á que acoden todos os convidados non sendo Renarte: son eles animais ou homes revestidos con peles de animais? Ou animais recubertos con prezadas peles doutros seus conxéneres?

Nese mundo carnavalesco a sátira dirixe o seu aguillón contra os poderosos: a xerarquía feudal, a Igrexa ou os aldeáns ricos<sup>2</sup>. E -como en veciñas manifestacións literarias da época, tal os *fabliaux*, fai gala de anticlericalismo, antifeminismo e anticampesinismo. Os autores -conscientes da clase social á que pertencían e para a que compuñan- obvian a nacente burguesía das urbes medievais.

Parodian os autores do *Roman* a xerarquía feudal e os seus valores cabaleirescos, épicos ou cortesáns. Velaí senón o despregue de toda a tropa de Nobre a desfilar cara o Malburaco de Renarte presididos polo caracol que porta o estandarte e marca o paso. O público que escoitaba non deixaría de sorrir ante as rápidas galopadas do caracol ou as súas pancadas a rivais para el xigantescos. Estamos ante unha auténtica estangurriada<sup>3</sup> que abaixa o relato épico. Como o rebaixa a parodia da enumeración dos cabaleiros da épica, transmutada en caricatura grotesca de aldeáns a perseguiren o oso Pardo. E o ataque de Tardón a Renarte por tras, polas costas, presentado como propio dun cabaleiro, é un puro sarcasmo. A parodia do amor cortés -presente nunha chea de alusións expresas e de chiscadelas a momentos das novelas artúricas- chega ao cénit da mordacidade no requeremento do lobo á besta, coa fuxida de Poldrela, a doncela, entre couces e ventosidades.

Fincan tamén os autores o ferrete e o ferrón no corpo da Igrexa, e fano de xeito reiterado e directo. Certo é que acadan maiormente os sectores menos poderosos coma os cregos rurais, acusados de abandonaren as súas funcións relixiosas atendendo só a cobiza material ou a chamada sexual, e os frades, acusados de preguiceiros, lambóns ou falsos. E non é menos certo que a xerarquía eclesiástica desdeñaba un pouco estes sectores, considerados aldeáns e rudos.

A crítica á Igrexa, con todo, non se limita a comportamentos individuais, por moito que estes abunden, senón que se refire a crenzas, cultos e prácticas, como feitos cualificados infundadamente de milagres, veneración de pseudoreliquias, procesións estrafalarias ou peregrinaxes que son simple fuxida ante falcatrúas cometidas. A rexouba, mesmo chega nalgún momento á propia eucaristía.

En pano de fondo desta sociedade feudal na que se entretece a estrutura política e a relixiosa, a Xustiza está en mans do rei e da súa corte, dependendo de intereses, filias e fobias individuais e persoais por moito que se respecte un procedemento xudicial.

Estoutro mundo animal permite subverter a orde do real co couce dun grilo que é quen de tombar un xabarín. E deixa patente o cinismo do poder ao retratar un loubán nas súas honras fúnebres como se fose un heroe paradigma de virtude.

Os espazos de liberdade que dentro da Idade Media se abren, deben ser sinalados non como un continuum xeneralizábel no tempo e o territorio senón como episodios que deben ser entendidos no seu contexto. E o *Roman de Renart* podería dar unha impresión distinta ao considerármolo unha coherente e única obra e non unha eclosión de relatos separados que se foron unindo por adxunción nos manuscritos.

En primeiro lugar debemos salienta que as críticas máis acerbas proveñen en xeral dos personaxes máis delituosos e odiados, e en cabeza deles Renarte, que chega a ser considerado unha encarnación diabólica. É o subterfuxio habitual na Historia da Literatura para poder sortear censuras e tratar temas perigosos.

---

<sup>2</sup> Segue a ser todo un clásico o estudo de Antón Figueroa "El Roman de Renart. Documento crítico de la sociedad medieval" (Figueroa, 1982), imprescindible para quen queira afondar nestes aspectos

<sup>3</sup> Choqueirada, representación estrafalaria.

En segundo lugar -e isto é particularmente importante para o mundo con pelica de animal- a liberdade carnavalesca, coa tolerancia ás veces asombrosa para persoas de varios séculos despois, permite uns momentos de inversión da orde establecida que representa unha válvula de escape favorecedora da estabilidade social. Xa dende o século XII a Festa dos Tolos, a Prosa do Burro e outras manifestacións semellantes tiñan lugar -maiormente no norte de Francia- con carácter regular e mesmo dentro das igrexas, con cerimoniais choqueiros protagonizados polo propio clero. Neste contexto, o cume acadado pola parodia do ritual relixioso e pola linguaxe procaz na *Morte de Renarte* resulta comprensíbel. Con todo, convén entender esta tolerancia circunscrita a determinados momentos do ano e a determinadas áreas xeográficas. E saber que co tempo acabaron -cando menos as parodias máis exacerbadas- sendo prohibidas pola Igrexa.

Este segundo factor pode axudar a explicar a presenza de Renarte en capiteis e en decorados de lugares sagrados e mais a súa popularidade entre moitos frades. Tocante a isto lembraremos o reproche que Gautier de Coinci -escritor relixioso da Francia do século XIII- lles dirixe nos seus *Milagres de Nosa Señora* (vv. 165-170):

*Os seus mosteiros teñen porcos e suxos  
mais os seus cuartos e as súas grandes salas  
fan artesoar, pintar e decorar.  
Nas súas igrexas non fan representar  
de bo grado a imaxe de Nosa Señora  
como fan representar Grisengrín e a súa muller  
no seu cuarto onde eles se agachan.*

Reproche que o mesmo Coinci repetirá na *Vida de Santa Cristina* (vv. 9-12):

*Mellor queren ouvir o que compra a alma,  
o xeito en que Renarte atraeu Grisengrin seu compadre  
ou unha grande andrómena que lles conte un menestral  
que un bo exemplo ou un bo dito de santo ou de santa.*

Champfleury<sup>4</sup> afirma:

*O papel que xogou Renarte en iconoloxía procedeu maiormente do éxito considerábel do Roman. A partir de aí o animal obtivo na arte carta de natureza. Escultores, pintores e vidreiros tiñan o Raposo en grande estima a causa das súas divertidas aventuras. A súa imaxe foi reproducida ate a saciedade no exterior das igrexas nas fachadas, e no interior sobre os capiteis e as vidreiras; o símbolo do animal deslizouse mesmo polo coro das catedrais, aferrado aos escanos dos cóengos.*

Como é ben sabido, a popularidade de Renarte foi tanta que eliminou o substantivo que en francés denominaba ate entón ese animal (*un goupil*, do latín *vulpecula*) substituíndoo pouco a pouco polo do protagonista do *Roman* (*un renart*, actualmente *un renard*). En galego conservouse o derivado de *vulpem* e así temos o *golpe* que hoxe é forma moi minoritaria fronte á denominación *raposo/raposa* ( “o/a do rabo”).

---

<sup>4</sup> Champfleury (1875: 145)

### Procedementos e técnicas narrativas

Na época medieval a transmisión da creación literaria facíase fundamentalmente por vía oral, a da narración contada. Fóra os escasos núcleos de persoas que sabían ler e o facían ao abeiro dos recintos eclesiásticos, os textos recibíanse transmitidos de viva voz nas prazas e lugares públicos ou nos espazos privados aos que eran chamados os recitadores. Esta oralidade é patente nas distintas aventuras do raposo que conforman o *Roman*. O recitador comeza por veces o seu relato chamando o público a se parar e escoitar ou -xa reunido- reclamando a súa atención ou recalcando a importancia dalgún detalle que se vai presentar.

Naturalmente, o texto recóllese por escrito para fixalo e conservalo como axuda para a memoria ou como material de lectura en voz alta para o auditorio.

Resalta o feito de o contador acollerse repetidamente á autoridade de quen escribiu a historia, do libro no que figura orixinalmente a aventura; é unha lexitimación pola Cultura que respalda o narrado: non se trata dunha leria, dunha historia máis ou menos choqueira que a el se lle ocorreu: é algo serio.

Claro que esa seriedade, esa veracidade, está posta en dúbida permanentemente por un convenio tácito entre o narrador e o ouvinte que saben perfectamente que todo é unha brincadeira. Ou non todo, mais a ambigüidade debe permitir así a rexouba e a crítica. A mestura, o brinco constante dun nivel a outro, dun ámbito a outro, permítenlle a Renarte non ser cazado e ao narrador -nese constante equilibrio- restaurar a ferroadada co bálsamo do humor.

Así, daquela, reférvese a narración entre saltos ás fórmulas e motivos das cancións de xesta (clichés épicos, tratamento de Nobre como emperador, soños premonitorios, etc.) ou do *roman courtois* (fino amor, talismáns, alusións a Isolda ou Xenebra e namoros extramaritais das protagonistas<sup>5</sup>, etc.) coa ilustración de determinados momentos mediante ditos populares ou un léxico directo e crú. Pásase -ás veces no mesmo parágrafo ou frase- do tratamento de igualdade e proximidade, a través do pronome *ti*, ao de respecto e afastamento a través do *vós*, do verbo en pasado ao verbo en presente. Hai unha mestura que persegue a lixeireza, mais tamén procura impedir a reacción dun eventual ofendido, neutralizada pola rapidez da continuación. A vida real coas monterías, as terras en transformación coas estivadas para o seu cultivo, a descrición dos castelos, as mencións á paz do rei ou á cruzada en Terra Santa coas derrotas infrinxidas aos cristiáns por Nuredín, etc. forman illas nese mundo de fantasía onde os animais asumen as máis altas funcións feudais sendo reis, condestabeis, senescais ou legados papais.

O *Roman de Renart* remóntase, en definitiva, ao combate entre o lobo e o golpe como representación da loita entre o animal forte contra o animal feble. Neste tipo de contos o feble adoita vencer pola súa superior intelixencia. O lobo resulta ser parvo e doado de enganar polo que o raposo triunfa e foxe. Ten a nosa simpatía e, no fondo, a do mundo rural, ao que o perigo e as perdas producidas polo lobo resultan ben superiores ás causadas polo raposo. Ora ben, cando o golpe é o animal forte fronte a outro máis feble coma o galo, a ferreiriña, o corvo ou o grilo, a cega Xustiza da Natureza revira a situación e castiga o agresor forzado: o pequeno aprendeu tamén a se defender e dá enganado o grande, bulrándose del con ironía.

---

<sup>5</sup> E non só alusións á literatura senón seguramente ao propio momento histórico. Lembremos que a duquesa Aliénor da Aquitania -polo seu primeiro casamento raíña de Francia, e posteriormente de Inglaterra- muller de costumes libres, foi acusada publicamente en París de infidelidade cara ao seu marido o rei Luís VII de Francia.

### O territorio do Roman

Despois de varios séculos de preparación tras a fragmentación do latín, a partir do século XII van eclosionando as linguas románicas. O que hoxe é o hexágono de Francia ten unha grande liña de delimitación formada polo río Loira. Ao norte, o territorio das falas de oïl, ao sur as de oc. Son dúas formas diferentes, procedentes ambas do latín *hoc ille / hoc*, que se utilizaban para dicir “sí”; a primeira delas derivará no francés actual *oui*.

En palabras do lingüista e historiador da lingua francesa Marcel Cohen<sup>6</sup> referidas á lingua de oïl “a dos séculos XI e XII corresponde a unha sorte de constelación de aspectos dialectais (normando, anglo-normando, picardo, valón, lorenés, champañés, franciano)” polo que “as obras podían circular dunha rexión a outra sendo comprendidas polos diferentes públicos á custa dunha acomodación pouco importante por parte dos recitadores ou dos escribas, ou a custa dun bastante pequeno esforzo de comprensión das persoas que escoitaban ou lían”.

Esa *constelación* de dialectos do latín xerou distintas variedades lingüísticas -algunhas xa desaparecidas- que se autoidentificaban como *romanz*, “romance” ou “lingua vulgar”, por oposición á culta, o latín, referida a calquera variedade de oïl, non unicamente á do primitivo reino franco. Esta fala, encarnada primeiro polo franciano, devanceiro do francés, iráse impondo -maiormente dende o século XIII- coa expansión do reino.

É nese territorio, de variedade idiomática dentro dunha certa unidade, onde se vai formando o *Roman de Renart* aínda que outros territorios veciños de falas xermánicas coñecen tamén as historias do lobo e o raposo. Nos primeiros momentos, a Normandía ten un gran peso na elaboración das aventuras<sup>7</sup> mais, coa expansión político-administrativa, o francés e o seu territorio iranse impondo sobre as demais linguas, dialectos e territorios tanto no que fai á vida cotiá xeral como -evidentemente- no referido especificamente ao *Roman de Renart*.

Dentro da diversidade de ópticas e concepcións dos autores -e tomando como base as aventuras que aquí publicamos- chama a atención o feito de que a expresión *toda Francia* permite ser interpretada nalgúns casos como unha referencia á Francia nun sentido lato, mentras que noutros contextos semelle referirse só á Île de France, o territorio da monarquía parisina. É así que no *Xuízo de Renarte* o rei Nobre afirma dende a súa corte: ... *tan grande vinganza hei eu facer que se vai falar dela de aquí a Francia* (v. 744). O rei distingue perfectamente na súa frase o lugar onde el está e mais Francia. A corte do rei Nobre atópase nese *aquí*, lonxe de Francia, o que ratifica a impresión recibida momentos antes, cando Renarte recibira o oso Pardo na súa morada: *-Pardo -ponse Renarte-, meu benquerido amigo, moita carga puxo en vós quen vos fixo desviar ata aquí embaixo. Eu ía marchar hai pouquiño, mais antes ía comer un gorentoso xantar francés.* (v. 519-524) *Embaixo* porque a Île de France se atopa ao sur da Normandía. E por se ficaba algunha dúbida, o xantar *francés* do raposo reafirma a ubicación distintiva<sup>8</sup>.

Hai nesta distinción territorial unha velada alusión á pugna entre os duques de Normandía, reis de Inglaterra, e os reis de Francia?

---

<sup>6</sup> Cohen (1967: 83-84)

<sup>7</sup> Lembremos que os duques de Normandía reinaban, tras a invasión, en Inglaterra, onde o anglonormando era a lingua da corte, e que a literatura normanda tiña unha gran solidez. Os duques de Normandía chegan a dominar practicamente toda a fachada occidental do Hexágono e a loita polo territorio dará lugar a un longo enfrontamento bélico: a Guerra dos Cen Anos, que implicará unha boa parte de Europa.

<sup>8</sup> Tamén na derradeira aventura desta nosa escolma *-A morte de Renarte-* a viaxe entre a corte de Nobre e o castelo de Renarte é descrita como longa.

### Antecedentes e continuación de Renarte

Parece que dende tempo inmemorial a Humanidade adxudicou a determinados animais atributos e caracteres derivados do xeito de estes actuaren. É así que ao lobo se lle apón a forza e o apetito voraz, ao oso a atracción polo mel e a larpeirada, ao coello o medo e a covardía, ao galo a fachenda e a proa, etc. E ao raposo, o enxeño e o engano. Cantas veces temos sentido contar á xente do campo galego algunha aventura do golpe como aquela vez que o atoparon dentro do curral das pitas, estarricado e morto, e que tan axiña como a muller abriu o portelo e se afastou, o raposo se ergueu e saíu liscando impune! Sen dúbida, estas historias tradicionais transmitidas na comunidade, onde os animais falan e actúan como seres humanos, forman parte da memoria universal e traspasan latitudes e fronteiras. Nelas bebeu o *Roman de Renart* quer en forma de conto popular, de apólogo ou de fábula anónimos. Moitas aparecerán en Esopo, en Fedro, no Pañcatantra, ou en Marie de France ata La Fontaine.

Mais á beira da tradición oral, culta ou popular, o *Roman de Renart* nútrese -e de xeito importante- dunha literatura medieval escrita que conta en latín as aventuras do raposo e do lobo e, subsidiariamente, doutros animais. Son, por exemplo, o *Ecbasis Captivi* (s. X-XI), o *Gallus et Vulpes* (s. XI) ou a *Disciplina clericalis* (s. XII). Mais a maior influencia correspóndelle ao *Ysengrimus* -escrito polo flamenco Nivardo a mediados do século XII- que pon en escena os enfrontamentos entre o raposo Reinardus e o lobo Ysengrimus, con outros animais que ás veces aparecen baixo nomes latinos posteriormente trasladados a romance. Tanto dende o punto de vista narrativo, con aventuras que aparecerán no *Roman*, como dende o punto de vista estilístico, as semellanzas entre os dous relatos son evidentes.

Dende cedo, a popularidade de Renarte se espalla e xa en 1180 o alsacián Heinrich der Glichesaere escribe unha adaptación en alto-alemán, o *Reinhart Fuchs*. Do século XIII datan o anónimo franco-veneciano *Rainardo e Lesengrino*, o flamenco *Van den vos Reinaerde* -obra dun chamado Willem- e o inglés tamén anónimo *Of the Vox and of the Wolf*, todos eles fieis ao relato do *Roman*.

Concluída xa a elaboración colectiva deste, Renarte vai continuar inspirando autores e obras, mais xa non habrá senón unha pintura negra do raposo, utilizando as súas novas falcatrúas para alegorías ou sátiras sen piedade destinadas a atacar con violencia poderes relixiosos ou poderes fácticos do mundo. Nesa liña están *Renarte o Revirado*, de Rutebeuf, *Renarte o Novo*, de Jacquemart Gielée e mais o anónimo *O coroamento de Renarte* -todas elas da segunda metade do século XIII- e *Renarte o Contrafeito*, escrita polo cura de Troyes no século XIV.

### As edicións do Roman de Renart

Como sinala Dufournet<sup>9</sup> non existe un senón diversos *Roman de Renart*, varias coleccións, distintas antoloxías de historias, de “pólas” de Renarte conservadas en diferentes manuscritos nos que cada un presenta o seu *Roman de Renart*. Dun manuscrito a outro os relatos non son sempre os mesmos nin coinciden exactamente texto nin ordenación. Consérvanse 14 manuscritos máis ou menos completos e 19 incompletos.

Igual que tantas outras obras medievais, o *Roman de Renart* foi “redescuberto” no século XIX. A primeira edición, a de Dominique-Martin Méon, publicou en 1826 un total de 36 aventuras tiradas de diferentes manuscritos. Ernest Martin deu á luz entre 1882 e 1887

---

<sup>9</sup> VV.AA. (2013: 84-87).

unha edición completa que estableceu as bases para a investigación científica e dominou os estudos posteriores sentando aínda cátedra na actualidade. Mario Roques publicou, xa no século XX (1948-1999), unha rigurosa edición baseada no chamado manuscrito de Cange. Tamén de finais do século XX son as edicións Fukumoto/Harano/Suzuki (1983-85) e a publicada baixo a dirección de Armand Strubel en 1998. No século XXI apareceron as edicións de Aurélie Barre (2011) e mais a dirixida por Jean Dufournet (2013 e 2015) que é a que nós seguimos aquí.

As restantes edicións do *Roman* adoitan ser escolmas. As máis fiabeis entre elas ofrecen en paralelo o texto orixinal e a súa tradución en francés actual. Temos así, entre as recentes, publicadas en coleccións de longo espallamento, as de Combarieu du Grès e Subrenat, a de Dufournet e Méline ou a de Fukumoto, Harano e Suzuki. En canto a adaptacións, a de Albert-Marie Schmidt resulta dunha grande fidelidade cara ao texto orixinal e ao seu espírito recreándoo con acerto.

Debemos dicir dúas palabriñas a propósito doutra adaptación: Alexis Paulin Paris (1800-1881) foi un historiador da literatura francesa que legou importantes estudos, maiormente referidos á literatura medieval. Entre eles, traballos sobre o *Roman de Renart*. No decurso destes últimos –e movido por unha neta pequena- pensou en facer unha edición das aventuras do raposo adaptada para a infancia. Así apareceron en 1861 *Les aventures de Maître Renart et d'Ysengrin son compère mises en nouveau langage, racontées dans un nouvel ordre et suivies de nouvelles recherches sur le Roman de Renart*. A edición coñeceu un grande éxito dende o seu momento ata hoxe, sendo reeditada en numerosas ocasións. O que acontece é que se trata dunha adaptación moi particular pois modifica substancialmente o orixinal: de primeiras, poda todos aqueles aspectos (sexuais, escatolóxicos, crueis, etc.) que para un adulto de mediados do século XIX deberían serlle evitados a un lector infantil. Naturalmente, o que pode ser comprensíbel nunha publicación destinada á infancia ou nunha edición escolar xa non o é cando vai destinada a lectores adultos. Mais -por riba desta cuestión- Paulin Paris procedeu a unha profunda mudanza que resulta deformante do estilo narrativo do texto. Por iso é de difícil comprensión -alén da escolla dos sucesivos editores- que un organismo da solvencia da Bibliothèque Nationale de France editase recentemente unha escolma do *Roman de Renart*, en fermosa edición, tomando a adaptación de Paulin Paris e véndose obrigada a facer sobre ela unha nova adaptación e corrección.

### Conto de animais, conto infantil

O que subxace no exemplo da edición de Paulin Paris é a concepción que considera o conto folclórico -máxime o conto de animais- como conto infantil. Naturalmente, é unha minusvaloración da literatura infantil e mesmo da personalidade dos meniños e meniñas. Afortunadamente, esta mentalidade vai desaparecendo e ese xénero literario -pois literatura é- vai recibindo o rango que merece.

Sen dúbida ningunha -como xa dixemos enriba- o *Roman de Renart* bebe na tradición da personificación dos animais, sexa esta milenaria ou recente, culta ou popular, de transmisión oral ou escrita. O conto popular, conto folkórico ou tradicional, foi confeccionado por autores que non por menos coñecidos deixaron de existir. O que acontece é que -dado o seu método de transmisión- impón determinadas características como a intervención constante dos transmisores que modifican arreo o relato que no escrito permanece sen grandes alteracións. De aí tamén que para a comunidade o conto popular sexa un patrimonio colectivo. Mais o certo é que alguén estivo na súa orixe, e

moitas veces ese conto popular oral ten un inicio escrito e culto. Marie-Louise Ténèze<sup>10</sup> cita o exemplo do conto folklórico francés *Le lion, le loup et le renard* -motivo presente na aventura *Renarte médico* do *Roman*- como caso de transposición da coñecida fábula literaria de Esopo.

Non sempre os compiladores de contos populares, ao transcribilos ou reescribilos, respectaron o orixinal coa fidelidade debida. Tal é o caso, por exemplo, de Charles Perrault, que a finais do século XVII publicou unha serie de contos tradicionais franceses (*A bela dormente do bosque*, *Carapuchiña Vermella*, *Barba Azul*, *Polgariño*, *O gato con botas*, *Cincenta*, etc.) modificados por el non só canto ao estilo senón mesmo nos contidos, suprimindo o que podía chocar co pudor e a verosimilitude. Omitiu así motivos escatolóxicos, sexuais, canibalescos ou fantásticos presentes nas versións populares. A gran difusión dos contos escritos por Perrault conseguiu a posteriori que a tradición popular recollese moitas das modificacións por el introducidas. Esta práctica, coa superposición das versións modificadas (escritas por persoa literariamente prestixiada, o que lles confire un carácter culto e serio) representa unha ameaza para a propia supervivencia do relato primitivo<sup>11</sup>. Afortunadamente, o importante traballo da investigación etnográfica consegue as máis das veces salvar do menosprezo, do esquecemento e da deturpación esta riqueza patrimonial.

Os contos de animais, e nomeadamente as aventuras de Renarte, son contos feitos por e para adultos. Nin polas situacións evocadas, nin polas expresións utilizadas, nin pola súa carga e a súa comprensión, resultan axeitados para unha idade nova de máis.

### Renarte en Galiza

Son dúas as mencións que se fan á Galiza no *Roman*. As dúas á peregrinaxe a Compostela: 1)-*Pídovos licenza, meu benquerido tío, para lle ir rogar a Santiago: hei peregrinar pola terra.*(*O roubo do xamón*, vv. 273-276) e 2) -*Polo santo que se vai venerar a Galiza.* (*A morte de Renarte*, v. 1431).

Habería tamén, segundo Dufournet, unha alusión velada no verso 63 do *Renarte e Grisengrín* da póla XI (*Renarte emperador*). O texto di *Entre Renarte e Grisengrín...* e Dufournet asegura en nota<sup>12</sup> que este padrón literario pode asociarse ao *Entre Rembalt e Hamon de Galice / Les guieront tut par chevalerie*, da *Chanson de Roland* (v. 3073-3074).

Procedan ou non do *Roman*, a nosa literatura popular conserva evidentes pegadas das falcatrúas e loitas de Renart e Ysengrin. Nós remarcamos puntualmente algunhas desas coincidencias en notas a rodapé do texto traducido<sup>13</sup>.

Tamén nos parece significativo que a lingua galega teña incorporado ao seu léxico o substantivo e adxectivo *renarte* ‘persoa que obra con malicia e astucia.’

### A nosa escolma

Fóra as escasas edicións destinadas a especialistas, resulta obrigado presentar o *Roman de Renart* nunha escolma das súas aventuras. Ten que ser así á vista do volume total (uns cen mil versos), da evitación de repeticións e mais da peneira por criterios - forzosamente subxectivos- de interese e calidade. Nós escollemos nas pólas que aparecen

---

<sup>10</sup> Ténèze (1976:64)

<sup>11</sup> Simonsen (1986:3)

<sup>12</sup> VV.AA. (2015:379)

<sup>13</sup> As persoas interesadas en afondaren no tema poden atopar útil información nos traballos recompilatorios do conto popular galego de Noia Campos sinalados na bibliografía.

na edición dirixida por Dufournet (Champion, 2013 e 2015), baseada no manuscrito Cange, engadindo unha derradeira aventura, a da *Morte de Renarte*, que traducimos a partir da edición de Martin (1885), e da tradución e comentarios de Gabriel Biancotto ao texto establecido por Fukumoto, Harano e Suzuki. Incorporamos esta póla (algo longa e repetitiva) pola súa orixinalidade, subliñada xa por Dufournet. Efectivamente, tanto pola súa estrutura que multiplica as aventuras e reitera motivos e protagonistas da mesma acción, como pola extremada parodia do ritual relixioso, polo elevado despregue da sexualidade ou pola aparente aceptación da morte de Renarte (que podemos supor provisoria como as anteriores “mortes”) pareceunos un final axeitado. Porque -malia as puntuais contradicións nese reordenamento da vida de Renarte- téntase na nosa escolma dar un continuum ao ensarillamento de aventuras. *La mort Renart* está ben lonxe das primeiras anécdotas do raposo, as máis delas simpáticos trazos de pincel adoviados con algún ferrete, e conforma un fresco pictórico íntegro e mordaz que parodia duramente a alta xerarquía feudal do seu tempo.

| TÍTULO                         | AUTOR                   | ANO DE COMPOSICIÓN |
|--------------------------------|-------------------------|--------------------|
| Os xamóns do tío               | Anónimo                 | 1205-1250*         |
| Renarte e Cantareiro           | Pierre de Saint-Cloud   | 1185*              |
| Renarte e a ferreiriña         | Pierre de Saint-Cloud   | 1185*              |
| Renarte e Rabuñas              | Pierre de Saint-Cloud   | 1185*              |
| Renarte e Teceliño             | Pierre de Saint-Cloud   | 1185*              |
| O roubo das anguías            | Anónimo                 | 1186-1187*         |
| Grisengrín frade               | Anónimo                 | 1186-1187*         |
| A pesca co rabo                | Anónimo                 | 1186-1187*         |
| Renarte, Rabuñas e a androlla  | Pierre de Saint-Cloud   | 1186-1187*         |
| A partición das presas         | Pierre de Saint-Cloud ? | 1200-1205*         |
| Grisengrín e os dous carneiros | Anónimo                 | 1205-1250*         |
| Grisengrín e o crego Martiño   | Anónimo                 | 1205-1250*         |
| Grisengrín e a besta           | Anónimo                 | 1205-1250*         |
| Renarte e Hersenda             | Pierre de Saint-Cloud   | 1185*              |
| Renarte, Roñón e Trucante      | Anónimo                 | 1187-1189*         |
| Renarte médico                 | Anónimo                 | 1187-1189*         |
| O roubo do xamón               | Anónimo                 | 1186-1187*         |
| Renarte e Grisengrín no pozo   | Anónimo                 | 1186-1187*         |
| O xuízo de Renarte             | Anónimo                 | 1187-1189*         |
| O cerco de Malburaco           | Anónimo                 | 1194-1195*         |
| A morte de Renarte             | Anónimo                 | 1205**             |

\* Segundo a cronoloxía establecida por François Zufferey (VV.AA 2013:19).

\*\* Cronoloxía establecida por Dufournet (VV.AA. 1985:499)

### A nosa tradución

A nosa tradución fíxose a partir do texto medieval fornecido polos especialistas citados no apartado anterior. Naturalmente, para a elucidación do orixinal tívose en conta a súa versión en francés actual, que foi de moita axuda. Como é lóxico, seguimos practicamente sempre as súas interpretacións e só en puntos concretos moi menores podemos discrepar. Por exemplo, na tradución dos versos 1787-88 de *O cerco de Malburaco*

o texto orixinal di *Si a ceanz maintes gelines / et maintes bestes hermelines* e Dufournet (2013) traduce *Nous avons ici beaucoup de poules, beaucoup de bétail*. A nós pareceunos preferíbel considerar unha variante do orixinal que a propia edición Dufournet cita: *Si a ceanz maintes gelines bien s'est proventé Hermeline*. Por iso a nosa tradución é: *Aquí dentro ten Hermelina moitos animais e pitas*.

Tamén -como é doado de entender- discrepamos da tradución da edición Dufournet (2013 e 2015) ao facer equivaler a palabra *romanz* do texto orixinal a *francés* cando o *Roman* escribe orixinalmente: 1) *...que un mensaxeiro que falase mellor – e que falase romance e latín- partise sen demora pola mañá*. (*Renarte, Roñón e Trucante*, versos 1029-1032). E 2) *E aceptou todo canto quixo Teixo, quen despois o bicou e absolveu, metade en romance metade en latín*. (*Xuízo*, versos 1123-1125). Aínda que Marie-Thérèse de Sequeiros<sup>14</sup> -e o propio Dufournet noutras edicións- traduza os orixinais *romanz et latin /moitié en romanz moitié en latin* como *francés e latín /metade en francés e metade en latín*, consideramos abusiva esta tradución se non vai acompañada dunha explicación que aclare o alcance dos termos *romance* e *francés* conforme o que temos sinalado enriba. En efecto, *romanz* refírese aos falares derivados do latín que se xeraron na lenta transformación desta lingua en toda a Romania -no noso caso aos distintos falares da lingua de oïl- e non en exclusiva ao franciano ou ao francés. O substantivo aparece como denominación da fala popular tamén noutras áreas linguísticas románicas, tal a famosa declaración de Berceo reivindicando o seu emprego do “*román* paladino”. Procede, daquela, conservar o *romance* do orixinal.

Intentamos transportar ao galego toda a vizosidade da lingua dos autores trasladando o verso octosílabo do orixinal á liberdade da prosa. E ao mesmo tempo, conservar sen exceso determinadas características sintácticas que algunhas veces poden explicarse -aínda que non sempre- polas pexas e limitacións da métrica. Así unificamos ou reducimos algo a mestura de tempos verbais na narración e mais a dos pronomes persoais de igualdade/proximidade (ti) e de respecto/afastamento (vós).

No orixinal, o emprego de xerarquías feudais e títulos de nobreza non corresponde a un uso estrito e permanente -como é normal ante a diversidade e a falta de conexión entre os autores- polo que nós facemos un emprego bastante laxo.

Canto aos nomes propios xeográficos traducimos ou adaptamos os creados para estas aventuras con finalidade expresiva -por exemplo os orixinais Maupertuis e Malbuisson traducidos como Malburaco e Maltoxo. Mantemos, pola contra a grafía actual -ou a forma autorizada en galego- no caso de topónimos existentes como Théroutanne, Arrás ou Orleáns.

Medio cento son os animais que aparecen individualizados no *Roman de Renart* -uns como protagonistas principais e outros secundarios- e na súa maior parte teñen nomes creados expresamente para eles e que denotan unha característica propia ou atribuída, mesmo cun uso irónico. Forman un tecido ben variopinto que non debe perderse na tradución, polo que optamos por lles buscar equivalente na nosa lingua. Só nalgúns casos mantemos o orixinal, como nas dúas protagonistas femininas Hermelina e Hersenda -antropónimos de orixe xermánica- ao non detectarse neles ningunha carga significativa. Pola contra, dámoslle un alcume evocador a aqueles escasos nomes que son simples antropónimos como os igualmente de orixe xermánica rematados en -ert (Tibert, Grimbert,

---

<sup>14</sup> Que é quen asina nesa edición a tradución das aventuras *Renarte, Roñón e Trucante*, *O xuízo de Renarte* e *O cerco de Malburaco*.

Hubert... ou -art (Bernart, Rohart...). Canto aos dous personaxes centrais, o raposo e o lobo, facemos unha adaptación que conserva o eco da tradición literaria dándolle ao golpe o derivado galego *renarte* e evocando no lobo a cor gris en rima con outro animal ben presente na Nosa Terra: o xabarín.

Debemos sinalar unha modificación que fixemos nun animal que aparece no Roman: no orixinal un personaxe chamado Couart (Covarde) é unha lebre, que en francés é designado cun substantivo masculino: *le/un lièvre*. En principio parecería correcto usar en galego *a lebre*, en feminino e así puxemos inicialmente *a lebre Medoña*, mais despois consideramos que nun *Roman de Renart* declaradamente machista -como produto e retrato do tempo- o feito de que colocáramos unha muller como nobre da corte do rei falsearía as características do relato pois a muller só aparece practicamente como esposa ou subordinada. Maiormente cando o cabaleiro Couart ocupa na narración un lugar de relativa importancia. Isto levounos a substituír a lebre por outro animal da mesma familia, o coello, que tanto en francés como en galego é masculino e ten atribuído o mesmo comportamento de medo e covardía. Por iso o personaxe en galego é o coello Medoño. E, coa mesma, nunha meteórica aparición, o *coello Saltariqueiro* transformárase na *lebre Saltaricas*.

A liberdade e diversidade da composición do *Roman de Renart*, cunha lingua francesa nos seus primeiros momentos e unha pluralidade de autores, fai preciso o emprego de todos os recursos léxicos e idiomáticos á nosa disposición. De aí a utilización de formas non amparadas pola normativa actual mais rexistradas polos dicionarios galegos de prestixio e autoridade. Igualmente, a utilización de trazos dialectais hoxe moi minoritarios mais moi vivos ata hai pouco e moi empregados no pasado polas nosas escritoras e escritores.

## BIBLIOGRAFÍA

Anónimo. (1925). O lobo sen rabo. *Nós*, 20.

Bahktine, Mikhaïl. (1970). *L'œuvre de François Rabelais et la culture populaire au Moyen Age et la Renaissance*. Gallimard.

Bellon, Roger. (2008). Renart empereur. *Cahiers de recherches médiévales*, 15, 3-17. <https://doi.org/10.4000/crm.5523>.

Bianciotto, Gabriel. (2005). Le lièvre et le pelletier. *Études de langue et littérature françaises de l'Université de Hiroshima*, 24, 29-46. <https://doi.org/10.15027/19733>.

Carré Alvarellós, Lois. (1968). *Contos populares da Galiza*. Museu de Etnografía e História do Porto.

Champfleury, Jules. (1875). *Histoire de la caricature au Moyen Âge et la Renaissance*. Dentu.

Cohen, Marcel. (1967). *Histoire d'une langue : le français*. Éditions sociales.

Coudeyrette, Jean-Paul. (2022). *Fêtes des fous, des sots, des innocents, de l'âne, des sous-diacres, des cornards, etc.* Compilhistoire. <https://compilhistoire.pagesperso-orange.fr/fetefous.html>.

Coinci, Gautier de. (1858). *Les miracles de la Sainte Vierge*. Parmentier.

Coinci, Gautier de. (1990). *La vie de Sainte Cristine*. (Olivier Collet, Ed.). Droz.

Chrisagde. (2004). Paix générale de Soissons (10 juin 1155). À la découverte de l'Histoire de France. <http://chrisagde.free.fr/capetiens/l7paixsoissons.htm>.

Devard, Jérôme. (2017). La paix au détriment de la vérité : la leçon des arcanes procéduraux du Roman de Renart. *Cahiers de recherches médiévales et humanistes*, 34, 173-193. <https://doi.org/10.4000/crm.14529>.

Dufournet, Jean. (1979). Littérature oralisante et subversion : la branche 18 du roman de Renart ou le partage des proies. *Cahiers de civilisation médiévale*, 22/88, 321-335. <https://doi.org/10.3406/ccmed.1979.2119>.

Dufournet, Jean. (2007). *Le Roman de Renart, entre réécriture et innovation*. Paradigme.

Esopo. (1997). *Fábulas*. (Teresa Barro, Trad.). Laiovento.

Figueroa, Antonio. (1982). *El Roman de Renart, documento crítico de la sociedad medieval*. Universidade de Santiago de Compostela.

Foulet, Lucien. (1913). Le poème de Richeut et le Roman de Renard. *Romania*, 167, 321-330. <https://doi.org/10.3406/roma.1913.4749>.

Godefroy, Frédéric (1881). Dictionnaire de l'ancienne langue française. <https://archive.org/details/dictionnaire dela01godeuoft/mode/2up?view=theater>

Greimas, A.-J. (1980). Dictionnaire de l'ancien français. Larousse.

Hélix, Laurence. (2008). Le goupil en liberté : la jubilation du désordre dans le Roman de Renart. *L'information littéraire*, 60, 9-15. <https://doi.org/10.3917/inli.602.0009>.

Jodra, Serge. (2008). La fête de l'âne. *Imago Mundi* [https://www.cosmovisions.com/\\$ane.htm](https://www.cosmovisions.com/$ane.htm)

Kawa-Topor, Xavier. (1993). L'image du roi dans le Roman de Renart. *Cahiers de civilisation médiévale*, 143, 263-280. <https://doi.org/10.3406/ccmed.1993.2564>.

Krier, Fernande. (2011) Les noms d'animaux et de lieux dans l'épopée satirique *Renart*: réflexions sur la poétonomastique luxembourgeoise. *Nouvelle revue d'onomastique* 53, 253-272.

Librová, Bodhana. (2010). L'emploi du présent de narration dans le Roman de Renart. *Études romanes de Brno*, 31/1, 81-95. <https://digilib.phil.muni.cz/handle/11222.digilib/114918>.

Mathon, Georges. (2005). La fête des fous : abolition de la fête des fous à Nîmes. *Nemausensis*. <http://www.nemausensis.com/Nimes/NimFous.htm>.

Noia Campos, Camiño. (2002). *Contos galegos de tradición oral*. Libros da brétema,

Noia Campos, Camiño. (2010). *Catálogo tipolóxico do conto galego de tradición oral. clasificación, antoloxía e bibliografía*. Servizo de publicacións da Universidade de Vigo.

Noia Campos, Camiño. (2021). *Catalogue of galician folktales*. Kalevala society.

Paris, A. Paulin. (1861). *Les aventures de maître Renart et d'Ysengrin son compère mises en nouvel langage, racontées dans un nouvel ordre et suivies de nouvelles recherches sur le Roman de Renart*. Techener.

Pastoureau, Michel (2014). *Une histoire symbolique de Moyen Âge occidental*. Seuil.

Prieto, Laureano. (1948). Cuentos de animales : La Gudiña e Orense. *Revista de dialectología y tradiciones populares*, vol. IV, 123-148.

Prieto, Laureano. (1958). *Contos vianeses*. Galaxia.

Simonsen, Michèle. (1986). *Le conte populaire français*. Presses Universitaires de France.

Strubel, Armand. (2001). Éditer Renart. *L'information littéraire*, 53, 32-38. <https://doi.org/10.3917/inli.532.0032>

Tenèze, Marie-Louise. (1976). *Le conte populaire français* III. Maisonneuve et Larose.

Van Dievoet, Guido. (1975). Le Roman de Renart et Van den Vos, Reynaerde, témoins fidèles de la procédure pénale aux XII<sup>e</sup> et XIII<sup>e</sup> siècles. En Rombauts, Edward (Ed.). *Aspects of the Medieval Animal Epic*, 43-66.

VV.AA. (1882). *Le Roman de Renart* vol. I. (Ernest Martin, Ed.). Trübner/Leroux.

VV.AA. (1885). *Le Roman de Renart* vol. II. (Ernest Martin, Ed.). Trübner/Leroux.

VV.AA. (1887). *Le Roman de Renart* vol. III. (Ernest Martin, Ed.). Trübner/Leroux.

VV.AA. (1963). *Le Roman de Renart*. Albert-Marie Schmidt, Ed.) Albin Michel

VV.AA. (1963b). *Contos populares da provincia de Lugo*. Galaxia.

VV.AA. (1970). *Le Roman de Renart* I, II, III, IV, V, VIII, X, XV (Jean Dufournet, Ed.) Flammarion.

VV.AA. (1985). *Le Roman de Renart* vol. I (Jean Dufournet, Ed.) Flammarion.

- VV.AA. (1985 b). *Le Roman de Renart* vol. II (Jean Dufournet, Ed.) Flammarion.
- VV.AA. (1998). *Le Roman de Renart* (Armand Strubel, Ed.). La Pléiade.
- VV.AA. (2005). *Le Roman de Renart* (Gabriel Biancotto, Trad.). Hachette.
- VV.AA. (2013). *Le Roman de Renart* vol. I (Jean Dufournet, Ed.). Honoré Champion.
- VV.AA. (2015). *Le Roman de Renart* vol. II (Jean Dufournet, Ed.). Honoré Champion.
- VV.AA. (2015b). *Le Roman de Renart* (Delphine Mercuzot, Ed.). Bibliothèque Nationale de France.
- VV.AA. (2020). *Le Roman de Renart* (Michel Corne, Ed.). <https://roman-de-renart.blogspot.com/>
- Zufferey, François. (2011). Genèse et tradition du Roman de Renart. *Revue de linguistique romane*, 297/298, 127-190.
- Zufferey, François. (2012). Pierre de Saint-Cloud, trouvère normand. *Romania*, 517/518, 1-39.
- As persoas interesadas en ampliar bibliografía poden consultar a exhaustiva relación que figura na web no portal arlima (Archives de Littérature du Moyen Âge): [https://www.arlima.net/qt/renart\\_roman\\_de.html](https://www.arlima.net/qt/renart_roman_de.html)

## OS XAMÓNS DO TÍO<sup>15</sup>

---

<sup>15</sup> Este episodio adoita ir unido ao chamado *Do nacemento/infancia de Renarte*, que -escrito serodiamante- foi introducido a xeito de limiar nos manuscritos. Na nosa escolma nós conservamos esta aventura da mocidade

Un día chegou Renarte todo enfermo e cheo de apostemas cabo do seu tío.

-Que foi, benquerido sobriño? Que tes? Véxote moi atrapallado.

E Renarte respondeulle:

-Estou enfermo.

-Veña, ho! E comiches, hoxe?

-Nadiña, tío, non teño gana ningunha.

-Vamos, dona Hersenda, ergueivos e faceille no espeto un par de riles e unha paxarela<sup>16</sup>.

Renarte calou, todo afociñado, pois pensara que lle ía ofrecer xamón. Ergueu a testa un pouquiño e viu pendurados da trabe tres xamóns. Sorríndolles a estes, faloulles así:

-Moi tolo é quen vos puxo aí! Ah, meu benquerido tío Grisengrín, haivos veciños tan ruíns que, en vendo os xamóns, poden querer levar a súa parte! Baixáinos de aí enriba decontadiño e dicí que volos roubaron.

Respondeulle Grisengrín:

-Polo feito de saberen que os eu teño non os van catar, ho!

Daquela Renarte botouse a rir:

-Non vos poderiades negar, se eles vos rogan.

E Grisengrín:

-Deixa estar! Non teño irmán nin sobriño ou sobriña a quen lle eu dese un anaco<sup>17</sup>.

O lobo dicíao por el e a súa muller, seu pai e súa nai.

Non pasou moito tempo cando Renarte volveu pola calada á casa de Grisengrín namentres el estaba a durmir. Fixo un buraco no cumial por riba da trabe e tanto espeliu que tirou fóra os tres xamóns. Levounos para a súa casa, partiunos en anacos e meteunos entre a palla do seu leito.

Pola mañá Grisengrín ergueuse e viu que lle furaran o tellado e lle levaran os tres xamóns.

-Ai, dona Hersenda! -di- Cagaron por nós ben cagado!

Ela salta da cama como unha tola, núa e espenuxada.

-Deus me asista! -di - Quen puido facelo? Foi un gran dano e perda.

Non saben de quen sospeitar, polo que roen entre os dous.

Despois de xantar, Renarte foise todo ledado espaxarse un pouquiño á casa deles. E atopa o seu tío todo doente:

-Meu tío, que foi? -dille-Véxovos moi caviloso e enrabiado.

-Meu benquerido fillo, teño motivo abondo, -responde el- Desaparecéronme os tres xamóns, por iso teño o corazón encarraxado.

-Meu tío, -ponse Renarte- facedes ben en dicir iso. Se espallades pola rúa que vos desapareceu a carne xa máis nunca vos han vir rogar parentes nin amigos ou amigas.

-Benquerido sobriño, -dille Grisengrín- cóntoche a verdade, desaparecéronme, mal que me pese.

---

de Renarte, de carácter e tono ben diferente ao do devandito limiar que suprimimos de acordo co criterio de Lucien Foulet (Foulet, 1913)

<sup>16</sup> Bazo dun animal, maiormente do porco.

<sup>17</sup> A relación tío/sobriño de Grisengrín e Renarte non é por nacemento, de familia, senón afectiva, social.

Renarte respóndelle:

-Nunca tal ouvín! Hai quen moito laia sen ter mal ningún. Ben sei que os puxestes a salvo de parentes e amigos.

-Veña, ho! -di Grisengrín- Estás de chós? Pola alma de teu pai: non cres o que che eu digo?

-Si, ho, falái canto queirades! -responde Renarte.

-Renarte -ponse dona Hersenda- coido que estades fóra de siso. Se non desaparecesen, nunca nós lle teríamos negado deles a ninguén.

-Miña señora -dille el- ben sei que coñeces moitas artes e trécolas. E mais fixéstesvos dano, porque derramastes o tellado da casa. E dicides que turraron deles por aí.

-Vállame Deus, Renarte, así fixeron.

Responde Renarte:

-É o que tedes que dicir.

-Renarte, non teño gana de rir, dóeme moito que desapareceran: é unha perda moi grande a que tivemos.

Coa mesma, Renarte vaise contento e eles quedan a laiar.

Foivos na mocidade de Renarte.

Logo diso aprendeu tanto engano e artimaña que dende aquela causou moito padecemento ao seu tío e mais aos outros.

## RENARTE E CANTAREIRO

Renarte, que tan cheo de más artes está e tantas trampulladas sabe, foise un día osmar de arredor dun vilariño no medio do monte. Nel había moitas pitas e galos, parrulos e patos, gansos e lavancos.

O señor Constante da Braña, un aldeán moi rico, vivía cabo do quinteiro. Na súa casa tiña unha chea de galiñas e capóns, e a súa despensa era farturenta. Había de todo, carne salgada, xamóns e lardo abondo, e estaba ben abastado de canto cumpría. Unha morea de maceiras e pereiras rodeaban o valado e algo máis alá estaban os cortizos do mel. Era un eido totalmente choído, pechado con esteos de carballo grosos e afiados ben chantados e cubertos de estripos. Aí dentro, como nunha fortaleza, metera don Constante as súas pitas.

Renarte vai por alá, moi caladiño, coa testa a rente do chan, entre o valo e o cerramento. Moito el procurou, mais as espiñas son un gran atranco para o seu propósito, de xeito que non sabe o que facer, nin onde se agachar ou se engruñar, nin como chegar ás galiñas. Encrequénase no medio do vieiro, rebulindo e virando a cabeza para un lado e outro. Dise para el que se é que chouta e cae dende un pouco arriba as pitas vano ver, hanse acochar na espiñeira e poderían pillar antes de el se apoderar delas. Moito teme que sexa así. Quere atraer as galiñas que peteiran alá diante, polo que camiña pegadiño ao chan, e na revolta da encanizada ve un pau rompido e vai alá. O aldeán desencraváralo para plantar repolos. Renarte achégase, pasa para a outra banda e chímpase nun pulo para que a xente non o vexa. Mais as galiñas, que ben o viron, pillan medo e póñense tolas.

O señor Cantareiro, o galo, que estaba nun sendeiro á beira do monte a se emborcallar na terra, volveu para atrás entre dous esteos. Todo fachendoso, acaneando as plumas das patas e erguendo o pescozo, pregúntalles por que fuxían para a casa. Pinta -a máis sabida, a poñedora dos ovos máis grandes e que no poleiro sentaba á dereita do galo- respóndelle contando o motivo. Dille:

-Collemos medo.

-E de que? Seica vistes algo?

-Vimos.

-O que?

-Un animal salvaxe que podería facernos dano se non liscamos do eido.

- Non é nada, asegúrovolo -dille o galo- Non teñades medo, estái tranquilas.

-A fe que o vin, douvos a miña palabra, vino de certo.

-E que vistes, daquela?

-O que vin? Vin a sebe abanear e brandear os repolos, onde se meteu o que se achantou e ía lanzarse a nos comer.

-Cala, parva -respóndelle o galo- Nunca Renarte vai ousar entrar aquí dentro, nin se agachar nin andar polo medio. O noso encanizado non é tan vello como para que Renarte o dea rompido. Estadades ao abeiro, prométovolo que -pola fe que vos debo- non coñezo tourón nin golpe que se atreva a entrar no quinteiro. Enganástesvos, dáí volta atrás.

Entón deixa o seu baño de terra.

Con todo, non está moi tranquilo e vai ollando para todos os lados, por moi emproado que camiñe. Non sabe o que ten enriba! Podería temer algo, mais o eido está tan ben pechado! Non temeu nada, fixo coma os tolos!

Cun ollo aberto e o outro fechado, unha pata arregazada e a outra tesa, empolicouse ao carón dun tellado. Alí, canso de cantar e de velar, comezou a se adurmiñar. E, deixándose levar polo engado que sentía, comezou a soñar.

E soñou -non me teñades por mentireiro, pois é certo, podédelo atopar na historia- que algo entraba no medio do poleiro e que estaba a rente da súa faciana. Tanto lle pareceu, que se puxo a tremer como unha vara verde. Aquilo tiña unha pelica roxa cos cantos feitos de oso e con ela cubría pola forza o corpo do galo. Moito lle preocupou a Cantareiro ese soño namentres durmía, e admirábase de que lle metesen a pelica do revés, co de riba para abaixo. Era moi estreito o colariño ese, e estábao afogando, tanto que co medo acordou. O máis asombroso era que pola parte da barriga era branca, e que ao poñerlla ao contrario quedáballe a cabeza no cu e o rabo na testa.

O soño abálao todo, pois coida estar en perigo. A visión que tivo e que tanto medo lle meteu espertouno e volveulle o acordo, polo que dixo:

-Espírito santo, líbrame desta prisión e pon o meu corpo a salvo!

Entón regresa a escape, co paso inseguro, e sen parar vai correndo cabo das pitas que se acocharan so as espiñas. Chama por Pinta, na que moito confía, e fálalle á parte:

-Pinta, non vos vou agachar que estou preocupado e inquieto: teño moito medo de que me pille un paxaro ou un animal salvaxe que pode facerme moito mal.

-Ah, meu benquerido señor!-dille ela- Non deberíades dicir iso, facedes mal en vos amedoñar. Vide para acá que vos fale: por todos os santos do ceo, parecédesme un can que ouvea antes de lle caír a pedra enriba. Onde pasastes ese medo? Dícime o que foi.

-O que? -ponse o galo- Non sabedes o soño tan estraño que acabo de ter. No portelo deste eido tiven unha visión malísima que me puxo tan pálido como me vedes. Vouvos contar todiño sen vos mentir nada para que me aconselledes se podedes. No soño pareceume que viña xunta min un animal con pelica roxa, sen cortes nin puntadas, e que ma puña pola forza. As beiras da pelica eran brancas e estaban feitas de osos, era moi dura e tiña a pelaxe cara a fóra. Meteume a tal prenda co de riba para abaixo, mais pouco tempo botei así, porque a tirei decontado ao ver o rabo para arriba. Acordei entón e veño sen saber o que facer. Non vos asombredes, Pinta, se veño tremelicando; dicime o voso parecer. Moito me preocupa este soño; dicime, pola fe que me debedes, o que credes que significa.

Pinta, na que el confía, respóndelle:

-Contástesme o soño e se Deus quere non se ha cumprir. Porén vovos responder porque ben o sei interpretar. Aquela cousa que vistes ao soñar, que levaba pelica roxa e tanto vos desacougaba, éravos o golpe, sabédeo de certo. Ben o podedes ver na pelica roxa onde vos metía á forza; os cantos de oso eran os dentes cos que vos ha meter dentro, e o colariño cara a abaixo, tan estreito e afogante, era a gorxa do animal que vos ha esmagar a cabeza. Por alí habedes entrar, xa o veredes, e o rabo ha estar para arriba. Así ha ser -Deus me valla- e non vos ha salvar prata nin ouro. A pelaxe para fóra é porque en verdade el sempre leva a pel do revés, mesmo que chova a caldeiros. Velaí tedes o significado cabal do voso soño. Asegúrovos que antes do mediodía ha acontecer o que digo. Mais se me fixédes caso daríamos volta atrás, porque el está por aí achantado nesa matogueira para nos pillar a traizón, seino de certo.

Cando o galo ouviu a resposta que Pinta lle deu, díxolle:

-Pinta, estás toliña de a feito ao dicires que o animal está no eido e me vai sorprenden e pillar pola forza- Leve o demo quen o crea! Non me dixeches cousa que me convenza, non penso que ningún mal me vaia acontecer nin que o tal soño me traia desgraza.

-Señor, que Deus o queira! -di ela- Mais se non é como vos eu digo, tedes todo o meu permiso para deixar de ser vosa amiga.

-Queridiña, non hai caso. Este soño non é máis ca unha leria.

Con estas falas volve para o areeiro asollarse e rañarse un pouquiño outra vez, sen temer que o golpe apareza.

Mais Renarte, experto en enganar a xente, des que escoita a discusión, pega a testa ao chan e anícase, pousando a cabeza contra un croio e axexando para ver se as pitas acougan. Moi agudo e asisado estivo, e portentosamente avisado.

E cando ve que Cantareiro está adurmiñado achégase a el sen demora. O raposo, que a todos ataca e sabe tanta argallada vai camiñando pasiño a pasiño, sen correr, coa cabeza a rente do chan. Se o galo segue durmindo ata o momento no que o raposo o teña nos dentes, hase arrepentir ben!

Ao Renarte topar Cantareiro, bótalle coa mesma os dentes, mais coa excitación marra, e Cantareiro dá un chimpido de esguello ao ver o raposo, que el recoñece. E póusase riba dun montiño de estrume.

Cando Renarte viu que fallara, comprendeu que estaba nun atranco grande e comezou a matinar en como daría el enganado Cantareiro, pois se non espile alá vai o traballo todo.

-Don Cantareiro, -ponse Renarte- non fuxas, non teñas coidado. Estou moi contento de te ver en boa saúde, pois que ti ves sendo curmán meu.

O galo acougou un pouco e coa ledicia botou unha cocoricada. Daquela o raposo dixo:

-Meu benquerido curmán: lembrádesvos de Cantaroleiro, voso pai que vos xerou? Nunca un galo cantou coma el. Tan potente e clara voz tiña que se ouvía a unha legua. Por toda parte cantaba docemente, cos dous ollos pechados e a voz afinada. As súas cantarolas e retrousos sentíanse a unha legua.

E Cantareiro dixo:

-Vós querédesme atraer con engado, Renarte.

-De certo que non -respóndelle Renarte- Cantái e pechái os ollos. Somos da mesma carne e do mesmo sangue: quería mellor ter eu unha pata menos antes de que vós tivésedes dano ningún, pois somos parentes achegados.

-Non o creo, tiraivos un pouco de onda min e cántovos unha canción. Non ha haber no arredor curmán ningún que non sinta o meu son agudo.

A cousa fixo sorrir moito o golpe:

-Veña, logo, meu curmán! Así hei saber se Cantaroleiro, meu tío, era ben da vosa xinea.

Entón cantou Cantareiro unha frase cun ollo pechado e o outro aberto -pois tiña moito medo de Renarte- mirando a cada paso para alá.

-Non é nada! Cantaroleiro cantaba doutro xeito! Un canto longo cos ollos pechados! Sentíano moi ben en vinte currais!

Cantareiro cre que o raposo conta a verdade e dálle moito pulo á melodía, cos ollos pechados.

Non quixo Renarte agardar máis: chímpase dende un repolo vermello e píllao polo pescozo. E vai fuxindo todo ledado por ter collido unha presa.

A boa muller do casal abre a porta do poleiro e ve o golpe a correr polas súas verzas polo que se botou atrás del para recuperar o galo.

-Valeime! -berra con toda a súa forza.

Os aldeáns estaban a xogar á pelota<sup>18</sup> e cando sentiron a muller van todos cara a ela exclamando “O golpe! O golpe!”.

Cantareiro está en perigo se non atopa unha maña para escapar.

-Como é, señor Renarte? -di el- Seica non ouvides o que vos berran estes aldeáns? Constante venvos perseguindo. Botáille unha das que vós sabedes, ao cruzar esa porta! Cando el diga “Renarte pillou Cantareiro!” vós podédeslle dicir “ Mal que vos pese!” e así habédelo abaixar máis.

Non hai sabio que non faga unha tolería: Renarte, que todo engana, foi enganado á súa vez, pois berroulles:

-Mal que vos pese a vós!

O galo, que estaba todo amortuxado, cando sentiu despechar a boca, bateu as ás, tocou de esgueiras e foi voando para riba dunha maceira, en canto que Renarte estaba debaixo dunha pereira, amuado, tristento e caviloso porque o galo lle escapara.

Cantareiro botou unha risada:

-Renarte, que vos parece este mundo? Que pensades del?

O loubán treme e abanea dicíndolle con ruindade:

-Maldita a boca que esbardalla cando tiña que estar calada.

-É certo! -di o galo- A gota lle ataque os ollos a quen durme cando debería velar! Curmán Renarte, ninguén debe fiar en vós. O demo leve o voso parentesco! Hóubome facer moito mal! Raposo traidor, liscái de aí! Xa botastes tempo de máis e ides acabar perdendo o saio!

Renarte, que tanta labia ten, non dá dito cousa ningunha; vólvese decontado e non para no camiño. Está esfameado e sen azos. Vaise fuxindo pola bouza a rente dunha agra, por un sendeiro. Moi doente estivo e moito laiou, moi doído e caviloso, polo galo que lle escapou<sup>19</sup>.

## RENARTE E A FERREIRIÑA

---

<sup>18</sup> Un dos escasos momentos de lecer dos campesiños é este que cita a *soule*. Trátase dun antigo xogo de balón e considérase como antecedente do fútbol e do rugby. Dende a Idade Media foi moi practicado na Normandía. Picardía, Francia e Bretaña, e logo prohibido por consideralo violento e perigoso. Modernamente foi recuperado, como outros xogos e deportes tradicionais.

<sup>19</sup> Os contos populares galegos recollen de diversas formas a trécola empregada polo galo para facer que o raposo abra a boca. En *A zorra e o galo* e variantes (Prieto 1948:137) o galo propónlle a aquela que lle berre á ama *Dille que agora son teu e ben teu* ou vai dicindo *Xeiou! Xeiou!* ata que a raposa se farta e dille *Se xeiou, que xeiase!* ou reta á raposa a demostrar que sabe dicir *Tanta castaña! Tanta castaña!* ou -aínda- pídlle que o deixe comer uns grans antes de engulilo e ela abre a boca para aceptar.

Íase Renarte laiando do mal resultado das súas trampulladas cando viu unha ferreiriña. Estaba pousada enriba da póla dun carballo furado onde tiña os seus ovos ao abeiro. O golpe saudouna:

-Comadre, moito me alegro! Baixái e deámonos un bico!

-Calái, Renarte! -dixo ela- De certo que seriades meu compadre se non fósedes tan ladroeiro<sup>20</sup>. Mais tantas falcatrúas levades feito contra paxaros e animalíños que xa non sabemos o que pensar. Con que me vides, logo? Andastes tanto cos demos que ninguén vos cre xa.

-Miña señora, -responde o raposo- tan certo é que eu son padriño de bautizo do voso fillo como que nunca fixen nin mesmo intentei cousa que vos desgustase a vós. E sabedes por que non debo facelo? Vóuvolo dicir, en boa lei: o noso señor rei Nobre, o león, acaba de dar orde de que haxa paz en toda a súa terra (Deus queira que dure e se manteña moitos anos!) e fixo xurar aos seus baróns que a ían respectar. Moi leda está a xente do común, pois agora han acabar en todos os lugares as leas, as loitas e as guerras mortais. E os animais todos, grandes e pequenos, hanse levar ben, grazas a Deus.

A isto a ferreiriña responde:

-Por que vos burlades de min? Ide buscar preito con outro, que a min hoxe non me ides bicar. Por moito que faledes non haberá bico ningún.

Cando o raposo ve que a comadre non quere crer o compadre, ponse:

-Escoitái, señora, xa que tedes medo de min vou pechar os ollos ao vos dar o bico.

-Daquela si, a fe que o fago, pechainos logo! -di ela.

El pecha os ollos e a ferreira pilla unha presada de musgo e de follas sen intención de bicalo. E ponse a lle refregar o musgo polos fociños.

Cando o raposo pensa que a ferreiriña está no papo, non ten senón as follas no fociño.

A ferreira entón bérralle:

-Ei, Renarte, que paz é esa? Vós saltabádela se non me boto eu atrás. Seica o voso rei non a proclamou ben.

Renarte bota entón unha gargallada:

-Éravos de risa! Queríavos meter medo! Non importa, ímolo facer de volta. Vou pechar os ollos outra vez.

-Veña, logo, é xusto! -di ela.

El pecha con engano, como ben sabe, e a ferreira púsase rente da gorxa, mais sen entrar nela. O raposo bota os dentes, pensando que a pillou, mais marra:

-Renarte, que foi iso? Non parece que eu deba fiar en vós. Como había facelo? Se o fixera, a esta hora tíñame o demo.

-Ai, covardocha! -ponse o raposo- Fíxeno para te asustar, quería porte a proba. De certo que non houbo traizón nin maldade. Veña, logo, outra vez! Á terceira vai a boa! Miña comadre, por caridade e bondade divina, e por sermos ben levados, veña! Pola fe que me debedes e polo meu afillado que canta naquel tileiro, poñámonos de acordo! Perdón para este pecadento!

Mais a ferreiriña, que non é tola nin parva, non fai caso, sentada na póla do carballo mentres o raposo non se arrede.

---

<sup>20</sup> A ferreiriña non acepta a condición de comadre de Renarte. Por riba da esgrimida condición (real ou inventada) de padriño dun fillo dela, a ave fai constar o rexeitamento do raposo por compadre ao ser ladroeiro e enganador.

Namentres, aparecen os cazadores e os criados con cans que se lanzan atrás del. Cando Renarte viu aquilo ficou abraiado e dispúxose a fuxir. Un cazador que o viu berra achegándoselle:

-Velaí vai o golpe! Velaí o vai!

Renarte está en moito perigo e ergue o rabo por medo á que llo traben os mastíns. Soan cornos e trompetas. O raposo, de certo, bate coas patas no cu, tanto teme pola súa vida, e a ferreiriña bérralle:

-Renarte, seica romperon a orde? É esta a paz da que falabades? Para onde liscades? Volvéi!

O raposo, cauto e asisado bótalle unha mentira, dicíndolle mentres se afasta:

-Miña señora, a tregua está xurada, prometida e aceptada, e a paz reina do norte ao sur, mais se cadra aínda non é sabido en todo o país. Os que veñen aí son cadelos que aínda non fixeron a promesa de respectaren a paz establecida polos baróns, que seus pais xuraron. Eles eran aínda moi noviños para os convocaren o día no que seus pais e avós xuraron respectala.

-De certo que sodes ben ruín! Coidades que romperon a paz? Vide aquí e daime un bico!

- Agora non teño vagar – dixo o trampón de Renarte rispando ás alancadas<sup>21</sup>.

Renarte lisca sen dicir máis nada, tirando polos vieiros que atravesan o bosque.

Velaí daquela, á beira do camiño, un leigo<sup>22</sup> que tiña dous lebreis encadeados. O home que ía en cabeza dos perseguidores, ao ver os mastíns e despois o leigo, bérralle: “Ceiba os cans! Céibaos!” Renarte ouviuno e salaiou, e non é estraño que tomase medo, pois ben sabe que lle ha ir moi mal se é que o pillan. Teme deixar o coiro se non dá triunfado a maña sobre da forza, e perder o saio se a súa pibela non triunfa. O leigo estaba a enredar non lonxe del e Renarte -que non se move un paso e non se pode achantar nin choutar nin esgueirarse para parte ningunha -vírase cara a el. O frade que o albisca achégase todo enrabiado:

-Ei, larchán! Non vos ides salvar!

- Ai, señor!-ponse el- Non digades iso, por Deus! Vós sodes un home santo e un sabio eremita, non deberiades de ningún xeito tirarlle o dereito a ninguén. Se os vosos cans me detivesen ou me acometesen, o pecado cairía sobre vós e eu encarraxaríame porque para min sería o dano. Aquel trupelo de cans e mais eu estamos correndo por aposta e xogámonos moito.

O leigo pensa que Renarte conta a verdade, encoméndao a Deus e a san Xián e vaise. Renarte non agarda miga e finca as esporas no cabalo. Vai liscando por unha chaira a rente dun val, atravesando a bouza. Os berros, que aumentan atrás del, fano correr ás alancadas, No camiño, nun pasadoiro, salta un gran foxo. Alí os cans abandonan, pois perderon a

---

<sup>21</sup> En *O raposo e o galo* (VV.AA. (1963b : 19-21) o raposo intenta convencer o galo para que baixe do castiñeiro dicíndolle que o rei fixo unha lei establecendo a paz entre os animais. Ante a proximidade dun galgo, o raposo di: *Voume, que as leis do rei tanto che van como che ven!* O galo bérralle entón: *Móstralle a orde! Móstralle a orde!* e o raposo, fuxindo, responde: *Non teño vagar, que teño moita terra que taconeir!*

<sup>22</sup> Membro dunha congregación de frades que non recibira ordes relixiosas e se adicaba maiormente a traballos manuais e de cultivo da terra.

pegada, e Renarte, que se afasta, non espera por compañeiro ningún pois moito teme as trabadas dos mastíns. Non é raro que estea canso, pois correu abondo o día todo. Non tivo sorte, mais non importa!

Agora está a seguro! Ben traballo lle trouxo o infortunio en todo canto emprendeu. Moitas ameazas bota el contra dos seus inimigos!

Íase laiando Renarte da dura e cruel aventura que lle acababa de acontecer e da fame que o aguilloaba, cando viu nunha corredoira vella o gato Rabuñas a se recrear sen compañía nin garda. E díxolle por mal:

-Rabuñas, non vos saúdo. Non veñades xunta a min, que como poida zóupovos unha boa.

Ao ver Renarte tan alporizado, Rabuñas decide calar e dirixirse cara a el con sinxeleza e sen discutir.

-Señor -dille- moito me doe que esteades encarraxado comigo.

Renarte estaba de certo apouquentado polo xaxún e o malpasar, sen ganas de liorta porque non comera no día todo, en canto que Rabuñas estaba cheo de saúde, cos mostachos vellos e canosos, os dentes miúdos e afiados e as unllas longas para rañar. Se Renarte quixese vencelo en loita coido que se había el defender. Mais Renarte non quere meterse e muda as súas palabras:

-Rabuñas -dille- emprendín unha guerra moi dura e agre contra Grisengrín, o noso compadre. Contratei moitos soldados e quérovos pedir que vos poñades tamén no meu bando para que, antes de acordarmos a tregua entre el e eu, terlle feito un gran derramo.

O gato Rabuñas ponse moi ledo do que Renarte lle pide e virándose cara a el dille:

-Si, prométovos que endexamais vos hei fallar e que de bo grado hei atacar don Grisengrín que moito mal me fixo en ditos e en feitos.

Tanto Renarte o engaiolou que os dous chegaron a un acordo.

Alá van ambos, comprometidos por fe xurada.

Renarte, malvado por natureza, non deixou nunca de odialo senón que trata de collelo pola traizón e niso pon todo o seu entendemento.

Nun vieiro estreito -escollido na relleira entre a fraga e o carreiro- ve unha trapela de pau de carballo que un aldeán fixera. Foi solerte e esquivouna, mais don Rabuñas non se decata. Se pode atraelo á trapela, Renarte halle facer pasar un mal día.

E envólveo con moita lareta:

-Rabuñas, -dille- o que eu aprecio en vós é que sodes afouto e baril e que o voso cabalo é fogoso. Mostraime como sabe correr: no carreiro hai moita poeira, correde por este sendeiro, que o camiño está aquí mellor.

O gato está aceso e o raposo é un ruín demo que quere levalo a facer unha tolemia. Rabuñas dispónse a picar esporas, corre unha e outra vez aos pulos ata chegar á trapela. Cando a viu decatouse de que Renarte intentaba enganalo mais non puxo cara de darse de conta. Esquivándoa, recúa e pasa a rente dela máis de medio paso. Renarte espreitaba atentamente.

-Rabuñas, -dille- non vai ben: o voso cabalo é moi recuón. Temos que repetir. Picái de novo!

O gato bótase un pouco atrás e lánzase nun brinco ata chegar á trapela; alí non se desvía senón que salta. Renarte, que viu o chimpó di:

-Rabuñas, non sei o que vos dicir. O voso cabalo é bastante cativo e ten pouco valor en venda por ser recuón e chouteiro.

O gato refuga con forza a acusación de don Renarte, aperta o paso e volve facer outros intentos.

Namentres aquel se esforza, dous mastíns, que veñen dándolle á zanca, ven o raposo e póñense a ladrar. Renarte e Rabuñas toman moito medo e liscan correndo polo vieiro, empurrándose un ao outro ata chegaren ao lugar mesmiño onde estaba a trapela. Rabuñas pégalle co pé esquerdo e Renarte mete nela o pé dereito, pasando o gato alén sen tocala e berrándolle ao raposo:

-Renarte, Renarte, o gato é vello, e aquí pouco vale a vosa labia. Ides botar a noite enteira. A pillo, pillo e medio.

Vese nun mal paso Renarte, porque os cans están a acurralo e o aldeán vai atrás deles, moi preitiño. Levanta este a machada e por pouco non deixa Renarte sen cabeza, mais o broucazo bateu na trapela e fendeuna. O raposo tira cara a si a pata tesa, moi mancada, e vaise ledó e contento, magoado polo que lle acontecera e alegre porque non morrera. Bótase axiña a fuxir en canto que o aldeán berra e apupa ao se ver burlado.

Os cans apertaron as pernas e comezaron a ouvear e Renarte non ousou tentar acocharse en canto non dese atravesado o bosque enteiro. Daquela cansaron os cans e, derreados, volveron atrás. O raposo colle un camiño todo poeirento e vai por el correndo con moito medo. Moito lle manca e lle doe a ferida, e non sabe o que pode facer. Por pouco non perde a coxa, magoada na trapela. E moito medo lle meteu a machada cando o aldeán quixo matalo. Tanto unha como outra martirizárono, causándolle esta aventura moito sufrimento.

## RENARTE E TECELIÑO

Nunha chaira entre dous montes, xusto ao pé dun outeiro, no alto, á dereita dun río, atopou Renarte un recuncho gasalleiro. Da outra banda da auga, no medio da herbeira, viu unha faia nun lugar pouco frecuentado pola xente. Deu unha volta de arredor da árbore e logo deitouse na herbiña fresca, botouse nela a rolos e estomballouse. En boa pousada parara, e se tivese para comer non quereda mudar pois a estadía era ben boa.

Don Teceliño, o corvo, que non probara bocado no día enteiro, non tiña esa ansia de repouso e veu fendendo o aire a unha chousa (topárase obrigado de abandonar a carballeira) agachándose nun lugar arredado, con présa por atacar.

Viu, postos a asollar, un milleiro de queixos. A muller que debía ter conta deles entrara na súa casa. Teceliño decátase de que é o momento de pillar e bótase a correr collendo un. Para llo tirar saíu a vella ao medio da eira. O corvo ve como a vella entolecida lle guinda pelouros e callaos e como lle berra:

-Ah, lampantín, non o has levar!

-Ei, miña vella, -ponse el- se alguén che pregunta dille que fun eu! “O mal coidado derrama o prado”! É ben certo que eu o levo, con dereito ou sen el. Bulín a collelo: “Gando mal gardado, lobo alimentado”!

Coa mesma, foise dereitiño á faia onde estaba Renarte e alá se atoparon, un enriba e o outro embaixo. Mais a diferenza é que un comía e o outro abría a boca. O queixo era molechiño e o corvo peteirou arreo co seu bico encetándoo. Ben comeu del, do máis tenro e o máis cremoso, por moito que lle doese á muller, tan amuada cando llo colleu. Teceliño peta arreo sen se decatar de que unha faragulla cae no chan diante de Renarte e este a ve. O raposo examinou de que se trataba e abaneou a cabeza dúas veces, e despois ergueuna cara arriba para mirar mellor. Viu que Teceliño, seu compadre de vello, estaba alá sentado, co queixo entre os pés.

De primeiras, chamouno:

-Por todos os santos do ceo, quen estou a ver? Deus vos axude, señor compadre. E que teña canda el a alma de voso pai don Roallas, tan bo e que tan ben cantaba! Moito o teño eu sentido gabarse de que non tiña igual en toda Francia. E vós mesmo, de neno, practicabades moito. Seguistes a facelo? Botaime unha cantarela!

Teceliño escoita a louvanza, abre a boca e bota un berro. Renarte dille:

-Está ben, cantades mellor do que antes. Mais aínda, se quixerades, dariades subido un chisquiño!

O outro, presumindo de canto, bótase logo a urrar.

-Meu Deus! -di Renarte- que clara e limpiña sae a vosa voz! Se non comédeses nocas habiades cantar do melloriño do mundo. Cantái aínda outra vez!

Quere el ser quen mellor cante e decontado se bota con todo o seu folgo. Non se dá de conta de que, co esforzo, o pé dereito se ceiba e o queixo cae no chan diante mesmo do pé de Renarte.

O lambón arde e consómese en ganas de comelo, mais non toca nin unha faragulla, porque aínda quere tamén pillar o corvo se é que pode,

Co queixo no chan, diante del, soergueu un pouquiño o pé, coxeando e amosando a pel ferida para que Teceliño o vise.

-Ai, meu Deus! -di el- Moi pouco contento me deu o Ceo nesta vida! Mais: que lle hei facer? Este queixo cheira tanto que vai acabar comigo! O que máis me doe é que o queixo non é ben para as feridas. Ei, Teceliño, vide aquí e tiraime este mal! De certo que non volo pediría se esoutro día non metera eu a perna nunha trapela por descoido, o que me causou esta mágoa.

Teceliño pensa que Renarte conta a verdade porque llo pide chorando, e baixa, saltando para o chan. Máis lle valera estarse alá enriba se don Renarte o pode pillar. Con todo, non se atreve a adiantarse moito e vai co rabo de arrastro, tanto medo ten de que Renarte o manque.

-Por Deus! -di este- Vide para aquí! Que mal vos pode facer un ferido? Vide para aquí, compadre!

E o tolo, sen botar outra palabra, precipitouse cara a el sen ver que Renarte dera un chimplo crendo pillalo. Mais marrou: todo o que colleu foron catro plumas entre as poutas.

Teceliño está encarraxado. Renarte comeza a se a desculpar mais aquel non está para moitas falas:

-Amigo, levái o queixo, outra cousa non habedes ter de min hoxe! Fixen a tolería de crer o que me contabades diante da árbore.

O corvo rifa e roña, e o raposo cala coma un peto porque cando menos venceu na lida ao comer el o queixo todo. Só se laia de que fose tan pequeno, pois viña sendo unha proba.

Ao que rematou, díxose que na súa vida comera un queixo tan bo en sitio ningún. E nunca a súa ferida mellor estivo.

E coa mesma, vaise, sen dicir máis nada, liscando aos choutiños, derrotados os inimigos.

## O ROUBO DAS ANGUÍAS

Éravos, meus señores, o momento na que o doce tempo do verán está a rematar e volve a estación do inverno. Renarte estaba na súa casa mais ficara sen provisións: foi unha desfeita mortal. Non tiña nada para dar ou compartir, nin cousa que puidese aproveitar ou mercar, non tiña con que se confortar. A necesidade botouno ao camiño, onde el foi sen que ninguén o vira. Meteuse polo medio dunha xunqueira entre o bosque e o río, e tanto andou e cacheou que entrou nun camiño de carros. Nel encrequenouse Renarte ollando para todas as partes. Non sabía onde ir en procura de mantenza e a fame atacábao con forza. Non sabía o que facer e tiña moito medo. Entón deitouse cabo dun valado a agardar á ventura.

Daquela aparecen a todo coso<sup>23</sup> uns peixeiros que traían peixe e viñan da beira do mar. Traían arenques frescos a oito, pois o norte soprara a semana enteira. Tamén traían moitos peixes doutras clases, grandes e pequenos, que enchían os cestos, e mais lampreas e anguías que mercaran polas aldeas. Levaban a carreta ben cargada. E Renarte, o que o mundo engaiola, estaba lonxe deles cousa dun tiro de arco.

Cando viña a carreta cargada coas anguías e as lampreas el correu polo carreiro adiante, deténdose e achantándose para os enganar antes de que o puidesen ver.

Daquela déitase no medio do camiño.

Escoitái como os engada:

Estarrícase nun montiño de herba e fai coma quen que está morto. Renarte, o gran trampón, pecha os ollos e regaña os dentes, retendo o alento. Ouvistes maior aduanada? Alí se estivo estarricado.

Coa mesma chegan os peixeiros, que non contaban con iso. O primeiro que o ve, mírao e chama polo compañeiro:

-Velaí tes un golpe ou un can.

O outro viuno e exclama:

-É un golpe! Vai alá e píllao! Veña! O fillo de puta! Ten conta que non che escape.

Moi solerte ha ser o raposo se non deixa alá o coiro!

O peixeiro vai a pés forzados, seguido polo seu compañeiro. Cando chegan ao carón de Renarte atópano deitado sobre das costas. Vírano e revíranos de todas as maneiras, pícanos no pescozo e mais no coiro sen medo da súa forza.

-Vale catro soldos<sup>24</sup>- di o primeiro.

-Ben máis, ho! Como pouco váleche cinco. Non imos cargados de máis, podemos botalo na carreta. Mira a gorxa o limpa e branquiña que está!

---

<sup>23</sup> A toda velocidade.

<sup>24</sup> Moeda antiga.

Camiñando nestas falas botárono no carreto e logo puxéronse de volta en camiño. Ían moi contentos dicíndose o que habían facer con el esa noite na súa morada: vanlle revirar o saio. Eles danlle á pibela mais Renarte sorrí pois unha cousa é falar e outra facer.

Envorcouse riba dos cestos e abriu un, con moito siso, tirando del máis de trinta arenques. Case baleirou o cesto e comeunos de grado sen pedir nin sal nin sarxa.

Aínda antes de se ir, bota de novo o anzó sen que sospeiten del. Ataca o outro cesto, mete nel o fociño e non marra pois tira fóra anguías enrodeladas. Renarte, que sabe tantas mañas, pasa por esas rodas o pescozo e a testa vestíndoas por riba do lombo, que cobre enteiramente.

Xa pode deixar o choio. Con todo, ten que ser enxeñoso para baixar ao chan porque non hai táboa nin chanzo. Decide pórse sobre dos xeonllos para mirar a pracer como saltar abaixo, debrúzase un pouquiño e lánzase da carreta ao medio do camiño cos pés dianteiros, levando a súa présa de arredor do pescozo.

Despois, logo de saltar, dille aos peixeiros:

-Deus vos axude, estas rodas son nosas. Para vós sexa o que queda!

Ao que os peixeiros ouviron, exclaman pampos de a feito:

-É o golpe!

Saltan da carreta para pillaren o raposo, mais este non esperou por eles.

O primeiro di cando se recupera:

-Así Deus me asista! Mal coidamos do noso, paréceme a min.

E os dous retorcénselle as palmas das mans<sup>25</sup>.

Entón di o outro:

-Compañeiro, a perda foi por culpa nosa: fomos uns toleiráns e uns parvos ao nos fiarmos en Renarte. El sopesou ben os cestos e aliviou un pouco a carga levando dúas rodela de anguías. Aínda lle dea un bo torzón!

-Ah, Renarte, sodes do bando dos demos! -dinlle os peixeiros- Que eles vos fagan moito mal!

E Renarte respóndelles:

-Vós falái o que queirades, que eu, Renarte, vou estar calado.

Os peixeiros van atrás del, mais hoxe non o han dar pillado pois o seu cabalo corre moitísimo.

Non parou no medio do val ata chegar á súa chousa. Daquela os peixeiros abandonaron, téndose por parvos, e regresaron derreados. E el, que antes tantos pasos errados dera, vai ás alancadas e chega á súa morada, onde os seus estaban a esperalo.

Dona Hermelina, a súa digna esposa tan cortés e tan nobre, sáelle ao encontro con Furasebes e Fortepola<sup>26</sup>, irmáns entre eles. Estes érguense e van cara a seu pai, que chegaba

---

<sup>25</sup> Imaxe de sufrimento e desesperación.

<sup>26</sup> Noutros manuscritos un terceiro fillo, Roxiño (no orixinal Rovel ou Renardel), completa a familia.

dando chimpíños, gordo e alegre, ledó e satisfeito, coas anguías de arredor do pescozo. Aínda que poidan tomalo por tolo, pecha a porta tras del, por causa das anguías que leva.

Velaí, logo, Renarte na súa torre. Os seus fillos fanlle moi boa acollida e danlle fretas nas pernas. Des que as anguías están esfoladas córtanas en toros. Fan despois dous espetos de pau de abeleira e enfíanos neles, prenden o lume decontadiño -pois teñen leña a eito- avivándoo logo dende todos os lados, e entón póñenos enriba das brasas que fornecen os tizóns.

## GRISENGRÍN FRADE

Entrementres que eles cociñaban e asaban as anguías, velaí o cabaleiro Grisengrín, que andaba errante dende a mañanciña ata aquel momento por moitas terras sen dar pillado nada. Ía extenuado co xaxún, pois moi mal lle fora. Meteuse por unha estivada, xusto diante do castelo de Renarte, e viu a cociña fumegar co lume que prenderan para asaren as anguías nos espetos.

Grisengrín venta o fume, que non era o habitual, enruga o fociño e lambe os mostachos. De boa gana iría el papalas se lle abrisen a porta. Entón vaise cara a unha fiestra para ver o que podería ser. E comeza a cavilar en como dar entrada alá, se a poder de rogos ou de ameazas, mais non sabe o que facer porque Renarte é de tal xeito que non ha atender os rogos. Senta, logo, nun cachopo, coa boca toda doída de tanto abrila. Corre para un sitio e para outro, atusma por acá e por acolá como meter os pés dentro, dando ou prometendo.

Ao final, decide que vai rogar ao seu compadre que lle dea pouco ou moito da súa vianda. Chama, daquela, por un buraco:

-Meu gran señor benquerido, abrídeme o portelo. Tráiovos boas novas que vos han satisfacer moito.

Renarte ouviuno e recoñeceuno, mais fixo coma quen que non, e non respondeu. Grisengrín, que estaba fóra moi angustiado e degoxoso das anguías, asombrouse todo, polo que lle dixo:

-Abride, benquerido gran señor!

Renarte botouse a rir e preguntou:

-Quen sodes?

E aquel responde:

-Somos nós.

-Quen vós?

- O voso compadre.

-Coidabamos que fósedes un ladrón.

-Pois non, -dixo Grisengrín- abride!

Renarte respóndelle:

-Ides ter que agardar a que os frades que están na mesa acaben de comer.

-E logo? -di el- Hai frades aí?

Respóndelle Renarte:

-Son cóengos<sup>27</sup>, e da orde de Tirón<sup>28</sup>, vállame Deus como non minto. E eu uninme a eles.

-*Nomine Domini* -dixo o lobo- Contades a verdade?

-Si, pola santa caridade!

-Dádeme albergue, logo.

<sup>27</sup> O cóengo é un cargo da Igrexa Católica do que na Idade Media hai moita variedade canto á súa función, ordeamento relixioso, adscripción a lugares de culto, etc.

<sup>28</sup> Fundada a comezo do século XII por san Bernardo de Ponthieu en Tyron (na rexión de Nogent-le-Rotrou, próxima a Chartres), a orde seguía a regra de San Bieito.

-Daquela non comeríades.

-Seica non tedes o que?

Renarte responde:

-Teño, si, a fe! Mais deixádeme que vos pregunte: viñestes para facer o moinante<sup>29</sup>?

- Nadiña, vin ver como estabades.

-Non vai poder ser- dille Renarte.

-E logo por que?- retruca o lobo.

- Non polo momento -di Renarte.

- Estadades comendo carne?

- Burládesvos?

-Que comen, logo, os vosos frades?

-Vóuvolo dicir sen reviravoltas: non comen queixo mol senón peixe bo e graxo.

Ordénanos San Bieito non termos peor mantenza.

-Non o sabía. -di Grisengrín- Nin coñecía esa regra. Mais dáime pousada, que hoxe xa non sei onde ir.

Renarte responde:

-Non digades iso. Ninguén que non sexa frade ou ermitán pode aloxarse aquí. Seguíde o camiño, non hai que lle facer.

Grisengrín escoita, e entende ben que por cousa que diga non ha entrar na casa de Renarte. E que queredes? Ha ter que aturar, e con todo pide:

-É boa mantenza, o peixe? Pois dáime cando menos un toro. Non o digo senón para catalo. En boa hora foron esas anguías pescadas e esfoladas se vos dignades a comelas.

Renarte, que ben soubo trampullar, colleu dous toros de anguía que estaban a asar nas brasas. Estaban tan ben cociñados que se desfacían e se esfaragullaban. El come un e vai co outro xunto do que agarda na porta. Entón dille:

-Compadre, vide aquí un pouquiño adiante e tomái por caridade unha pouca pitanza dos que confían en que axiña seredes frade.

E Grisengrín dille:

-Non sei aínda o que me vai acontecer, ben poderá suceder, mais a pitanza, meu benquerido señor, dáima decontadiño.

O raposo dálle e o lobo cóllea e dúralle ben pouco. Aínda comería moita máis.

Renarte dille:

-Que vos parece?

O lambón arreguízase e tremelica, fervendo e ardendo coa idea da larpadela.

-De certo, meu señor Renarte, que isto vos ha valer unha boa recompensa -di Grisengrín- Dáime só un anaco máis para acabardes de me atraer á vosa orde.

-Vállannos as nosas botas<sup>30</sup>! -ponse Renarte moi cheo de má intención- Se queredes ser frade eu tómovos por meu mestre pois ben sei que a congregación vos ha escoller como prior ou abade antes da Pentecoste.

-Estades de lería?

---

<sup>29</sup> Pedindo esmola ou algo para comer.

<sup>30</sup> Xogo de palabras entre a bota de calzar e a bota de beber. A “Bota de san Bieito” era un tonel dos frades bieitos de Boloña. Rabelais, no capítulo 39 de Gargantúa aludirá a esta bota, e no capítulo 16 do Cuarto libro recollerá a exclamación *Pola sagrada bota de San Bieito!*

-Nadiña, meu benquerido señor. Xogo a cabeza a que habedes ter unha fermosa figura cando vistades o saio por riba da pelica gris. Frade máis fermoso non ha haber na Igrexa toda.

-E hei ter peixes abondo cando me repoña deste mal que me confundiu<sup>31</sup>?

-Todos cantos deades comido. Faceivos, logo, tonsurar e mais rapar a barba.

Grisengrín comezou a rosmar cando sentiu falar de rapar.

-Daquela, terá que ser, meu compadre, mais facéino rapidiño.

Coa mesma, Renarte respóndelle:

-Ao que a auga queza, habedes ter unha coroa grande e extensa!

Ides ouvir a falcatrúa que o raposo lle fixo: puxo a auga no lume e fíxo a ferver e despois volveu diante del e fíxolle meter a cabeza nun buraco rente do portelo. Grisengrín alonga o pescozo e Renarte -que o tivo por tolo- chímpalle a auga fervendo por riba da cabeza. Moi ruín foi o animal! Grisengrín sacode a testa, regaña e pon cara ben fea. Bota atrás recuando e exclama:

-Renarte, morto son! Mala ventura teñades vós hoxe: fixéstesme unha coroa grande de máis.

Renarte tira a lingua máis de medio pé fóra da gorxa:

-Meu señor, non a levades vós só, que todo o mosteiro tena así.

E Grisengrín:

-Paréceme que mentes.

-Non, meu señor, non vos anoxe, porque esta primeira noite cómpre poñervos a proba do que manda a nosa regra.

Dixo daquela Grisengrín:

-Abofé que hei facer o que a orde dispón, non teñades dúbida ningunha.

E Renarte recibe de Grisengrín a palabra de que non lle ha facer mal e ha obedecer o que o raposo diga.

Tanto fixo e barallou Renarte que acabou aparvando o lobo. Entón saíu por unha fresta<sup>32</sup> que fixera por tras da porta e foise dereitiño xunta Grisengrín. Este laiábase moito de que o raparan tan a rentes que nin coiro nin pelo lle quedara.

Ambos fóronse de alá sen diciren nin agardaren máis nada, Renarte de diante e Grisengrín detrás, ata chegaren preto dun viveiro.

---

<sup>31</sup> A fame.

<sup>32</sup> Fenda, abertura.

## A PESCA CO RABO

Foi un pouco antes de Nadal, cando se salgan os xamóns. O ceo estaba claro e estrelecido e o viveiro no que Grisengrín debía pescar estaba tan xeadado que se podía bailar enriba. Había só un buraco feito polos aldeáns onde levaban cada noite o seu gando para espaxarse e beber; alí deixaran unha sella<sup>33</sup>.

Alá foi Renarte, coa cabeza baixa e mirou para o seu compadre:

-Meu señor, -ponse el- vide para acó, velaquí está o viveiro dos peixes e velaí a arte coa que pescamos as anguías, os barbos e outros peixes bos e grandes.

Grisengrín respóndelle:

-Irmán<sup>34</sup> Renarte, colléina por un extremo e atáima ben ao rabo.

Renarte cóllea e átaa de arredor do rabo o mellor que pode.

-Irmán, -di- agora estaivos moi tranquiliño para que veñan os peixes.

Entón agachouse nunha matogueira, co fociño entre os pés, de xeito a poder ver o que facía Grisengrín. Este mantense enriba do xeo, coa sella na auga, acugulada de carambelos.

A auga comeza a conxelarse e a sella, atada ao rabo, a quedar presa. O rabo está na auga conxelada, todo rodeado de carambelos, e a sella dentro do xeo.

Grisengrín comeza a rebulir, intentando tirar a sella enriba; proba de todas as maneiras, mais non sabe o que ha facer e pilla medo. Comeza a chamar por Renarte pois non quere seguir aló, estando o día a lumbrigar. Renarte ergue a testa, mira para el e abre ben os ollos.

-Irmán, -ponse- deixái xa o traballo e vámonos de aquí, meu benquerido amigo! Xa collemos peixe abondo.

Grisengrín exclama:

-Renarte, hai unha chea deles, collín tantos que non sei o que dicir.

E Renarte comezou a rir dicíndolle de vez que o que todo o quere todo o perde.

Morre a noite e risca o día, o sol érguese na mañá. Os camiños estaban brancos de neve e don Martiño da Graña, un rico fidalgo que moraba cabo do estanque, érguese cos seus servidores moi ledos e contentos. Colle un corno, chama polos cans, manda enselar a montura e reúne e apupa a súa xente. Renarte sínteo e sae liscando, tanto que chega ao seu tobo e nel se chimpa.

---

<sup>33</sup> A sella non é únicamente o recipiente troncocónico con testo que se utiliza para carrexar auga ou outros líquidos senón tamén un balde utilizado para tirar auga de pozos, dun río, do mar, etc. ou transportar líquidos e materiais diversos.

<sup>34</sup> Grisengrin emprega xa o tratamento dos frades, e Renarte séguelle o xogo.

Grisengrín segue atrapado, esfórzase todo, tira e turra. Por pouco non racha a pel enteira! Se de alí quere marchar vai ter que romper o rabo.

En tanto que o lobo está a fregar e refregar, chega ao trote un mozo con dous lebreis atrelados, ve Grisengrín coa testa toda pelada e cara a alá se lanza enriba do xeo conxelado; mira para el e exclama:

-Ei! Ei! O lobo! Ai, ho! Ai!

O monteiro e cantos o sentiron saíron axiña da casa por unha sebe. Moito medo colleu Grisengrín, pois don Martiño viña detrás nun cabalo a todo coso e ao baixar del púxose a berrar moi forte:

-Veña, cans! Veña! Alá! Alá!.

Os criados ceiban os cans, e os bracos<sup>35</sup> péganse ao lobo. Grisengrín arrepuíñase todo. O monteiro acirra os cans e apúpaos de a feito e Grisengrín deféndese ben. Mórdeos cos dentes: que máis pode facer? Ben mellor quereda el a paz.

Don Martiño tirou a espada e preparouse para bater o mellor que puiden. Foi a pé polo xeo xunto do lobo e atacouno por tras. Pensaba acadalo e marrou: a ferroadá a travésouse e don Martiño caíu de costas de xeito que sangraba pola caluga. Ergueuse con moito traballo e guindouse con toda a forza contra daquel. Ben ouviredes vós a grande batalla que houbo<sup>36</sup>!

Coidou baterlle na cabeza, mais o mocazo desvíase a outro lugar: a espada baixa cara ao rabo e cortouno todo a rentes preto do fondo. Alá non marrou, e Grisengrín ao sentilo dá un chimplo para un lado. Revólvese trabando os cans todos, que o teñen pillado polas nádegas. Mais deixa en prenda o rabo, o que lle pesa e lle doe tanto que por pouco o corazón non lle estoupa. Non pode facer outra cousa e bótase a fuxir ata dar topado un outeiro. Os cans trábanlle moitas veces e el ten que defenderse con furia.

Ao que chegaron ao outeiro do monte, os cans, derreados, dan a volta e Grisengrín non se demora: segue fuxindo e ollando a torto e a dereito. Ás alancadas vai cara ao bosque sen se desviar. E vai dicindo e xurando que se ha vingar de Renarte a próxima vez que o atope<sup>37</sup>.

---

<sup>35</sup> Clase de cans de caza.

<sup>36</sup> Esta frase é habitual na narración das cancións de xesta.

<sup>37</sup> O conto popular galego *A zorra e o sardiñeiro* (Prieto 1948:140-142) comeza co motivo do roubo do peixe para continuar coa pesca co rabo, e é rico en rimas. No remate, a raposa bérrolle ao lobo mentres este foxe:

*-Quen será aquel guilindeiro  
que vai por aquel lumbeiro  
cichando sangue polo traseiro?*

### RENARTE, RABUÑAS E A ANDROLLA<sup>38</sup>

Renarte, que moito embeleco sabe e que tanta fame pasara, ponse en movemento bocexando. Seguiu o camiño sen que o gato Rabuñas se decatase ata se atopar nas súas redes. Renarte véo e o seu corpo arrepuíñase todo coa cobiza. Devece por pillalo, pois quixera vingarse del, que o botara á trapela, mais vai facer coma quen só lle quere ben. Daquela diríxese a el así:

-Rabuñas, que ventíño vos trae?

E o gato foxe.

-Non, ho, Rabuñas, non fuxades! Non teñades coidado! Vide aquí e falái comigo! Lembrái a vosa promesa! Que temedes que eu vos faga? Non teñades medo. Deus non queira que un día eu falte á miña palabra. Non tería eu collido este vieiro se non contase atoparvos, porque quería desobrigarme da miña palabra. E a vós, don Rabuñas: non vos preocupa a vosa?

Rabuñas para, vírase, ergue a cabeza cara a Renarte e ponse a afiar as unllas. Ben amosa a súa disposición de se defender con toda a forza se é que Renarte lle quere botar as mans. Mais o raposo, que abre a boca coa fame, non ten gana de liorta e pensa nunha cousa moi diferente. E tranquiliza o gato:

-Rabuñas -dille- é asombroso canta xente ruín hai neste mundo. Négase axuda ao veciño e cadaquén busca enganar o outro: non existe lealdade en ningún home nacido. E mais é cousa probada que o que trata de enguedellar os outros é castigado. Dígovolo por un predicador, o noso compadre Grisengrín que acaba de tomar ordes. Aínda non hai moito pensou el enganar e foi enganado. Por iso non quero eu ser traidor, que todos reciben o seu merecemento. Trampullar e facer dano non lle fai ben a ninguén, os traizoeiros rematan mal, nunca eles han ter o meu aprecio! Decateime de que aquel que non se dá axudado en nada, é considerado ruín e malvado. Vós liscastes axiña de onda min esoutro día vendo a miña dura morte e se cadra non teño razón en desconfiar porque de certo pesouvos. Malia a quen o dubide! Mais no entanto, lealmente, recoñecéime a verdade: seica non sentistes moita tristura cando me vistes no tormento, collido na trapela, cos mastíns a me acurrar e o aldeán coa machada ergueita para me cortar a cabeza? Ben coidou el entregarme á morte, mais non deu zoupado ben e por iso aínda conservo a pel riba de min.

Respóndelle Rabuñas:

-Alégrome.

-Seguro que si -dille Renarte- Mais que foi, don Rabuñas? Apuxástesme a propósito? Non o pregunto por mal, así teñades o perdón enteiriño! De certo que vós non dixestes nada e ninguén podería dicilo. Agora xa non ten sentido volvermos atrás.

---

<sup>38</sup> Aínda que do embutido chamado en francés *andouille* -que é o que aparece no orixinal- existen diversas variedades, a *androlla* galega asemella moito a algún tipo daquelas.

O gato, con algo de remordemento, descúlpase con pouca forza, mais o raposo - queira non queira- fala de gran traizón. Rabuñas non sabe o que diga. Entón Renarte repítelle a súa promesa para de alí en diante e Rabuñas renova a súa palabra. Confirmada está a cousa, mais non ha durar moito pois que Renarte de certo non a vai manter, e Rabuñas non vai ser tan tolo de non lle facer unha xogada se ve algo que lle conveña.

Métense os dous por un camiño e ningún deles escoitaba o seu corazón pois tiñan unha fame dura e grande, mais por extraordinaria ventura atoparon unha voluminosa androlla ao carón dunha leira.

O golpe colleuna primeiro e o gato dixo:

-Deus me valla, querido compañeiro, a min tócame unha parte.

- E logo non? -púxose Renarte- Quen vos quere tirar a vosa parte? Non vos dei eu a miña palabra?

Rabuñas moi pouco fía no que Renarte lle xura.

-Comámola, compañeiro!

-Non ho! -responde Renarte- Non fagamos tal! Se parásemos aquí non poderíamos comer tranquilamente. Temos que levala máis a diante.

E Rabuñas, cando ve que non pode ser doutro xeito, di:

-Ben está.

A androlla está en poder de Renarte. Fincoulle ben os dentes polo medio, e para cada lado pende unha metade. O gato, ao ver que o raposo a leva, moito se doe e achégaselle un pouquiño dicindo:

-Moi mal o facedes! Como levades esa androlla? Non vedes como se emporcalla toda? Estádela arrastrando pola lama e enchéndoa da vosa baba. Vólveseme o corpo! Asegúrovos unha cousa: de seguides a levala así, vovos deixar totalmente só. Eu levaríaa de maneira moi distinta.

Renarte responde:

-E logo como?

-Pasáima e ídelo ver -dille Rabuñas- E mais é xusto que eu cargue co peso porque vós vístela primeiro.

Renarte non lla quixo refugar, pensando que se o gato fose cargado había cansar máis axiña e sería máis doado recuperala; daquela dálle a androlla. Non levou pouca alegría Rabuñas, que a pilla coidadosamente por unha das puntas, cóllea coa boca e chímpaa facendo que se pouse riba do seu lombo ben ao xeitiño. Despois vírase cara a Renarte:

-Compañeiro, -dille- así tedes que levar a androlla cando sexa a vosa vez, porque non toca a lama e non a emporco coa boca nin a levo como non se debe. Ben merece un pouquiño de coidado. Deste modo imos ir a aquel outeiro no que vexo unha cruz chantada e alí habemos comer a nosa androlla. Non paga a pena levala alén porque nese lugar non temos nada que temer, ao vermos vir os que nos quixesen facer mal. Por iso convén irmos ao outeiro.

Ao golpe non o convence todo isto, mais o mico bota a correr camiño adiante, tocando de esgueiras sen parar ata chegar á cruz. Renarte está encarraxado pois decatouse da aduanada e bérralle a toda voz:

-Esperáime, compañeiro!

- Non vos preocupedes, Renarte! -dille el- Todo ha ir ben! Seguíme a rédea solta!

Rabuñas non precisou leccións: ben soubo montar e desmontar, finca as unllas na cruz e gabea por ela nun pulo, sentando enriba dun dos brazos. Renarte quedou doente e caviloso ao ver que se burlaran del.

-Rabuñas -di - Que vai pasar?

-Nada -di Rabuñas- Todo vai ben, subí enriba e imos comer.

-Custaríame moito traballo, baixái vós, Rabuñas.

-Vós, a quen corresponde a androlla, deberíades saber que é cousa santa, polo que só debe comerse enriba dunha cruz ou nun mosteiro. Cómpre reverenciala.

E Renarte ponse:

-Abonda xa! Botaime axiña a miña parte!

Rabuñas responde:

-Dicides algo asombroso. Sodes peor que herexe ningún, pois que reclamades que guinde unha cousa que non se debe deshorrar. A fe que nunca hei estar tan bébedo como para vola botar ao chan : faltaría á miña doutrina, pois é santísima na nosa lei. Androlla ten por nome, ben o sabedes, que a ouvistes nomear millenta veces. Vouvos dicir o que ides facer: nesta ocasión vós ides renunciar a ela e prométovos solemnemente que a primeira que atopemos héivola dar sen falta, enteiriña.

-Ai, Rabuñas, Rabuñas! -díxolle Renarte- Aínda has caír nos meus lazos. Bótame cando menos unha pouquiña.

-Asombroso, oi! -dille Rabuñas- Seica non podedes agardar a que teñamos unha ben apetitosa que ha ser vosa sen discusión? Sodes pouco dado.

Rabuñas abandonou a discusión e púxose a comer na androlla. Cando Renarte viu que estaba a comela engrádanlle<sup>39</sup> un pouco os ollos.

-Renarte -ponse o gato- moito me alegra vervos chorar polos vosos pecados. Deus que coñece o voso arrepentimento vos conceda o perdón.

E o golpe:

-Abonda xa! Un día has baixar, cando menos ao teres sede, e has ter que pasar por onda min.

E Rabuñas:

-Non sabedes que Deus é un amigo certo: así ao meu carón hai unha cova que vai apagar totalmente a miña sede. Aínda non hai moito que choveu e nela hai ben unha ola de auga que hei beber como se fose miña.

-Con todo, tarde ou cedo habedes ter que baixar -dille Renarte.

-Han pasar meses -di Rabuñas.

-Ha ser antes de sete anos -dille Renarte.

- Podédelo xurar, ho! -dille Rabuñas.

Responde o golpe:

-Xúroche que te hei ter sitiado ata pillarte.

E o gato:

-Así fósedes o demo non dariades cumprido o xuramento. Vide facelo enriba da cruz se queredes darlle máis fe.

Di Renarte:

-Xuro que non me hei mover de aquí antes dese momento. Deste xeito habédesme crer mellor.

---

<sup>39</sup> Humedécenselle.

-Xa fixestes dabondo- retruca Rabuñas- mais hai unha cousa que me pon triste e me move á piedade e é que aínda non comestes e ides ter que xaxuar sete anos. Daredes resistido tanto? Non podedes facer outra cousa, pois cómpre respectar o xuramento e manter a promesa.

Ao que Renarte responde:

-Non vos preocupedes.

E Rabuñas remata:

-E calo, xa non falo máis, non debo dicir máis nada. Mais tede conta de non vos mover.

Rabuñas cala e ponse a comer.

Renarte ten arreguizos e arrepíos de cobiza e de pura carraxe. Namentres sofre ese martirio sente un ruído que o inquieta, pois uns cans que ventaran a pegada del viñan ouveando ao lonxe. Cómprelle liscar do sitio se non quere deixar a pelica, que a grea de cans seguía ao que o ventara. O monteiro para e reúne os cans, fálalles e acírraos. Renarte ergue a testa e di:

-Que estou a ouvir, Rabuñas?

-Agardái un pouco -respóndelle Rabuñas- sen vos mover nadiña. É unha música moi doce: está a pasar polo medio dos campos unha multitude que ao través da bouza e das silvas vai cantando a misa e as matinas; despois han cantar o oficio dos defuntos e han vir venerar esta cruz. Convén que esteades vós, pois que en tempos fostes preste<sup>40</sup>.

O raposo, que sabe que son cans, decátase de que non lle ha ir nada ben e quere risparse.

Cando o gato ve que aquel se ergueu, pónselle:

-Renarte: para qué labor vos estades preparando? Que queredes facer?

-Quérome ir de aquí- respóndelle el.

-Irvos? Por Deus! E logo? Lembraivos do xuramento e da promesa feita. De certo que non vos habedes ir. Ordénovos que vos esteades aí. Deus me valla! Se vos ides habedes dar conta en xustiza na corte de Nobre. Talmente! Hanvos convocar por serdes perxuro e, a maiores de faltante á promesa engadirase o serdes ruín. Xurarades con fe e promesa manterdes o asedio sete anos, e como malvado botádesvos atrás no primeiro día e fuxides. Os cans son moi amigos meus: se temedes algo deles, antes de facerdes esa aldraxe daría eu unha fianza por vós e pactaríamos unha tregua.

Renarte déixao e emprende o camiño. Os cans, que o dexergaron, bótanse após del, mais infrutuosamente porque o raposo coñece o país tan ben que non o darán pillado. Escapou, daquela, sen que o trabasen.

Moito ameaza Renarte a Rabuñas e xura que se un día o dá pillado, hao trincar ben. É a guerra total contra aquel e non quere buscar paz nin tregua<sup>41</sup>.

---

<sup>40</sup> Noutras aventuras do *Roman* (*As vésperas de Rabuñas* ou *O duelo xudicial*) Renarte axuda á misa ou aos oficios sen ser ordenado.

<sup>41</sup> En *O raposo e mais o gato* (Carré 1968:276) -nunha aventura diferente a esta e á anterior da trapela- ao se acochar no seu tobo o raposo exclamaba, acorando:

*Ai, miñas poutiñas poutás,  
se non forades vós comíanme os cás!  
E ti, gatiño, xa mas pagarás!*

## A PARTICIÓN DAS PRESAS

Renarte viu Súa Maxestade Nobre e mais Grisengrín seguiren o camiño polo medio do bosque parolando. O raposo corre rindo ao carón deles, matinando na argallada que lle ha facer a Grisengrín se é que atopa o xeito. Coa mesma, vaise onda o rei con moi boa cara e saúdao así:

-Ai, ho! Benvida sexa esta compañía!

O rei non se dá aguantado de rir cando ve o golpe dediante del:

-Bo día teñades vós hoxe, -dille- arteiro Renarte! A que andades?

-Maxestade, -di o raposo- ando en procura polos arredores, e non parei dende o raia do día, para a miña muller que está preñe, e non dei acadado aínda cousa que a conforte desa fame que tanto a aperta.

-Renarte, polo sangue de Cristo! -di Nobre- Ben te amañas ti sen nós.

-Maxestade, -di el- pola fe que vos debo: non ouso ofrecervos a miña axuda pois non vos dignariades a aturar que un homiño coma min, pequeno en forza e corpo, andase na vosa compañía. Mellor queredes ter os grandes baróns da vosa corte, coma o cabaleiro Pardo, o oso, e Bravún, e mais Roñón, o can de presa, e Grisengrín e os outros, sen terdes conta dos pobres.

-Renarte, -di o rei- paréceme que vos burlades nidiamente de min. Vide connosco - se vos aprace e vos presta (pídovalo máis que volo concedo)- de maneira que poidamos atopar unha presa para xantar entre os tres, se Deus quere.

-Maxestade, -di o golpe- non me atrevo, por causa do cabaleiro Grisengrín, que vai rente de vós e que -vállame san Lopo!- sei ben que me odia. Non me aprecia en absoluto, cando eu endexamais lle fixen -xúrovolos!- cousa ningunha que lle despracera. Sospeitou de min tocante á súa muller mais -polo santo nome de Deus!- nunca na miña vida teño eu solicitado da miña comadre unha ruindade ou algo que non puidese solicitar da miña nai. E el non o cre.

-Renarte, -dille o rei- todo é unha andrómena: non dariades durado moito tempo sen serdes descuberto se é que mantiverades a situación. Que nada se opoña de aquí en diante a que fagamos a paz.

-Maxestade, -di el- así Deus premie a vosa alma como -pola fe que lle eu debo á miña muller!- teño eu razón e el non a ten.

-Grisengrín, meu amigo, -ponse o rei- Por que é que odiades Renarte? Deus me valla, estades tolo ao crerdes tal ruindade del! Deus me acolla! Non creo de ningún xeito que teña requirido a vosa muller de facer acto culposo. Apiadaivos de Renarte, aquí presente, e abandonái a xenreira, pois coido firmemente que errades moito ao vos encarraxardes por algo que só ouvistes como seicas<sup>42</sup>. Non son maneiras de home asisado -san Pedro de Roma

---

<sup>42</sup> Rumores, murmuracións.

me valla!-, coñezo Renarte moi ben e el non faría iso nin polo castelo do emperador Octavio Augusto<sup>43</sup>.

-Maxestade, -ponse o lobo- créoo ben, pois que vós sodes testemuña.

-Non continuedes, logo, e perdoádelle de corazón a xenreira que lle tedes.

-Maxestade -di o lobo- acepto e doulle o meu perdón de boa fe aquí mesmo, diante de vós. Máis nunca hei estar encarraxado contra del namentras eu teña a alma no corpo. Quero que sexamos bos compañeiros.

Despois destas falas déronse un bico os que endexamais se apreciaron e non han apreciarse endexamais. Poden dicir o que queiran mais iso non move o preito. Fixeron a paz -valla o que ela valla- xurándoa diante do rei, mais ha durar ben pouco pois non chegará a ningures, e cando os corazóns están enfrontados a xenreira non ha acabar nunca. Non daría eu un pataco por tal paz pois é paz de Renarte, que nunca deixou de argallar nin ten intención de facelo. Así me parece a min que fixeron a paz Renarte e Grisengrín.

Puxéronse despois en camiño, o rei diante, con Grisengrín, seu condestábel<sup>44</sup>, e don Renarte, tan cheo de malas artes.

-Renarte, -di Nobre- que habemos facer? Imos seguir o teu consello, nisto vas ser o noso mestre pois ben sei eu que ti coñeces todo o que hai neste bosque e os seus vieiros todos. Mais ten conta de non mentires. Sabes ti se polos arredores hai algún prado ou pasteiro onde poidamos atopar unha presa? Se o sabes lévanos ao dereitiño, e -cando nos teñas ben servido- que Deus che conceda todo o que o teu corazón degora.

Dixo Renarte:

-Por san Remí<sup>45</sup>, non sei de xeito seguro en que pasteiro nin como podemos atopar presa que valla algo, mais do que me lembro sen marrar é de que aquí embaixo hai unha valiña entre dous montes, nunha herbeira onde adoitan levar o gando da aldea de aquí ao lado. Imos cara alá, se vos parece, para sabelo e comprobar se podemos atopar algo que poidamos comer todos tres.

-Abofé que estou de acordo -di Nobre.

Métense cara a alá, logo, o rei Nobre e mais Renarte e Grisengrín, seu bo amigo, mais se Deus quere e San Remí a amizade ha durar pouco.

Coa mesma vanse polo camiño enlousado e seguen o vieiro ata chegaren ao prado do que lles falara Renarte. Grisengrín fita e ve moi boas presas na testeira do herbal. Sabei que moito se aledou con iso pois levaba unha fame grandísima. Pensa ter chegado ao lugar onde encher a panza, mais terá que esquecer o seu desexo, pois se o libro non mente as cousas van ser ben distintas.

Diríxese daquela ao rei:

-Maxestade -dille- pola fe que vos debo, de certo que seguimos o bo camiño e coido que nos rendeu porque paréceme que vexo estar, alá enriba, no fondo deste pradelo, un boi e unha vaca xuntos, co seu cuxo. Han ser nosos, custar o que custar, mais eu aconséllolos, se vos parece axeitado, que antes de nos achegarmos alá enviedes Renarte para axexar e comprobar se hai algún mastín ou vaqueiro, ou algo que nos puidese mancar. Se caímos

---

<sup>43</sup> Tópico que expresaba unha gran riqueza.

<sup>44</sup> Xefe do exército dun rei.

<sup>45</sup> Nos séculos V e VI foi bispo de Reims e bautizou o rei Clovis tras a súa conversión ao cristianismo. É considerado o apóstolo dos Francos .

sobre deles de súpeto poderíamos ter unha contrariedade, mais Renarte é pequeneiro e miúdo e non o han albiscar tan doadamente como se fósemos vós ou eu.

-É certo o que dicides -di o león- É asisado e acaído. El ha esculcar decontadiño.

Coa mesma diríxese a Renarte:

-Renarte -di- Deus vos garde! Sodes artimañeiro e pillabán, e sabedes ventar os perigos. Ide alá, logo, e axexái para ver se hai algún vaqueiro ou aldeán de noxenta caste que nos poida causar contrariedade, pois de certo que non iríamos se non gañásenos nada.

-Maxestade, -ponse Renarte- fágoo de grado.

Coa mesma vaise polos camiños, alancando prado abaixo. Tanto correu e tanto trotou que chegou ao lugar ao dereitiño. Olla ao seu redor e ve no fondo, á beiriña da herbeira, o aldeán que coidaba do gando. Estaba a durmir debaixo dun olmo.

Vai el, logo, cara a alá paseniño, coa testa rentes do chan, matinando moito en como ha facer e como ha poder enganar o aldeán sen que este se decate. Cómpre embelecalo con suavidade porque ben sabe que se aquel o dese pillado, de certo que non lle había ter contemplación. A Renarte gustaríalle que o aldeán caíse nun lugar de onde non dese saído, sen poder escapar de modo ningún.

Daquela agárrase a unha póla do olmo e chouta axiña enriba moi ben, sen que o home acorde. Don Renarte, que tanto mal ten argallado e feito desde que naceu, foivos a chimpos de póla en póla ata chegar onde estaba o aldeán, e xura por Deus e por san Xermán que lle ha facer dano e afronta.

Por que alongar máis o conto? Renarte fixo o que unha besta noxenta: ao que estivo por riba da cabeza daquel, ergueu o rabo e cichou contra abaixo un gran rego de furrica a cu aberto cubríndolle a cara toda. O aldeán, ao sentilo, acorda e asómbrase do que lle cae de enriba, quentiño, na faciana; mira para alá e non dá visto nada porque a árbore tiña as follas moi mestas e Renarte agachárase ben nelas de xeito que non o vía. Ao non ver cousa ningunha, aquel coida que se trata dun fantasma. Entón apalpa coas mans, cheira e decátase de que é merda que fede.

Non lle gustou moito cando se deu de conta, senón que levou unha boa amoladura, polo que se ergueu coma un raio e correu dereitiño a un regueiro de máis de tres pés de profundidade que había no fondo do prado e estaba todo cheo de auga. Xura e di que, se Deus o salva, tan axiña como volva ha el saber quen está alá enriba.

Des que chegou á auga encrequenouse para se lavar. Renarte, que baralla como lle facer dano, chouta ao chan o mellor que pode e vai trotando cara a el por tras, para que non o vexa, pois desta vez pretende facerlle unha boa falcatrúa con tanta solercia que non lle dea escapado. Así se lanzou a todo coso, saltándolle ás costas, e o aldeán vese moi malparado porque antes de que se decatase xa caíra na auga. Ten moito medo de afogar e ponse a patexar tentando botarse fóra, mais ha resultar co corpo ben mancado se a Renarte lle sae ben a cousa: chegoulle a hora do xuízo; xa máis nunca ha levar animais a vender.

Renarte vai correndo ao medio do herbal coller un petouto que vira, grande e macizo, e arrebolallo sobre do corpo con tanta forza que aquel non terma de si e cae.

Grisengrín, que estaba sentado cabo de Súa Maxestade Nobre no medio do prado, viuno e amosoulle a esta como o raposo se divertía alá embaixo. Non llo dicía por ben senón por mal, que endexamais o apreciou, e por moito que lle chame seu amigo, co corazón non o estima: por moi boa cara que lle poña queredría velo asado ao espeto.

-Maxestade, -ponse- mirái o mal veciño que é Renarte! Seica nos toma por seus parentes, que nos fai esperar tanto! Que o pape o demo, logo, pois que tan mal nos trata! Nin ven nin dá sinal ningún. Facía un bo mensaxeiro para mandalo buscar a morte, pois había tardar moito en regresar. Vamos alá, daquela, para sabermos por que non ven e que dificultade o retén. Paréceme que o vexo alá, a xogar, brincar e correr naquel regueiro a onde foi. Ben pouquechiño se preocupa por nós. Debeu atopar mantenza, fartouse de comer e nós xa non contamos. Vamos alá, se estades de acordo, e veremos o que fai e por que se demora.

-Concédovolo, -di Nobre- tedes moita razón, e -pola fe que eu debo a san Xiao!- heille facer pagar caro que nos faga agardar tanto. Se é que o fai por menosprezo non lle hei dar respiro, e ninguén lle ha valer se non ten un motivo importante.

Coa mesma erguéronse de onde estaban e lanzáronse cheos de carraxe e de má intención.

O aldeán espernexaba na auga, acurrado por Renarte, con tanto desazo xa no seu corazón -tanto lle zoupara o raposo- que non tiña forzas nin folgos. Por dúas veces chegara ao fondo, e Renarte, que non ten bondade senón engano e trampullada, dise que xa lle amola moito tanta espera alí. Daquela bota unha ollada de arredor e vai coller cadullos de terra que leva na abada. Chímpallos ao aldeán todo de arredor, e enriba do lombo ou dos costados, facéndolle canto dano pode o ruín del.

Que vos hei dicir? Tanto fixo Renarte e tantas pedras e terra guindou que -estivese ben ou mal- aquel afunde por terceira vez. Agora está morto, ben se pode o raposo gabar: non se vai ouvir xa o home falar mal del, de aquí en diante. Renarte -Deus o castigue!- librouse dese xeito. Agora poden ocuparse ao seu gusto das presas, sen medo; están seguros de que el xa non lles ha facer dano e nada llelo ha impedir.

O raposo, completado ao seu grado o que procuraba e rematado o seu ataque, íase poñer camiño de volta cando viu vir Súa Maxestade Nobre e Grisengrín, coa face demudada, achegándose cara a el sen tomaren vieiro nin camiño ningún senón atravesando as herbeiras.

Avisado e prudente, Renarte, des que os viu, foise a brinquiños e saudounos garimosamente.

-Benvido sexáis, de certo, Maxestade! -di- E o voso acompañante.

-Renarte, non vos saúdo! Renarte ruín, deberíanvos aforcar por nos terdes feito agardar tanto sen vir nin dar sinal.

-Maxestade, pola fe que lle debo á miña muller: non puiden eu facer máis. Porque tiven que me enfrontar co aldeán que gardaba o gando e estaba a durmir coma unha pedra á beira do prado. Pensei, con razón, que se el se decataba e nos vía había facernos todo o dano que puidese. E tanto lidei que a poder de enxeño eu estou aquí -san e salvo, roxo e forte, grazas a Deus- e el xace morto nese regueiro, estarricado coma unha ra. Corrí moito perigo mais, con todo, traballei tanto que estamos libres del. Que esteades anoxados pola espera non me asombra, sabéino, pois demoreime moito. E dígovos que é ben certo que moito se anoxa quen espera, xúrovolo polos meus herdeiros. Se soubésedes a verdade non mo habiades ter a mal. Escoitái, que volo vou contar sen mentir unha palabra.

Tras estas falas comeza Renarte a lles contar todo de cabo a cabo: como subiu enriba do olmo e lle cagou no fociño ao aldeán e o espertou, e como foi despois lavarse á auga do regueiro e recachou a roupa, como o raposo saltou ao chan e correu detrás e como bateu con moito pulo guindándoselle contra o lombo a catro patas cando se baixaba para lavar a cara na auga:

-...De xeito que o fixen caír no regueiro, coa cabeza para arriba e o cu para abaixo. Que máis vos hei contar? Cando o afundín na auga, tanto lle zoupei e tanto mallei nel que xa non se ha levantar máis nunca. Vainos deixar en paz para sempre sen nos facer dano endexamais a ningún de nós tres.

O rei escóitao e admírase, bate as mans e fai festa, xurando polos seus ollos e súa testa que nunca tanta agudeza se tiña visto antes.

-Abofé -ponse Grisengrín o lobo- nunca tal invención foi ouvida, e de certo que non creo nadiña dela se non o vexo.

O rei di entón:

- Así Deus me valla, Renarte: contas a verdade?

- Non hai senón que ir ver -di el- se vós non o credes. Ide alá e miraino.

-Maldito quen vaia e se preocupe tanto! -di Nobre- Non estimo eu ate ese punto os aldeáns: tanto me gustaría tocar un aldeán como un xerro de veneno noxento. Que siga aí estrado onde está, e nós imos facer ao noso xeito aproveitando a presa que pillamos. De certo que nos enganabamos moito el e mais eu, ao dicirmos que ti nos querías engrilar<sup>46</sup>. Mais hoxe podo afirmar que non hai na miña corte máis leal e máis sabio que o voso corazón; nin o xabarín nin outro animal: fixestes o traballo moito mellor do que eu coidaba. Mais imos coas nosas presas, repartilas agora xa. Grisengrín, adiantáivos e facéi a partición: moi inxusto sería que cadaquén non levase a súa parte.

Dixo o lobo:

-Por san Medardo, Maxestade, non hai cousa que máis me praza que cumprir o voso desexo porque o certo é que teño unha fame grandísima! Penso que aquí temos un boi, unha vaca e un cuxo para partir.

Entón ponse a matinar no que se di adoito: o que ve o ben e escolle o mal logo se arrepentirá. E logo dise que queredes mellor verse pendurado dunha forca antes de que Renarte levase algo. Se pode hallo tirar, sen partir con el: que vaia cazar a outro lado.

-Maxestade -ponse- así Deus me asista! O mellor que vexo é que destas boas presas vós gardedes para vós o boi. E a xovenca para dona Onza<sup>47</sup>, a fachendosa : halle saber moito e resultar gorenteira porque é moi tenra e gorda. E eu, que non quero moita cantidade, levarei este cuxo simplemente, e ese mozo roxo de pel cheirenta que non sabe apreciar tal vianda, que vaia a outra parte procurar mantenza.

É cousa sabida que un gran señor quere facer todo á súa vontade, sen querer compartir cousa ningunha: todo quere gardar para el. Deus me axude, Grisengrín debera ter conta diso antes de facer a partición! Nobre abanea un pouco a testa cando escoita esa fala e moito non lle agradou, pois eu ben sei que en verdade tería querido todo para el, por moito que antes dixera. Bótase dous pasos a diante, ergue a pata dereita e coa pouta dálle unha labazada tan forte que lle arranca a carne da faceira e o fai sangrar moito.

---

<sup>46</sup> Enganar, engaiolar

<sup>47</sup> Nalgunhas das aventuras de Renarte, de xeito excepcional, a raíña non é chamada *dona Tesa* senón *dona Onza*. Este animal e o seu macho pasaban por ser moi crueis e sanguinarios, e eran relacionados coa *Besta* do Apocalipse.

Diríxese a Renarte e dille:

-Ides partir vós: escoitaremos o que dicides, cabaleiro Renarte, que tanto sabedes.

-Maxestade -ponse Renarte- non debedes, de certo, dicir tal cousa -santa Caridade me valla!- porque non debo eu partir convosco: tomái o que vós queirades e despois dáime á vosa vontade, pois ben sabedes que é xusto que a presa sexa toda vosa.

-Pola fe que lle debo ao apóstolo San Pedro! -di Nobre- Non é así: quero que fagades a partición antes de vos irdes.

-Maxestade -ponse Renarte- pois que tanto o desexades, vou partir a presa. Paréceme que, ao meu xuízo, tal como Grisengrín dicía, o mellor é que vós levedes o boi, acaivos mellor a vós ca a ningún outro. E a vaca, graxa, tenra e noviña, levaráa a señora. E o voso fillo -que xa non mama e foi destetado hai pouco- levará para comer, se estades de acordo, este cuxo tenro e de leite que aínda non ha facer oito días mañá. E eu e este ruín, para a nosa mantenza, iremos de caza a outra parte.

O rei ve que lle foi ben e cando viu que todo era para el, dou un chimp de alegría.

-Renarte, así Deus te salve! -ponse el- Dime de certo sen mentir: quen che aprendeu no seu tempo a partir?

-Maxestade, -ponse el- por Santa Lucía! -aquele ruín de carapucho vermello: nunca outro mestre tiven e non sei se é letrado ou crego nin se leva tonsura, o que sei é que se forma parte da igrexa é papa ou cardeal.

-Renarte, -di Nobre- ti coñeces mellor as mañas do que sabes comer o pan; tolo está o que de ti fai pegureiro, pois -así eu cegue e me corten a cabeza!- non hai animal máis avisado ca ti entre todos os do meu imperio: ben lembrás o que sentes dicir, pois sempre emprende a mellor vía quen polos feitos doutro se guía. E ti seguiches o dito, paréceme a min. Estáivos aquí, vós os dous, que eu voume. Dille a Grisengrín que para outra vez teña conta de facer unha repartición xusta, outramente habíalle pasar o mesmo que agora. Quedái vós, que eu non podo demorarme e voume; cazái no bosque as carnes que vos presten para terdes o xantar, que eu quero levar a miña presa. Vós e Grisengrín, de certo -xúrovolos pola miña cabeza!- sabedes partir ben. Estou totalmente de acordo co que dicides, e ningún home que eu aprecie havos contradicir. Ide logo en procura do que queirades, que esta miña non a ides catar.

-Ai, Maxestade! -ponse Renarte- Non digades iso: seica esa é a recompensa por vos ter eu traído aquí? De certo que se non teño algunha -mesmo pequena- non vos hei poder gabar. E se non mo queredes dar a min, cando menos doéivos del, cando menos dáille a el un pouco para que poida xantar, porque está tan maliño que non dá cazado: mellor fora que o deixades eivado dun pé! En verdade que será pecado se o abandonades tan esfameado. Dóime moito del -Deus me asista!- e mais non teño nada para lle dar. Por Deus, eu daríalle gustosamente de xantar se tivese o que, pois moito me conmove o corazón velo así ferido: deixástelo co casco ao descuberto pola faceira.

Con estas falas Renarte púxolle cara de burla a Grisengrín, que non o viu. Nobre observouno e riu, dicindo:

-Ai, Renarte, moito sabes ti de trécolas, ti que tes saído de tantos enguedellos. Deus ben sabe a conveniencia que buscas ao me sermoneares así: dilo por te doeres máis de ti mesmo ca del, abofé! Porque eu ben sei que se lle deixase algo a el, aínda ben non dera eu a volta ti lle habías ter tirado a súa parte e amosado a forza, sen poderse el opor. Por moito que rabease non había levar nin chisca, que eu cegue se non é certo! Mais vou facer algo moito mellor, o Espírito Santo me valla! Nunca máis habedes luxar ninguén de merda, nin con feitos nin con palabras, senón que vos hei abaixar tanto que ningún dos dous ha

escarnecer o seu compañeiro. Nin do lombo nin da pata nin do pezuño vos hei eu dar endexamais nadiña.

Tras estas falas, Nobre vaise e deixa Renarte no medio do prado facendo coma quen que estaba moi encarraxado por estar Grisengrín ferido (cando o golpe estaba todo contento). Dille entón o raposo ao lobo:

-Así Deus me guíe, compadre, ben burlados quedamos e ben vos mancou o rei sen dereito nin razón! Non volva eu ver a miña casa se el non vos fixo moito mal e moita aldraxe! Ben merece castigo e espero que un día o teña; quen queira obrar contra del, penso que llo ha facer pagar caro. Eu creo que, ao lonxe ou ao preto, na dificultade debemos aconsellar ao amigo o mellor que poidamos, e eu vou traballar para que sexades vingado, porque me aledaría moito ver que Nobre tiña atrancos. Se el tivese un pouquechiño de sabenza, de benser ou de cortesía non tería collido a presa toda para si sen nós levarmos nada. Moi abaixados ficaríamos se lle permitísemos triparnos dese xeito porque podería esmagarnos de a feito se nós non lle fixésemos fronte. Eu aconsello que, antes de que a cousa vaia a peor, procuremos a arte e maneira de tomarmos vinganza. De primeiras por vós -que el maltratou tanto- e tamén polo asoballamento que nos fixo ao nos tirar a nosa parte da presa que tiñamos en común. Non debía pórse tan gabancioso polo feito de estar por riba vosa, pois -pola fe que vos debo, benquerido compadre!- por moi malo e fero que sexa habémonos vingar del.

Grisengrín escoita a proposta que Renarte lle fai de traballar e poñer toda a súa sabenza en se vingar do rei, que tanto o maltratou e que el odia máis ca a home ningún polo mal que lle fixera sen motivo para recibir dano. Se soubese o que, había facerlle de grado algo que ao rei lle despracese, de tal maneira, certamente, que non se dese decatado antes de a cousa xa feita. Mais matina que non dará rematado o que emprenda se non ten a axuda de alguén máis fino ca el e a quen poida -con toda seguranza- abrírlle o seu corazón.

“-O que? -ponse- Preocúpome por nada! Estou a ver o meu compadre -que me quere a min máis ca a seu irmán e sabe en por el máis mañas ca os vinte e dous mellores da corte do rei- e seica non lle hei eu abrir o meu corazón?

-Pois non, porque se llo eu dixera non sabería se el me iría acusar perante o león. Teño medo de que así fose. Por todo o país onde naceu din que é de moi mala sá<sup>48</sup>, polo que non me atrevo a fiarme nel. Non quero que vaia proclamar á corte o que eu matinei.

-Ai, ho, éche unha tolería pensar iso do meu benquerido compadre Renarte! Non coido que el -así Deus me garde!- fixese tal cousa por nada do mundo. É home cabal, ben o sei porque o teño comprobado dende hai moito tempo, e sempre o atopei ata agora home moi leal. Pola fe que lle debo a san Pedro de Roma, hei seguir o seu consello! É meu compadre por lei e sei que non me había facer mal nin perseguirme.”

Así disputa Grisengrín consigo mesmo, e no final da discusión decide que ha facer o que aquel diga e aconselle para axuda do asunto. Porque sabe ben que non hai ninguén como Renarte nesa necesidade. Entón comeza a lanzar desde lonxe palabras moi enfeitadas e dille amistosamente:

-Meu benquerido amigo, meu benquerido compadre, aconselládeme como cómpre, porque preciso o voso consello: non darei chegado á noite se non tomo vinganza de Nobre, que me esfolou a face toda tirándome o coiro. Por iso vos digo, benquerido amigo que por min tanto traballades, que me aconselledes a boa fe.

---

<sup>48</sup> Xeración, caste, estirpe.

-Polo gran san Leonardo, talmente hei facer! -di Renarte- Mais arestora non é o momento: ide para a vosa casa e deixémolo estar un tempinho.

Coa mesma, o consello estivo dado e Renarte regresa ao seu tobo, en canto que Grisengrín, o seu compadre, volve para a súa morada.

Aquí deixa Pierre quedar o conto no que traballou, deténdose no consello de Renarte.

## GRISENGRÍN E OS DOUS CARNEIROS

Vouvos falar de novo de Grisengrín e como se volveu poñer en camiño pois quería regresar.

Cando ía espaxeándose, sentiu mear as ovellas no campo e dirixiuse a aquel lugar. Ao saír da fraga viu dous carneiros nun campo, un era Carnocho e o outro Carruxo, ambos moi aprezados por don Tiarte<sup>49</sup>.

Estaban a se espaxar na testeira do prado e andaban a se trucar cos cornos. En canto que así enredaban, a pegureira fórase e ao pegureiro os carneiros esquecéranlle: os dous que tiñan que ter conta deles fóranse. Gando mal coidado lobo ben alimentado! Se entre Carruxo e Carnocho non se gardan de Grisengrín, se non son sabios e axuízados, mal lles ha ir esta lea.

Carnocho é o máis coitadiño, polo que falou primeiro Carruxo:

-Benvido sexáis, benquerido señor lobo.

- Eu non vos saúdo ningún dos dous. Endexamaís hei saudar un animal que eu queira comer.

-Señor Grisengrín, ben sabemos que os dous somos teus e que nos vas comer no momento en que queiras. Mais, se che parece, dada a túa xenerosidade, primeiro fainos un servizo: ponnos de acordo nunha cousa moi importante. Porque el di que este campo é seu e eu digo que é meu. Señor, se vós o partídeses en dúas metades de xeito que eu levase a miña parte e Carnocho a outra, poderíades facer connosco o que quixerades ao voso grado.

E Grisengrín dixo:

-Totalmente de acordo, mais primeiro dicime como hei facer.

-Señor, botaivos un pouquiño para fóra; cada un de nós vai recuar algo e vir correndo dende atrás tanto como poida: canto máis corra, maior parte do campo ha levar.

Dixo Grisengrín:

-Concédovalo: arredaivos de min. Carnocho vai vir pola dereita e Carruxo pola esquerda.

Carnocho era o máis lixeiro, pois era o máis novo, mais Carruxo era máis asinado porque nacera antes.

Afastáronse os dous seguindo o que o lobo dispuxera, e este deu-lles o sinal:

---

<sup>49</sup> Seguramente o seu propietario.

-Bulí, señores! Corréi o máis que poidades!

Carnocho móvese a todo coso. Cando chega ao carón do lobo baixa os cornos e con toda forza bate en Grisengrín. Este vese lanzado por diante do carneiro e cae de costas contra o chan. Ao que se ergue, velaí ven Carruxo que bate nel polo outro lado botándoo contra Carnocho.

Rompéronlle catro costelas e houbérono deixar morto.

Daquela marchan, e ao lonxe vano escarnecendo.

Desmáíase o golpe máis de cen veces e está agoniado e destruído. O sangue abróllalle polo medio do nariz a golfaróns.

Dende que acougou un pouquiño volveulle o acordo.

-Ai, malpocado de min! -dixo- Doente cativo! Malfadado! Fago coma o miñado que vai cazar unha cotovía, e píllaa por voar el tan axiña, mais despois déixaa escapar. Estes verdadeiros demos, os señores estes, fixéronme partidior: e a min que me importaba ter, dar ou partir terras?<sup>50</sup>

Esta póla é boa, pequeniña e feitiña, se se sabe contar ben.

---

<sup>50</sup> En *O lobo sen rabo* (Anónimo 1925) o lobo fai tres intentos de comer distintos animais (dous carneiros, unha besta coa súa cría e dúas cabras) mais estes engánano pedindo que os axude a partir un campo, a tirar unha espiña da pata e a dicir misa. Ao final o lobo reflexiona ao pé dun carballo: "*Cando eu fun partidior de campos,/ cando eu fun sacador de espiñas e cantador de misa,/se viñese un raio e me partise xa me daría a risa!*". Un carpinteiro, dende un carballo, guíndalle unha machada e córtalle o rabo.

## GRISENGRÍN E O CREGO MARTIÑO

Meus señores, din os que tratan asuntos divinos -e está escrito en pel curtida- que o que ten un ruín veciño ten ben veces descamiño. Dígovolo por Grisengrín e un crego: don Martiño.

Era o crego algo velleiro e nunca moi letrado fora; sabíavos máis de preparar porco asado que de lectura de libros. O crego Martiño era moi experto en alimentar nesas herbeiras ovellas que lle daban moitos queixos. Mais o lobo -que o mal o confunda!- fíxolle moito derramo. Vivía pretiño del, na fraga, e ao morar ao seu carón fixéralle moita perda. Moitas veces, esas ovellas, se eran pares el virábaas impares, e se eran impares volvíaaas deixar pares. Moi doente andaba o crego Martiño e, en troco, moi ledó Grisengrín.

O crego Martiño matinou en facer unha fochanca profunda. Ao que a tivo feita como el quería, puxo por riba unha vara e enriba dela colocou un canizo, pousándoo ben equilibradiño e ben atadiño á vara. Recubriu despois todo e atou un año na vara: se Grisengrín vai por aí e quere pillar o año, ha caír do canizo e non lle ha ser doado subir do foxo.

Ao que o tivo ben preparado foise de alá.

Grisengrín, que pasa moita lareca, ergueuse unha noite escura cando toda a xente está a durmir tranquila e foise a todo coso ao lugar onde de adoito colle a súa mantenza. Atopa por ventura a trapela, e cando ve o año alédase moito de encontrar presa. Vai todo seguro polo seu camiño, sen medo de que ninguén o vexa. Axiña sobe no canizo e, ao pandar este, cae abaixo. Grisengrín ve que está preso e non sabe de certo se vai escapar.

-Ai de min, coitado! -ponse- Doente cativo! Como me sorprendeu a cobiza! Podo dicir e xurar que de aquí non vou dar escapado. Hei pagar ben caras as ovellas que me viron levar. Ten boa razón o que di que ao final o cántaro rompe.

O crego andou toda a noite preocupado, a barallar, sen dar durmido. Tan axiña como viu lumbrigar, érgueuse axiña e pillou unha moca. Vai ao foxo e polo buraco ve que o lobo está alí dentro. Cando o ve moito se aleda, tira a vara e o canizo, e despois quita a roupa, todo alporizado. Dille entón a Grisengrín:

-Cabaleiro Grisengrín, ídesme pagar arestora todo canto vos levo prometido. Ides aprender con este pau o nome do crego Martiño.

O crego ergue a moca e Grisengrín ben a viu; quixo zouparlle na testa, mais Grisengrín soubo rispase; desta vez non o tocou pois sabe moito de esgrima. O crego Martiño matinou entón outra cousa: puxo o seu pau cara a abaixo, de riba do lobo, e díxolle a Grisengrín:

-Moito me ha doer o corazón se non che rebento un ollo!

Ao dicir isto bota para diante o pau e Grisengrín, que ventaba o mocazo, arreda del a testa e pilla o pau. O crego turra del cara a si e coas dúas mans fai forza. O lobo abanea para un lado e para o outro, tratando de tirar o pau. Era de ver o crego forcexar para se apoderar daquela moca! O lobo, pola outra banda, gurra. Moito se esforzaban ambos os dous, turrando do pau cara a si!

Tal como nos di a Escritura<sup>51</sup>, aconteceulle unha aventura ao crego: a terra afundiuse debaixo del, caíu so os seus pés e el foi embaixo co seu pau.

Moito medo tivo Grisengrín, mais o crego tivo aínda máis e comezou a recitar o seu salterio<sup>52</sup> palabra por palabra e despois encomendouse a Deus pedíndolle que o gardase da prisión, repetindo arreo o salmo que di *Miserere mei Deus* e o *pater noster*.

Grisengrín sáltalle ao lombo, o crego cae medio morto e o lobo lisca axiña alancando por agras e arboredos. O crego está caído na fochanca sen rebulir nin mover a cara, mais Grisengrín bule ben, rindo contento de ter escapado saltándolle enriba do lombo cando se viu preso no foxo.

Os criados do crego tirárono de alá decontadiño e despois riron co que lle pasara. Ben vos podo dicir e afirmar que nunca despois el cantou misa ou salterio con tanta aplicación e atención como fixo mentres estivo en poder de Grisengrín!

---

<sup>51</sup> A Biblia, no libro dos *Números* (16, 31-32).

<sup>52</sup> Libro dos salmos.

## GRISENGRÍN E A BESTA

Vouvos contar agora o que lle aconteceu a Grisengrín cando chegou a noite.

Foi correndo por eses bosques, pensando que ben tolo é o home e o lobo que vai só a calquera parte podendo levar compañía que moitas veces é precisa, aínda que tamén hai quen pode acompañar e despois traer atrancos.

Entrementres pensaba isto para o seu corazón foi saíndo do arboredo e viu nun prado unha besta a pacer á beira dun trugal. O lobo foi alá bulindo, dereitiño pola costa, e ao chegar xunto dela saudouna:

-Deus vos garde, miña amantiña Poldrela! -dille el.

-E tamén vos garde a vós, cabaleiro Grisengrín! De onde vides tan cedo?

-Miña señora, -responde- escapei de mans ruíns que me tiveron a noite pasada: o crego Martiño fixo una trapela para me pillar e tívome preso a noite toda. Se eu tivese un compañeiro, este teríame tirado de alí, por iso volo contei. Se quixerades ser a miña compañeira habíamos facer moito gaño. Eu habíavos dar de comer en abundancia do que máis vos prestase, bo trigo, boa avea, bo orxo, sen moito traballo. Habiadesme ter a min de grande axuda pois sería eu o que fose cazar. Fariamos boa compañía. Pensái, señora, nese aldeán que vos mata a traballar e vos fai tirar polo arado: sempre sodes vós a que gaña o seu proveito e a vós nunca vos dá nada, non sendo o refugallo do que colle, o que el non quere. Ai, Poldrela, doce amiga, acompañáime e habedes estar fóra do perigo doutra persoa. Non ides ter que tirar do carro nin levardes carga, e para sempre ides vivir tranquila.

-Cabaleiro Grisengrín, se eu puider, de grado vos acompañaría, mais non podo camiñar nin correr, e por iso estou por aquí a pacer. No talón do meu pé dereito entroume onte unha espiña ao ir por un carreiro. Se vós ma tirásedes cos dentes non había eu deixar de vos facer compañía nunca. Poderíavos ser eu de utilidade, pois faría todo canto quixerades, porque se vos queren acurrar cos cans ben hei saber eu como espaxotalos, trabarlles cos dentes, zouparlles cos pés. O que eu acade será axiña xulgado, o que eu pille non ha ter ganas de volver atacar.

Dixo entón Grisengrín:

-Amosaime o pé no que tedes a espiña e decontado eu vola tirarei sen precisar outro médico.

A besta ergue o pé e o lobo encrequénase limpándoo coas unllas. Grisengrín debrúzase para limpalo e escavicha e escarrapecha. Poldrela estira a perna e bate Grisengrín

entre o peito e o fociño guindándoo polo chan no prado<sup>53</sup>. Poldrela vaise dando pinchos e botando peidos, co rabo ergueito. Grisengrín estase aí, estradiño, un bo anaco, e logo di así:

-Ai, pobre coitado de min! Se mal estaba, aínda estou peor. Non sei xa en quen fiar, non teño confianza en ninguén.

Láíase así Grisengrín  
e desta aventura é o fin.

## RENARTE E HERSEDA

Renarte atravesou correndo un bosque cheo de silvas medradas e mestas. Antes de rematar virou, e foi bater cun valo que estaba por riba dunha cova escura. Alá aconteceu unha aventura que lle causou mágoas e coitas; por ela -polo demo e o pecado- comezou a liorta con Grisengrín o condestábel.

Cando viu a pena furada non soubo de que se trataba e adiantouse un pouquiño para pescudar e averigualo, sen lograr resposta. Antes de se decatar de nada atópase embaixo, no medio da sala de don Grisengrín, seu inimigo. Están alá catro lobachos con dona Hersenda, a loba, que mantén e cría os seus fillos e a cada un lle dá a súa bicada. Acabara de parir, mais non vestía a cofia.

Hersenda mirou e viu a porta entreaberta e, como a claridade a mancaba, levantou a cabeza para ver quen entrara.

Renarte era magro e miúdo e acubillouse tras da porta, mais Hersenda, a do rabo torto, coñeceuno ben pola pel roxa. Non tiña escusa para estar alá e ela díxolle rindo:

-Que andades a asalar<sup>54</sup>, Renarte?

Daquela o raposo quedou descuberto e avergoñado de a feito, sen se atrever a dar fala ningunha por medo de que a Grisengrín lle parecese mal.

Hersenda levanta a testa e érguese, dirixíndose de novo a el en canto que acena co dedeiro:

-Ai, Renarte, Renarte! A vosa pel ben mostra que sodes traidor e de ruín caste. Nunca denantes vos preocupastes polo meu ben nin viñestes onde eu estaba. Non coñezo eu compadres que non visiten as comadres.

El colle tal medo e tal pavor que non dá respondido senón:

-Señora, Deus me confunda se é que algunha vez por mal ou por xenreira non viñen á celebración deste parto. Viría moi de grado, mais cando vou por eses camiños e me axexa don Grisengrín por vereas e sendeiros non sei o que eu faga, tanto me odia o voso señor. Moita xenreira me ten, mais que este meu corpo se condene se eu algunha vez fixen cousa ningunha pola que me deba ter rancor. El di que estou namorado de vós e fixo moito balbordo por estas terras entre os seus amigos, facéndolles promesas para que me

---

<sup>53</sup> Ver nota 50.

<sup>54</sup> Axexar, espíar.

abaixasen e me abafallasen. Dicime, logo: de onde ven esa tolemia de vos eu requirir? De certo que non o había facer nunca nin tal fala me gusta!

Hersenda, des que ouviu a nova, salta e arde coa ira:

-Como, cabaleiro Renarte? -pregunta- Din tal cousa? Certamente moi mal sospeitan de min! Hai quen cre vingar a súa honra e o que fai é atizar o lume. Non me avergoña dicilo: endexamais pensei ruindade, mais, pois que me acusan, quero facer verdade iso de que me amades: vide moitas veces onda min, que vos terei por namorado. Abrazáime e bicáime! Podedes estar tranquilo que aquí non hai quen vos vaia acusar.

Renarte ponse moi ledto, adiántase e bícaa. Hersenda levanta a perna, moi contenta da cerimonia.

Logo, Renarte prepárase a partir pois non quere demorarse moito por medo a que veña Grisengrín. Mais, con todo, antes de partir vai cabo dos lobachos e mexa por eles, un despois do outro. Pilla todo e todo come, bota fóra todo canto atopa, carne curada e carne fresca, tira aqueles dos seus leitos, insúltaos e zóscalles ben forte como se el fose o amo, chámalles pequenos bastardos, ousadamente coma quen non ten medo de ninguén non sendo de dona Hersenda, súa amiga, que non o ha descubrir. Deixa en bágoas os lobachos e Hersenda vai xunta eles agarimalos e pedirllas:

-Meus fillos, non sexades tan tolos e tan parvos de lle contar nada ao voso pai, abofé, nin que saiba que vistes Renarte aquí dentro!

-O que, ho? Arredemo! Seica imos amparar Renarte o roxo, que odiamos a morte e aquí recibistes enganando ao noso pai que fiaba en vós? Endexamais -se Deus quere- tal ruindade na que tanto nos maltratou ha quedar sen vinganza!

Renarte escóitaos roñar encarraxados coa súa nai, polo que se pon decontado en camiño, coa cabeza baixiña para que ninguén o vexa, e volve ás súas cousas.

Nestas, regresa don Grisengrín á súa morada entobada no penedo. Tanto correu e percorreu, tanto buliu e corricou que ven todo cargado de vituallas. Non lle preocupan as coitas doutro.

Cando se atopou de volta cos seus -que Renarte tanto fixo adoecer- os seus fillos contáronlle a berros que lles zoscaran, fixeran pasar fame, mexaran por eles, os maltrataran e insultaran e lles chamaran fillos de puta, bastardos e espurios.

-E aínda foi alén, pois dixo que vós erades un cornudo!

Alporízase todo Grisengrín ao escoitar como acusan a súa muller e por pouco queda sen acordo. Ouvea e brúa coma un demo.

-Hersenda, en moi mal lugar me deixas, puta noxenta, puta ruín! Eu que te alimentei con tanto coidado, tan ben te protexín e te dotei de tanta riqueza, e veu outro foderte! Moito muda o teu corazón cando Renarte, o roxo, o cheirento, o miserento bandallo, o laverco, chegou a che subir enriba! Deus me asista, nora má fun eu cornudo! Deshonráchesme de a feito! Se non cumpres totalmente a miña vontade, endexamais has xacer cabo de min pois que recibiches tal hóspede!

Xa podería Hersenda doerse canto quixese se non se comprometese a facer a vontade de Grisengrín.

-Señor -ponse- diríavos que estades encarraxado e non tedes dereito a amosardes aquí a vosa ira, porque se me deixasen negalo con xuramento ou co xuízo de Deus faríao

claramente, mesmo enfrontándome indefensa ao lume ou á forza. Prométovos que hai cumprir todo o ben que poida o que vós queirades mandarme.

El non sabe que máis ordenar, pois ela comprometeuse a todo canto lle pediu. O seu amúo pasou; con todo faille xurar que, se o ve, endexamais ha deixar vivo Renarte. Que se garde o raposo, xa verá!

Grisengrín púxose ledos e satisfeito e dixo que había axexar ben Renarte antes de se botar á guerra, que sería un tolo se non tomaba precaucións. Deulles bo traballo espreitar o raposo, mais antes de decorrer unha semana acontecelles unha estraña aventura.

Alá onde se cambia de camiño, cabo dunha estivada á beira dunha chouso, houbo Renarte quedar entalado.

Recolleran xa os chícharos e atáranos facendo mollos que estraran no camiño. O raposo coñecía ben o lugar e viñera para furar e cachear en procura de comida.

Grisengrín, que non pide máis ca pillalo, baixa a cabeza e bota un berro ao recoñecelo. Renarte, que nada confía, ouviuno ben e entendeu, e deulle sebo ás canelas. Despois, Grisengrín e Hersenda bótanse após del a perseguilo, mais non dan adiantado.

Renarte colle o sendeiro estreito e Grisengrín o de máis á dereita; Hersenda apura para pillar Renarte e vai atrás del.

Grisengrín decátase de que marrou e que Renarte se meteu polo outro lado e volve atrás para o perseguir. Ao velo, o raposo non se atreve a ceder e pica máis as esporas ata a entrada dun val encaixado e métese axiña por alá. Ve entón a súa amiga dona Hersenda, que se achega acesa, sen temor ningún del. Daquela fixo Hersenda unha parvada moi grande: entrou no foxo a todo coso ata o ventre. O castelo era macizo e Hersenda métese na tobeira con moito pulo, mais non dá recuado.

Cando Renarte ve que está atrancada non quere renunciar de ningún xeito a gozar dela a pracer. Pouquiño lle faltou a Hersenda para estoupar, por culpa de Renarte e mais do foxo: o foxo a apertar por baixo e Renarte a bater por riba. Ninguén hai para valela, só o seu rabo que ela aperta contra os riles de xeito que non se ve nada dos dous buracos traseiros, nin de fóra nin de dentro. Renarte colle o rabo cos dentes e bótalo sobre do lombo, desentupindo os dous buracos, e despois guíndaselle enriba, ledos e contento, e faille todo, con tempo e con vagar, á súa vista, gústelle a ela ou non.

Hersenda berrou entrementres llo facía:

-Renarte, estádesme forzando!

E o señor Renarte volve, dándolle tan forte que todo o foxo treme.

Antes de rematar dille para aldraxala:

-Dona Hersenda, vós diciades que nunca máis me habiades solicitar e que endexamais vos había tocar, porque eu fachendeaba. Pois agora non o vou negar: se o fixen volvereino facer! Dígoo e repítoo! Máis de dez e dunha ducia de veces!

E comezaron de volta.

Antes de se separaren, chega Grisengrín furando o mato e atópase coa voda. Ao non poder achegarse a eles non fai senón berrar:

-Ei, Renarte, andái con xeito! Por todos os santos do Ceo! Habédesmas pagar!

Renarte buliu decontado e díxolle ao se afastar:

-Señor Grisengrín, encarraxádesvos cando vos fixen un favor. Mirái que Hersenda está atrancada. Se a axudo a desentalarse e a se tirar do buraco facedes baralla? Por Deus, meu señor, non vaiades pensar que eu lle fixen cousa ningunha, nin lle levantei as saias nin lle tirei as calzas. Polo meu corpo e alma que non lle fixen nada á vosa muller, e en defensa miña e dela propóño-vos un xuramento onde vós queirades e segundo dispoñan os vossos mellores amigos.

-Xuramento? Traidor probado! De certo que non contedes con el! Non habedes vir con mentiras, andrómenas e lérias. A cousa está clariña, non lle poñamos un cobertor!

-Ai, ho, meu gran señor! -dixo Renarte- mellor é que digades outra cousa e non faledes así.

-Como? Seica teño os ollos choscos? Pensades que non vexo miga? En que país empurran e apuxan algo que se quere tirar cara a un, como vos eu vin facerlle a Hersenda?

-Deus me asista, meu señor! -dixo Renarte- Vós ben o sabedes: enxeño e arte son quen de amañar algo que a forza non dá conseguido. A señora, que é tan voluminosa e grosa, quedou presa nese foxo e non podo tirala nin cara a atrás nin cara a diante recuando no buraco. Meteuse ata o ventre e a entrada é estreita, mais ao se alongar vaise agrandando. Por iso quixen mellor apuxala. Non a daría tirado cara a min pois esoutro día partín unha perna. Velaí tedes a verdade e debédesme crer se non queredes vir con escusas buscar liorta como adoitades. E cando a señora dea saído de alá, seguro que non reclama nin protesta se non quere mentir.

Con estas falas entobouse, despois de se ter explicado.

Grisengrín está da outra banda e ve como Renarte colle e vaise, despois de telo deshonorado diante dos seus ollos e, aínda por riba, despois de se ter burlado e mofado del. Mais non ten ansia de discutir senón que se ergue para valer a súa muller, que está en mal trance.

Cóllea polo rabo e turra dela con tanta forza que Hersenda ten tal martirio que, no sufrimento, o buraco de atrás lle rompe. Grisengrín ve que ela se baleira, entón recúa un anaquiño, ao se decatar de que sen alargar un pouquiño a pasaxe Hersenda non se daría tirado, o que o pon doente. Non é preguiceiro nin lento e coas súas unllas bótase a rabuñar, tirando fóra a terra coa pata, e mira dunha beira e despois da outra. Que o demo o leve se non é quen de facelo! Cando leva tirado abondo, de riba, de baixo e do lado, vai xunta Hersenda e móvea un chisquiño e, ao atopala algo solta, zoupa, gurra, guinda e peta. Por un pouco o rabo non parte, mais estaba ben atado. A poder de turrar e gurrar del (grazas a Deus resistiu) Hersenda saíu para fóra.

Cando Grisengrín a ve libre, ponse:

-Ah, puta víbora noxenta! Puta serpe! Puta cóbrega! Ben vin eu o choio todo! Soubo cuspirme Renarte, que o vin montarte por tras! Non te podes esconder!

Por pouco non arrabea Hersenda, coa carraxe contra Grisengrín, por esta acusación, mais o que fai é contarlle todo de cabo a cabo:

-Señor, certo é que me aldraxou mais eu non teño culpa na desfeita pois que fun forzada. Deixái estar esa contrariedade: o que está feito xa foi. Pasái a outros asuntos e atendéi a eles! Esta falcatrúa non vai ser emendada por cousa que nós poidamos dicir. Na corte do león Nobre celébranse os preitos e audiencias das guerras mortais e dos

enfrentamentos: levémoslle unha reclamación e Renarte podería axiña ter que pagar por ela se aquel acepta.

Estas falas sosegan a ira de don Grisengrín:

-E certo que rosmei moito, moi tolo estaba e pouco sabía, mais este consello volveume ao rego. Mal lle vai virar a Renarte o seu derramo se podo pillalo na corte do rei.

Dito isto bótanse a andar e non paran nin rematan ata chegaren á corte. Eu coido que Grisengrín, como poida, vai sentar ante o tribunal e levar a xuízo o roxo Renarte, pois o lobo era moi avezado e sabido e coñecía ben diferentes maneiras de falar e o rei nomeáralo condestábel da súa casa e da súa mesa<sup>55</sup>.

### RENARTE, ROÑÓN E TRUCANTE

Foi arredor da Pentecoste, día moi sinalado<sup>56</sup>, cando Nobre celebrou a súa festa. Xuntáronse moitos animais, pois o lugar estaba cheo deles. Non se atrevía a ir aldeán ningún pois teríano botado sen andar con paniños quentes. Non había ninguén que non fose de rango, de alto prezo e alto nome, só altos personaxes que honraban o seu señor facéndolle a máis importante festa que ningún home dera coñecido, e non houbo ninguén que non levase, cando menos, manto de pel de esquío vermello ou cincento. Mais o casteleiro de Val Gris, don Renarte, do que procede todo mal, non veu á corte nin mandou razón -évos certo, Deus me valla!- aínda que o convocaron dez veces e mesmo vinte. Nin por iso veu nin ha vir, así poida el facelo. Mais o rei -penso eu- halle facer pagar, sen lle dar perdón se é que pode, o desprezo que lle fixo á corte.

Daquela dixo Nobre:

-Señores, perante vós presento queixa contra Renarte -do que tanto teño que reclamar-, ese traidor de noxenta caste. Non debedes ocultar nin calar o bo consello se é que o sabedes. A vós e mais ás persoas da miña intimidade prégovos e encoméndovos arestora que mo xulguedes, segundo dereito e razón, polo seu desprezo. Despois heivos dicir -se vos praxe e queredes- o motivo polo que vos convoquei.

Ao que findou a súa fala todos mantiveron a testa baixa, moi matinadores e soturnos, pensando no xuízo. Nin un só ousou rosmar e cadaquén deixou o outro responder; todos calaron e escoitaron, todos tiveron temor e receo a que, se fan un xuízo sobre Renarte que sexa danoso para este, o raposo, como dea atopado lugar e ocasión, ha abafallalos ben, por moito que se garden. Sábeo de certo cadaquén, polo que todos se senten anguriados.

Érguese, daquela, Grisengrín, a quen Renarte ten feito moita falcatrúa. Séntese deshonorado se non se vinga e sabe que endexamais ha ter oportunidade coma esa.

Di, logo, Grisengrín:

-Rei, dignaivos escoitar o que eu quero dicir. Eu son vasalo voso e vós sodes o meu señor, por iso é o meu deber aconsellarvos. Non se deben sorprenden os que pandan para o

---

<sup>55</sup> Ese labor, máis que ao condestábel correspondíalle ao senescal.

<sup>56</sup> A festa de Pentecoste é a terceira na liturxia cristiá, despois do Nadal e da Pascua de Resurrección. Non semella casual que nesta aventura de Renarte se escolla tal día para a reunión da corte de Nobre co seu rei, pois na Pentecoste rememórase o descenso do Espírito Santo e a súa iluminación aos discípulos de Xesús reunidos.

lado de Renarte: que escoiten e ouzan. Pois que os outros non se queren mover, adiantareime eu en prol da verdade. Rei, -di o lobo- escoitáime! O xuízo que pedides quere moito coidado. Pola miña banda, paréceme -así me asista San Leonardo!- que Renarte vos ten feito moito mal cando desouvíu dese xeito a vosa orde. Ao non se dignar a vir perante vós, deberían pagar. De certo que moito vos abaixou ese galafate, ese lercho, ese merdán: convocástelo hai xa máis dun mes, mais ben pouca consideración vos tivo ao non se dignar propoñer unha data diferente nin pedir o adiamento. Rei, tomade agora vinganza do desprezo, da ruindade e a vergoña que vos fixo. Digo que en xustiza, sen outra forma de preito, fagades confiscar as súas terras conforme á vosa vontade ou o fagades meter en prisión sen posibilidade de rescate, para que outros non fagan coma el.

O rei e certos baróns están de acordo con Grisengrín no que dixo sobre Renarte canto ao xuízo e á consideración. Outros son contrarios, mais non se atreven a discutilo porque Renarte é moi odiado.

Ese día Renarte houbo ser morto e arrastrado sen despois resucitar (esa é a pura verdade) de non ser por don Rabuñas, o gato, que o librou coa súa teimosía. El matina na aldraxe e o abafo que lle causou Renarte cando o botou á trapela; aínda lla ten gardada a Renarte se se presenta a ocasión. Emporiso quere o gato axudalo contra o lobo perante o rei. Ídelo hoxe ouvir falar a prol de Renarte, pois que de bo grado o axudaría na esperanza de se pór a ben con el, ao estar o raposo encarraxado. Daquela Rabuñas ponse de pé, bota o rabo de arredor do pescozo e afía a lingua e a desata para falar ben, arrepuñando os pelos todos da súa pel. Calan os que se encontran na sala e Rabuñas abre a súa arca dicíndolle ao rei:

-Maxestade, deixa a palla e colle o gran: en todas as cousas cómpre siso e mesura. Escoita, rei, as miñas palabras. Grisengrín non se formou en boa escola para emitir xuízo, polo que mellor fora calar que pronunciar parecer e xuízo do que despois dixesen que era mentira. Non é xuízo legal o que el emitíu senón falso. Ninguén que respecte o dereito ha xulgar outro ás costas deste. Por outra banda, non hai que crer o que el diga, esa é a verdade. E vós ben sabedes que estes dous vasalos nunca un día da súa vida estiveron en paz senón a mal e con envexa entre eles, cunha mortal xenreira que lles dura dende hai moitísimo tempo. Nunca a ben estiveron os dous. Por iso vos digo, segundo eu penso, que Grisengrín fixo sobre Renarte un xuízo tolo e un tolo parecer. Moi agre é entre eles dous a guerra e fai mal o lobo en querer xulgar o seu compadre desa maneira revirada e en excluílo da corte. De certo que vos dá un consello enganado cando vos solicita que o desherdedes e o excluades do tribunal. Non lle creades, benquerida Maxestade! Sabedes o que eu podo dicir de Renarte? Non hai barón na vosa terra que saiba loitar mellor, nin repeler os inimigos, nin que máis se teña empregado, e poderíades precisar del en caso de quererdes facer guerra. Nunha necesidade, coido que vos sería de máis axuda que todos os baróns da vosa casa xuntos. Por iso pareceríame de razón que denantes de dar sentenza fósedes coidadoso e fixéseades convocar Renarte por un dos vosos pares<sup>57</sup>: non é cousa de mandardes chamar por medio dun criado un tal cabaleiro e barón tal. Deus me valla, Maxestade, moito me sorprendería que seguirades o consello de Grisengrín! En ningún caso, en suma, debedes polo que este diga deshonrar un home nobre. Así Deus me dea boa ventura como sería cousa fea e ruín facerdes así, sen que Renarte tivese a súa oportunidade. Rei, guiáivos pola razón, porque aquel que non a segue e se mantén así, ve a súa vida andar aos tombos. Con todo, segundo o meu sentido, direivos o que eu penso

---

<sup>57</sup> Vasalos do mesmo rango que o seu soberano.

neste asunto: ao pecador, misericordia! Cando hai home morto a acordo se chega. Bon rei, mandaino convocar e que veña á corte e responda de canto vós queredes saber, outro mellor consello non ides ter. E entón, se é que non comparece, non ha resultar asombroso que saia con mal, porque el négase a aceptar o preito. Ninguén o debe escusar xa, pois parecería unha rapazada: pola contra, víngate nese momento.

Rabuñas calou, sen querer dicir máis nada. O rei botouse a rir e os baróns dixeron a unha:

-Ben falado, Rabuñas, tal nos parece.

Cando Grisengrín o sentiu, avergoñouse moito de que Rabuñas desfixese o seu conto. Todos o apupan, o que a el moito o anoxa, e o rei érguese no medio do apupo.

-Señores, -ponse- moito me doe que botarades esas gritas: non viñemos aquí para iso. Deixái os berros e a liorta e, canto a Renarte que así me ofende, aconselláime o que debo facer e a quen da miña corte podería mandar, e de grado enviaría eu un home sabio se soubese quen.

-Maxestade, -dixo Carnocho, o carneiro- escoitámosvos atentamente: se vós queredes enviar alguén non tedes que nos rogar, eu respondo en nome de todos que esa é a mellor escolla. Mandái a mensaxe por quen vos praza e el hao cumprimentar perfectamente.

-Carnocho, Carnocho -dille o rei- Moi asisado e cortés sodes e endexamais habedes dar un mal consello. Sabedes o que ides facer agora? Dicille a Roñón, o mastín, que se presente ante min mañá pola mañá preparado para o asunto, e que veña sen faltar. Non podo ter mellor mensaxeiro, máis espelido e asisado.

Roñón escóitao e érguese, e polo medio dos outros vai perante o rei e dille:

-Maxestade, Maxestade, así Deus me salve como non hei ter conta de folgar, senón que hei entregar a mensaxe sen atranco; enviáime á súa terra que eu coñezo ben o camiño.

-Vai -responde o rei- e dille que se presente perante min na cuarta feira preparado e gornecido para se defender. E que outramente fareino aforcar polo desprezo que fixo da convocación, ao se tomar en por el o prazo que lle conveu. Levái a miña carta selada e tede coidado de que a entenda, e se é que rexeita esta orde e se desculpa con trécolas, desafiáino acusándoo de felonía.

Roñón respóndelle:

-Benquerida Maxestade, heille saber dicir ben iso todo -ou a cousa que mellor conveña- sen que nada me esqueza.

Toma licenza do rei, regresa ao seu pavillón e alí aparéllase o máis axiña que pode.

Os da súa casa asómbanse moito de onde quere el ir e comezan a lle preguntar. A súa muller diríxese a el:

-Dicime, meu amigo: para que empresa, para que obra facedes iso?

El descóbrelle que vai levar a mensaxe do rei para traelo á corte porque aquel moito llo rogou.

-E eu quero esforzarme todo canto poida para cumprir a súa vontade. Por ese motivo estou a encher as miñas arcas e preparar a miña viaxe, pois non queredes eu facerlle ao rei cousa que o desgustase. De mañanciña, ao riscar o día, cómpre que me poña en movemento, Deus me guíe!

-Señor -dille ela- Antes vos pode chegar dó! E ha ser así, Deus me valla! Isto havos traer coita e abafo. Nunca eu vin rei nin conde que se entremetese na vida de Renarte sen que ao final non lle acontecese mal. Seica os demos vos volveron tan asinado como para levardes unha mensaxe a Renarte? Lérias! Lembraivos do gato Rabuñas, a quen lle fixo tantas falcatrúas, e de Carnocho e do oso Pardo, ao que lle fixo perder a pelica das orellas e do fociño! Polo Corpo Santo! Seica non sabedes que o roxo, ese de tan noxenta gandallada, nunca o ben facer soubo? E coidades que agora vos vai facelo a vós! Deus me axude como me asombra moito onde fostes atopar tal consello. Se me fixerades caso non iriades alá.

-Miña dona, miña dona, por san Mandé<sup>58</sup> e polo corpo de san Bonifacio! Se o rei mo ordenou: non teño eu obriga de facelo? Deus me valla! Non tería eu dereito a negarlle cousa ningunha que puidese facer. E dado que el o dispuxo, a decisión de certo está tomada. Se desta vez me enganei, para outra terei coidado, mais esta mensaxe heina entregar, pois que tal é a súa vontade e eu prometinlle que ningún home sería quen de me facer abandonar.

-Meu señor, -di ela- vou calar porque vexo que non daría feito cousa ningunha nin nada vos había deter.

Coa mesma deixaron a discusión. Os leitos estaban preparados, polo que se foron deitar deica a mañá ao raiar o día. Antes de alborecer ergueuse e tomou licenza sen máis demora. Montou e foise sen agardar. Foise alancando dereitiño durante a mañá enteira, e tanta présa se deu, tanto, avanzou, tantos bosques e coutadas cabalgou, que chegou a Théroutanne.<sup>59</sup>

Renarte, que ventaba guerra, fixera procurar e levar carpinteiros de diferentes especialidades que lle fabricaban trabuquetes para pousaren no castelo e manganelas<sup>60</sup> de moitas clases. E boas portas corredizas para poñeren as empalizadas diante. Facía poñer máis altos os foxos e asegurar os portelos para que ninguén os dese botado abaixo.

Velaí que chega entón o mensaxeiro Roñón coa carta.

Renarte estaba de diante da porta, sen precaución, e cando mira ás súas costas ve Roñón vhegar. Sabéi que non lle gustou nadiña pois con este non valen as mentiras.

-Renarte, meu señor, -ponse Roñón- o mellor rei que existe na terra de aquí a Irlanda, o mellor rei que endexamais se ten visto, saúdavos.

-Deus o garde! -responde Renarte.

-Vouvos dicir a súa mensaxe -ponse Roñón- sen vos ofender. Escoitáino: o rei mándavos e ordénavos claramente que vos presentedes perante el sen delonga para, diante da súa corte, facer xustiza polo desprezo e fealdade: estade alá preparado na cuarta feira. Da súa parte volo digo: fixésteslle desprezo ao voso señor; endexamais desprezo tal lle tiña un home feito na terra ao seu soberano. Esoutro día el mandou na vosa procura e vós non vos dignastes vir, polo que debedes pagar. Ao través de min convócvos de novo e por medio desta carta. Non sei se agora vos dignaredes. Se queredes faltar, o mesmo rei vos desafía.

---

<sup>58</sup> Monxe de orixe irlandesa que viviu na Bretaña no século V ou VI e é considerado santo pola tradición, aínda que non forma parte do santoral católico. No século XI depositouse unha reliquia súa nunha capela da rexión parisiense.

<sup>59</sup> Preséntase, no relato, como unha localidade próxima ao castelo de Renarte. O río Théroutanne, corre pola Île-de-France.

<sup>60</sup> Os trabuquetes e as manganelas eran tipos de catapultas medievais.

Renarte di:

-Non é así: tolo é quen loita contra do seu señor. Endexamais no tempo que eu viva hei facer cousa que o desguste, antes quereda sufrir unha gran desgraza. Marrades ao desconfiades de min: irei cabo del sen demora. Agora os seus homes malquistáronme<sup>61</sup> con el, mais vállanme os santos de Roma como eu nunca esa mensaxe vin. Xúrovolos! Tamén é certo que hai quen sen pecar é acusado. Vou ir convosco á corte escoitar o que o rei me pregunte, e todo canto el me ordene vou facer sen lle contradicir en nada.

Di Roñón:

-Fariades ben e teríavos por asinado. Xa vos entreguei a mensaxe, polo que non hai máis voltas que dar: facéi ferrar axiña o voso cabalo pois cómprevos estar na corte a cuarta feira. E vouvos dicir a verdade: non quero moverme sen vós, senón que habemos ir os dous xuntiños.

Respóndelle Renarte:

-Paréceme ben, e eu vou deixar aquí os meus obreiros traballando entrementes.

Con estas falas, aqueles que nunca entre eles se apreciaron pónense en camiño ao través dun terreo de labor. Renarte vese perdido e vai rañando arreo as tempas, Roñón vai de diante e incítao a correr, mais Renarte ponse a refregar e vai atrás devagariño, barallando en como se pode arredar de Roñón e como pode mexar por el.

Tanto cabalgaron os vasalos que chegaron ao fondo dun val, diante dunha aldea campesiá. Á entrada da aldea, á man dereita, había bacelos, lémbrome ben, foi no comezo de setembro. Renarte, moi encarraxado con Roñón -que moito o amola- foise cara ás viñas. Axexa e ve, tendida so unha sebe, unha esparrela que un aldeán vixiante do bacelar colocara. Recoñeceuna e observouna, e viu o engado na corda, mais non hai coidado de que a morda senón que xura que ha facer caír nela o seu compañeiro se non ten moita conta e non mira moi ben o que fai. Moita traizón leva el feito, mais aínda -tírese ben ou tírese mal- quere facer estoutra.

Sabedes como o enganou? Cando viu Renarte o ichó situouse de xeonllos diante da baraza tendida e berrou pedindo mercé ao Creador, pregándolle que o gardase das mans do mastín don Roñón, seu compañeiro. Este mirou para el e díxolle:

-Renarte, por que tardades cando deberíades ir diante? Por que esa demora? Erguéivos e bulí! Non tedes siso ningún, cómpre que entredes en razón. Por que buscades escusas? Por que enredades retraéndovos á corte?

-Do que a mal, compañeiro. -di Renarte- Non sabedes o que eu fago? Estou a lles pregar aquí a estas preciosas reliquias que son benqueridas e de grande virtude probada. Moi veneradas son elas, mais vós sodes tan falso e carraxento que non vos preocupades dos santos.

-Como dis, Renarte ?-dixo Roñón- Seica este é un santuario novo?

-É, si, meu gran señor -dixo Renarte- E sabedes o que vos podo dicir? Coido que non hai en toda a Francia reliquia tan poderosa e milagreira, nin mesmo as augas de san Remaclo<sup>62</sup>. E dígovos de certo que ninguén que teña unha doenza ha sufrir máis dela se se

---

<sup>61</sup> Inimistáronme, indispuxéronme, enfrontáronme.

<sup>62</sup> Santo do século VII. Fixo reparar e bendicir fontes que pasaron por teren augas milagrosas.

achega ao santuario, e que ningún animal, se antes toca esta reliquia, ha ter veneno nos ollos ou na boca des que se aproxime a ela.

Ben sabe Renarte engaiolar a xente e desculparse coa fala, e tanto fai que o mastín tolea e vai rente da esparrela tomando por verdadeiras e crendo as palabras de Renarte. O anaco que estaba como engado era de queixo graxiño do outono<sup>63</sup> e a baraza estaba tendida por riba de dous pauciños fendidos. Moi ben dispuxeran a corda, con tanta arte e xeito que se Roñón se achega -por diante ou por tras- e bota o fociño cara ao queixo podería ter derramo. Roñón pasara xa o vieiro cando ve o ichó e colle medo, quere dar volta atrás pois desconfía que lle vaia mal nesa xusta. Sae recuando da viña. Mais aquel que todos engana aléntao e anímao a avanzar e envíaio á reliquia dicindo:

-Gran señor, non temades, avanzái con paso decidido. Bicái o santo, inclináivos.

Ao dicir Renarte estas palabras Roñón abáixase e finca os xeonllos no chan para acadar a reliquia. Ao se abaixar viu o queixo, que logo lle causou abafo e dano. Moito degoxo tivo de o coller ao velo amareliño e mol; bótalle os dentes sen tardar e quere papalo, mais non se decata de que a esparrela se ceiba e lle baixa ao pescozo. A esparrela sóbeo para arriba.

Sabéi que Roñón se desacougou moito, porque tanto lle aperta que por pouquiño non lle creba o pescozo. O mastín comeza a berrar:

-Ai, Deus! -ponse- Que podo eu facer? A mal sitio fun parar cando me vexo pendurado polo pescozo! Logo me vai inchar a faceira! Maldita tal reliquia que fai bailar deste xeito os que veñen venerala! Eu coidaba -é a pura verdade- escapar das vosas mañas e trampulladas e fachendear na vila, mais tan pouco coidado tiven que agora hanme ollar con abafo; por iso o refrán reprocha: hai quen cre vingar a vergoña feita, e o que fai é aumentala.

Respóndelle Renarte:

-Polos pecados que vos luxan tedes agora esta contrariedade. Alporizada está a reliquia pois vós queriades roubala, ben se viu cando vos achegastes ou antes cando apertastes os dentes. Queriades mandala para dentro, e por iso vos retivo. Merecestes o que vos sucedeu: de certo que por roubar nunca virá cousa boa e ninguén ha tirar proveito. Ben me decato eu agora de que me queriades enguedellar cando (para me levardes fóra desta terra) contabades como cousa certa (ou antes, cando nos puxemos en camiño) que don Nobre mandaba chamarme. Mais nunca don Nobre ten mandado as súas mensaxes por medio dun ladrón, tan asisado e prudente sei eu que aquel é. De vós vingáronme a reliquia e a virtude que vos atormentan. É xusto que quen quere facerlle mal a outro reciba a vinganza por el. Eu voume ir e vós permaneceredes: gardái as viñas, é xusto.

Renarte inclínase ao dicir estas palabras: mentres o outro queda na viña o raposo librouse moi ben del.

Lisca para o seu castelo e alanca tanto e tanto esporea que logo albiscou o penedo. Chegou a el e baixou na ponte. Alí exhortou os obreiros que estaban traballando a o faceren arreo, a remataren a porta e a repararen os foxos, pois sabe que está para a última confesión se o rei ven con toda a súa hoste, porque non habería quen o parase e el sufriría moito estrago. Moito se esforza o toleirán en facer foxos e trincheiras. Todo de arredor, a seis tiros de arco fai un foxo de auga profundo no que nada entra sen se afundir. Enriba puxo a ponte levadiza, moi ben feita e de bo virar. Enriba da torre os trabuquetes, que han

---

<sup>63</sup> Coma o noso queixo da nabiza.

lanzar grandes pedras: ningún home que fose ferido por elas escaparía da morte. As barbacás, polas que se han disparar as frechas para ferir a xente do rei, están nos recantos.

Moi nervioso está Renarte en se dispendo contra Nobre. En cada torre puxo unha esculca para espreitar, pois era moi necesaria. Rodeouse moi ben de auga e ergueu galerías e encanizadas por fóra dos muros do castelo para mellor afortalalo. Busca polo país mercenarios, de a pé ou de a cabalo, para que veñan á conquista, e chegaron tantos que cubriron todo un val. Renarte alegrouse moito e colocounos nas galerías sen lles contar a idea que tiña.

Moi contento está Renarte coa axuda dos seus amigos pois conta con que, sen falta, vai ser sitiado na súa torre. Gran temor e gran medo ten, mais sabede que se alguén ven atacalo, non se ha ir sen batalla: el hase defender.

Agora vou deixar de falar do raposo e vou falar de Roñón, que está pendurado, pois lembreime del neste momento.

Mal lle foi e trata de abrir a boca para alentar. En mala postura se atopa e non trocaría un pataco por un real se non o mudaban de posición. Moi mal veciño foi quen o fixo pillar. Rebole moito para escapar, mais non fai nin chisca pois está ben preso de arredor do pescozo pola baraza. Está encarraxado, rebole e ouvea.

O home que gardaba o bacelar ven decontado, ve o que está pendurado e fítao. El e o seu compañeiro vanse correndo cara ao mastín coa idea de lle facer mal. Roñón, cando os viu ir cara a el, non soubo o que facer, o sangue deulle unha volta no corpo: ben sabe que o van atacar e o van esmendrellar.

Os aldeáns bótanse agora, un por diante e o outro por tras, un peta e o outro malla. O mastín loita feramente, temendo moito morrer ou perder un brazo ou unha coxa e atópase en moi mala situación. Non penso eu que a cousa lle guste pois tal lecer non lle prestaba. E os outros dous, que non lle querían nin pouco nin moito, veñen a paso lixeiro.

Decontadiño se chimpan os dous enriba del para mancalo e hanlle facer moito dano. Un bate coa moca e o outro exclama:

-Caguiñas, mátao! Se che escapa perdes a honra para sempre!

Este non perdeu o tempo senón que zoupou nas rens<sup>64</sup> a dúas mans cunha moca enorme. Moi ben lle miden as costas.

Está Roñón con ruíns parentes cos que non desexara nadiña estar. Tanto turraron del e o abanearon, tanto lle bateron no lombo, que acabaron rompéndolle a corda, tanto lle zoscaron que o deixaron amolecido de a feito. Cae ao chan coas patas estarricadas e os dentes regañados e cabo dunha fochanca salaia e chora. Os outros botáronse enriba del onde se abeirara e tanto lle bateron as costas cunha grandísima e pesada moca que o deixan por morto. Coa mesma fóronse de alá, tras deixalo tan enfeitadiño, e o mastín -que tantos paus levara- queda aí. Non coido que teña ganas de rir.

Cómprelle atopar un bo médico se escapa da malleira.

---

<sup>64</sup> Nos riles.

Pouco sospeitaba dos paus denantes, cando caíu no ichó con esas mañas e esa pibela. Por moi ruín tivo esa arte do raposo, que o enganou e o meteu na prisión onde os outros zorregaron e bouraron a esgalla. Non lle ha ter lei endexamáis. Así se laia Roñón, reprochándose a el mesmo, e comeza a se botar en cara terse deixado pillar dese xeito.

Que vos hei dicir? É a pura verdade: mal lle saíu o choio -como quedou demostrado-unha mala xogada aos dados.

Alá estivo estrado deica o outro día.

Entón ergueuse con moita dificultade, abriu os ollos con traballo, e cando viu riscar o día comezou a renguelear. O mellor que puido, saíu de alí cara á corte sen agardar máis, foise do bacelar e afastouse. Mais non cumpriu ben a súa tarefa nin a súa mensaxe porque Renarte sabe moito de preitear. Que lle queredes? Así vos é polo de agora, mais ben pensa en se vingar. Fala encarraxado con el mesmo e fita a esparrela:

-Renarte, -ponse- Deus acabe contigo! Fixéchesme unha cousa que moito me doe: fixéchesme, a traición, pendurar e estirar o pescozo horrendamente, mais heicho facer pagar cunha guerra contra ti da que non has poder defenderte.

Coa mesma deixa a ameaza e dirixe as rédeas cara a corte, fala consigo mesmo e dise que endexamais ha estar ledos ata á hora na que a vinganza chegue. Así o mastín se laia de Renarte, o seu bo compañeiro, por lle ter feito tanto dano.

Vai amodiño, arrastrándose polo fondo dun gran val con moito traballo afanándose todo para chegar á corte, mais ten que repousar a cada pouco. Mal se poderá gabar de ser bo mensaxeiro e prudente. Na corte, cando chegue, todos han rir del: maldito quen podendo atacalo o absolva! E así han facer, non creo que entre os que aprecian Renarte haxa quen deixe de lle falar, a ben ou a mal.

Tanto andou Roñón na xornada que chegou á corte do seu señor antes de bater o mediodía, mais tan canso estaba -pola zoupa e o abaneo que levara na garda do bacelar- que non se tiña enriba dos seus osos rompidos: a penas deu termado de si e sostido de pé. Tan derreado estaba que caíu ben catorce veces no seu camiño, o que moito desazo lle causou. Con todo, mesmo con moita pexa, dá Roñón chegado á corte.

O rei saíra de lecer con catro baróns seus: o cervo Trucante, Grisengrín, o teixugo Teixo e mais Carnocho. Todos catro levábanse ben con el. Non había neles senrazón pois eran asisados patrucios, moi bos cristiáns todos catro e de moita sona.

Con Nobre, o león, foran espaxarse, sen se preocuparen deles nin de cousa ningunha non sendo de estaren ledos. E quen queira escoitalos, que os escoite!

Xuntos van os baróns polos bosques a toda carreira, os cinco e máis ninguén. Cadaquén coa lanza no riste<sup>65</sup> para protexer o rei -que era odiado por algúns. Por iso ían así apiñocados

Falou primeiro o rei:

-Meus señores -di- vós que sodes prudentes e honrados, téñovos en moita estima. Sabéi, a fe que vos debo, que na corte hai moi poucos baróns nos que eu fíe tanto como en vós, penso eu. Por iso, meus señores, vouvos dicir por que é que reunín a miña xente; ninguén sabe a razón verdadeira non sendo eu, e como vós sodes todos catro -segundo eu

---

<sup>65</sup> Peza de ferro que termaba do pau da lanza cando o cabaleiro atacaba con ela.

penso- prudentes e asisados vouvos contar a miña idea, pois quero sometela a consello. Ben vedes, por san Leonardo, que Renarte me aprecia moi pouquiño: por min non faría unha chisca. Ben vedes que non quere vir á miña corte para me servir senón que sempre anda fuxindo e mexando polos meus mensaxeiros, co que me causa noxo e vergoña, e ben sabedes que vai a máis. Por iso digo entre nós que non quero de ningunha maneira que esta cousa que expoño se saiba, non sendo por vós. Quero abater a súa rebeldía, vou sitiar o seu castelo, velaí por que reunín a miña xente e vou facer traelo el á corte. Porque xa lle teño enviado mensaxes -non sei se cinco se seis- mandándoo moitas veces vir, mais el non quere facer o que lle eu ordeno. Por iso o proclamo perante vós os catro que tanto estimo.

-Maxestade, Maxestade -dixo Grisengrín- mañán ha estar de volta o mastín, que alá foi pola vosa vontade, e se Renarte non ven con el, pola fe que vos debo, se o meu consello é seguido, o seu castelo ha ser derrubado e el ha ser levado á prisión.

-Maxestade, -retrucou o teixugo- responsabilzádesvos vós desa decisión? O rei que goberna o imperio non ha ser da vosa opinión. Coidades vós (que Deus garde) que se Renarte escoita o voso mandato non acudirá libremente á corte para saber a queixa polo que a Vosa Maxestade o reclama? Se Roñón volve sen el, é que non ouviu a mensaxe pois eu sei que se el o oe ha de vir xa des que sinta a primeira palabra, sen pedir adiamento ningún, tan ben coñezo eu o asunto.

Deixan aí a conversa e volven de regreso paseniñamente o rei, Teixugo, Grisengrín e o carneiro Carnocho xuntos<sup>66</sup>. E sen parar, penso eu, chegaron á corte.

E velaí que nese momento baixa Roñón no medio desta.

Todos corren ao seu encontro e preguntan se ven Renarte e cal atranco o detén. Roñón non lles quere dicir nada senón que chora moito e salaia. Moito lle doen o lombo e o carrello. Polo medio da corte vai arrastrando as rens: está ferido na pata dereita. Todos lle poñen caras e gritan xuntos:

-Cabaleiro Roñón. Semella que vides de cazar lobos, Renarte o roxo burlouse de vós ao vos facer camiñar de esguello. Amañouvos de cabo a rabo e de arriba a abaixo! Benia Renarte! -din todos os que ven o can- Roñón semella un home que se levanta de durmir! Ben sabe el entregar as mensaxes!

En canto estes escarnecían o mastín chegaron o rei e os seus compañeiros e baixaron diante da sala. Roñón foi cabo deles a pé.

-Maxestade, en nome de Deus, apiadaivos! -dixo- Chego aquí con moita dor. Cumprín ben o que me ordenastes e leveille a Renarte a mensaxe na que me enviastes a vosa carta. Díxenlle tamén da vosa parte que estivese hoxe perante vós, que non había adiamento. El respondeume lealmente e moi ledo dicíndome que viría sen demora. Despois puxémonos en camiño, contentos e alegres, sen retardo, e eu inciteino a trotar para irmos un pouquiño máis rápido. O traidor díxome que non podía correr máis. Como quería enganarme respondeume que fósamos devagariño, a modo e paseniñamente, aos pouquiños para non nos fatigarmos de máis. Fixen o que el pedía e daquela comezou o meu mal: entremetres que eu avanzaba, o traidor que aquí eu conducía engaioloume coa súa palabra e fíxome crer -dunha esparrela- que era unha reliquia e que alí xacía San Hilario, e pedíume que eu a bicasa antes de seguirmos adiante. Pensei que me falaba verdade e que ningún mal había ter. Alá fun sen demora venerar o santo. Ao final fixen a tolería e acabei pendurado polo pescozo, e por pouco os ollos da cara non me caen contra abaixo. Iso me

---

<sup>66</sup> O narrador parece esquecer o cervo Trucante.

fixo na súa compañía o traidor, o fementido, o trampón, o solerte, o falso, o desleigado, o ladroeiro que engana arreo o mundo todo. Namentres, deixoume no bacelar e díxome que o gardase sen moverme de alí. Ao que o dixo, foise, deixándome caviloso e tristeiro. Coa mesma viñeron dous aldeáns, cada un cun pau na man que me deron tal malleira que teño as costas amolecidas. Que máis diría eu contando a miña desfeita? Cada un deles, pola súa vez, bourou tanto que me partiu as costelas. Rei, se non foi como vos dixeran autorizovos sen protestar a que me fagades pendurar ou afogar, e se Renarte quere negalo estou disposto a me bater contra el e a vencelo diante da vosa corte. Rei, tomái agora vinganza pois que moi gran ruindade fixo. Vingái a vosa honra e mais a miña, abafalladas por Renarte no camiño.

Coa mesma rematou as súas falas, que o rei escoitou moi atento, tristeiro e alporizado:

-Benqueridos señores, -di el- aconselláime, pídovos o parecer de todos: qué hei facer con este demo, este adversario, este descrido que tantas veces me enganou coas súas aduanadas e tanto me fixo padecer. A decisión de abaixalo diante de todos tomaría eu de bo grado.

Grisengrín, que era inimigo do raposo e o odiaba mortalmente respondeu con xenreira:

-Señores, -púxose- calái e xulgái xa neste asunto! O que sabe dar bo consello non debe recuar senón aconsellarlle ao meu señor, porque endexamais unha afronta tan grande se fixo a un príncipe na terra enteira. Ben xusto é que xurda unha guerra e ninguén pode doerse de Renarte polo prazo que se lle deu, sen el solicitar outro. Nunca se dignou pedir que lle desen un día máis. Pola miña cabeza xuro que iso é un gran desprezo, e se eu fose xuíz sentenciaría que o godalleiro, o bandallo, o baldreu, fose aforcado ou arrastrado, ou totalmente cuberto de vergoña, pois que tanto estrago fixo en Roñón, o mensaxeiro do rei, co seu engano e a súa falcatrúa.

Carnocho, que escoitara o relato de cabo a cabo, sáltalle enriba:

-Grisengrín non digades máis nada pois xa falastes de máis. Nós ben sabemos, sen que ninguén o poida negar, que lle tedes tanta xenreira a Renarte que o quereriades morto. Rógovos que non volvades falar diso porque esa caste de ditos e de encomendas habíavos facer pasar por malvado. Se Nosa Maxestade o rei o dispón e o seu consello o acorda, será pendurado alá onde se atope, mais se Deus (no que eu creo) quere, nunca lle eu aconsellaría ao rei que fixese ese mal. Eu penso que se don Roñón, o mastín, non fixo o que el lle ordenou, o rei debe enviar outro que mellor fale, para que ninguén sexa tan ousado de xulgar sen autoridade; a xente criticaríao. Eu proporía que un mensaxeiro que falase mellor – e que falase romance e latín- partise sen demora pola mañá.

O rei responde sen tardar:

-Carnocho, moito vos facedes apreciar. Ben sei que en vós hai un home sabio, pola fe que lle eu debo a san Pedro de Roma! Vós ides polo camiño da xustiza, mais dicinos daquela ao dereito quen podería levar a mensaxe, pois moito me tarda sabelo: nunca eu antes degorei tanto unha cousa.

-Maxestade, podería ben ir Trucante: é cortés e valente e non hai aquí quen mellor saiba falar, penso eu. Se ten a vosa encomenda veredes como ha bulir.

-Carnocho, ide llo facer saber e dicille que o mando vir arestora.

Trucante, que ouvira todo, ponse de pé e responde:.

-Maxestade, ardo na idea de facer a vosa vontade. Se me queredes enviar, vou ir sen delonga, e se o atopo -ocorra o que ocorra- sabéi que o hei traer á corte.

-Trucante, -dille o rei- sodes moi asisado e cortés e sabedes moitas linguas, nas que sodes moi versado. Habedes ir da miña parte dereitiño ao castelo de Renarte dicirlle sen demora que veña, sen buscar escusa nin trampullada, aprender como portarse na corte. E - pola fe que lle eu teño a san Xil- que, se me fai enviar máis mensaxeiros, o seu castelo será derrubado e el mesmo deshonrado. Mais ides levar unha carta co meu escrito para que vos mellor el crea.

O cervo colle a carta, avíase e toma licenza, índose decontadiño en canto que o rei queda tristento.

Trucante vai como alguén sabio, pensando en facer a encomenda o mellor que poida. Tanto camiña por bosques, chairas e gándaras, tanto fincou a espora, que chegou dereitiño ao castelo de Renarte antes de bater as doce. Este non temía a chegada de ninguén, pois tan protexido estaba polos muros que non podería ser tomado, non sendo por fame. Mesmo asaltantes experimentados non o darían danado.

Trucante detívose con gran asombro ao ver o castelo tan aparelado. Vai adiante, enriba da ponte levadiza e os soldados de enriba do castelo lanzan frechas emplumadas e máis de dez bateron no seu escudo. Sería o final de don Trucante, pois non vestía loriga, polo que se preocupou moito mentres as frechas seguían a chover. O cervo non podía evitalas polo que tivo que recuar volvéndose atrás na ponte de madeira, quixese ou non.

Renarte fora esparexerse uns pasiños máis enriba de alá, e volvendo de enredar atopou Trucante cabo da ponte. Tan axiña como o viu e o recoñeceu, o cervo foise cara a el e díxolle:

-Meu gran señor, Deus vos ampare, el que todo ben acolle no seu seo! Tráiovos unha mensaxe de Nobre, o mellor e máis sabio rei de toda a cristiandade.

- Deus que vive en Trindade vos libre de preocupacións! -ponse Renarte- Como lle vai ao meu soberano? E os baróns, están en boandanza?

-Todos están contentos e ledos, abofé, mais veño de parte do rei -di Trucante- porque non vos dignades ir á súa corte. Dicime: por que o desdeñades así el e a corte súa? É unha tolería! Rogoume que vos diga que mañá, sen ningunha demora, vaiades á súa corte para serdes xulgado polo desprezo que lle fixestes e polo aprazamento que vos destes vós mesmo sen o seu coñecemento. O rei faivos saber por min que mañá, á hora da audiencia, esteades puntualmente. Isto vos comunico de parte súa, e se non estades eu desafíovos no seu nome como mensaxeiro.

Renarte comeza a enguedellalo.

-Amigo, -dille- escoitái: iremos á corte vós e eu ao dereitiño, sen dilación nin adiamento, para que non agarden máis.

E Trucante respóndelle:

-Renarte, -di- montái axiña pois temo moito a vosa hoste que por pouco non me fere gravemente.

Coa mesma póñense en camiño. Os dous baróns van xuntos e Renarte vai tremelando todo, pois ten moito medo do león. Se atopase quen lle tomar a confesión, de grado a pediría. Van polos camiños, o cervo de diante e Renarte detrás, ata chegaren preto dunha aldea campesía. Renarte dirixíuse a ela dicindo:

-Imos ir por aquí, Deus nos guíe, porque é o camiño máis corto.

Trucante non sospeita mal ningún e cara á aldea, atravesando un val, van polo camiño dereito.

Coa mesma, velaí un aldeán que levaba tres cans.

-Aquí non vexo ningún dos meus, -di Renarte- e estes albiscáronnos.

O aldeán dexergounos e acirra entón os seus cans que nun pulo se botan contra Trucante e píllano. E Renarte fuxiu alancando canto pode cara ao seu castelo. Métese dentro e levanta as pontes. Trucante, pola súa banda, está nunha situación moi perigosa pois os cans -segundo lemos- escachízanlle o perponto<sup>67</sup> e déixano en moi mal estado. E o aldeán chega a todo coso cun pau e zóupalle. Trucante está pillado nunha trapela e non lle serve defenderse. Os cans turren del para todos os lados coa maior forza, sen contemplacións, e por pouquiño non acaban co cervo. Un deles tan ruinmente o acomete que lle tira do lombo unha correa coa que se podería facer un cinto. Trucante reloucaba e retorcíase coa dor, coidando morrer alá, e con moita mágoa deuse tirado e lisca á carreira sen pensar volver nos días da semana toda.

Vaise Trucante á corte enriba dun cabalo moi lixeiro, fuxindo por unha estivada, queixándose de Renarte. Non deixa de correr a rédea solta ata chegar ao palacio no que Nobre tiña a súa corte, e só findou ao chegar alá.

Baixa agora na praza. Cando os baróns ven a marca que Trucante levaba no lombo preguntáronlle como se atopaba, mais el non deu fala ata que foi chegado á sala de enriba, onde estaba a asemblea dos baróns. E perante o rei caiu sen acordo.

-Maxestade -di- pídvos benevolencia, mesmo sabendo que non ha ser precisa. Entreguei cumpridamente a vosa mensaxe, mais así me pagou Renarte. Ben coidei morrer e non poder ter conforto. Maxestade -dille Trucante ao rei- polo amor de Deus, escoitáime! Enviástesme a entregarlle a mensaxe a Renarte pola miña experiencia, e ruín recompensa tiven pois traio a pel labrada para sempre.

O rei fita Trucante e veo en sangue e escontromiñado, ve moita frecha emplumada espetada nas feridas e dóese moito del.

-Trucante, -dille- meu amigo, moita dor lle causou ao meu corazón quen che así mancou, mais has ser vingado cumpridamente, tes a miña promesa e a miña palabra.

E Trucante respóndelle:

-Agradézovolo.

---

<sup>67</sup> Prenda acolchada e axustada que se puña baixo a cota de malla para amortecer os golpes.

## RENARTE MÉDICO

Tanto ao rei lle doeu que lle deu unha volta. Coa ira que lle toca o corazón, o sangue sáelle polo medio da boca. Está deitado no seu leito, e cando arrefría un pouquiño sente arreguizos no corpo; treme e estrebucha<sup>68</sup>. Caíu en febres quartás, a doenza pillouno de súpeto e pensou perder a vida.

Foi por un san Xoán e estivo así case que medio ano.

Mandou por toda a parte en procura de médicos -sen faltar ningún deica a beira do mar- para lle aliviaren o seu padecemento. Tantos viñeron de riba e de baixo que eu non son quen de dicir a cantidade deles. Chegaron moitos reis e condes -que non dou nomeado- para acompañalo no seu mal. Todos responderon sen relevar á chamada do rei mais ninguén veu que o puidese sandar.

Teixo, o teixugo, decatouse de que o seu curmán Renarte, que era espelido, estaría moi ledo se tiña ocasión de se amigar de novo co rei. Púxose, daquela, en camiño e dixo que non había parar ata o dar topado.

Tanto camiño fixo Teixo na mañá, que antes de bater a hora de nona chegou, por un atallo, dereitiño á fortaleza de Renarte, seu primeiro curmán.

Renarte, o de tan ruín man, estaba apoiado nun muro e aledouse moito ao ver o teixugo. Decontadiño, sen máis nada, dá a orde de erguer a panca para deixar entrar o seu curmán. Obedéceno axiña os que el mandou e velaí Teixo, pasiño a pasiño, dentro,

---

<sup>68</sup> Axítase. Retórcese.

saudando o seu primo e os outros que estaban con el. Renarte acolleuno afectuosamente e fíxolle moita festa con grande alegría.

-Moita gana eu tiña de falar convosco un pouquiño. O rei Nobre está atacado por un mal que se apoderou do seu corpo e que o fai laiar e saloucar o día enteiro. Sabéi que coida morrer e está moi encarraxado contra vós. Se puidédesdes facer que se repuxese, de certo habíades vós ter a súa amizade. Por iso vin eu pola calada: non quero que me vexa a xente nin que ninguén saiba nin palabra disto.

A estas falas Renarte bótase a rir e di:

-Meu curmán, pola fe que me debedes, dicime por que é que o rei está encarraxado comigo, quen me deslouvou<sup>69</sup> e me puxo a mal con el.

-Foivos o voso compadre, asegúrovolos -respondeulle Teixo- e mais tamén criticáronvos Roñón e Trucante, que como sabios foron enviados coa mensaxe, e vos obrastes moi mal cando no medio do val fixestes pendurar Roñón no bacelo -moi gran reproche merecedes polo feito- e cando fixestes escontromiñar Trucante non sei se por tres se por catro catro cans que lle esfolaron tanto o lombo todo que os osos ficaron á vista.

Renarte escoita falar o seu curmán:

-Dicides que Grisengrín é quen me malquista co rei por medio dos seus enganos e acirramento? Ruín pensamento tivo o renegado! Ídevos logo, que xa vos preocupades de máis por min: mañá á mañá irei á corte e desculpáreme do de Grisengrín perante o rei, xúroo por Deus e san Xermán.

-Renarte -di Teixo- abofé que é o mellor que eu vexo, faceino sen vos atrasardes. Eu voume. Quedái con Deus!

Teixo vaise, pois non quere dicir máis nada, e Renarte fica, sen amúo ningún polo pago que lle deu aos mensaxeiros enviados por Nobre coas súas ordes. Mais, queira non queira, hase ter que desculpar se é que pode.

No outro día pola mañá ponse en movemento, sae fóra da súa corte, despois de mandar chamar á xente da súa casa. Ordénalles que garden ben o seu castelo: que a ninguén por cousa ningunha deixen poñer o pé nel para non seren espiados, o que sería danoso.

-Señor -dille o senescal<sup>70</sup>- non temades nada, porque non habemos deixar pasar home ou muller ningunha polo motivo que sexa.

Pecharon loguiño a porta e subiron á torre, e Renarte foise sen demora pola gándara fincando esporas. Vaille pedindo afervoadamente a Deus que teña piedade del dándolle con que curar o rei. Así fai o camiño Renarte, pregando a axuda divina e de san Martiño, que eles lle envíen con que curar Nobre, o que degora moito.

Bota o día enteiro a cabalgar sen atopar cousa ningunha que lle dea fianza. Tanto andou por acá e por acolá que chegou a un prado, no que entrou, pois de cabalgar o día todo doíalle a barriga e estaba moi canso da xeira. Como xa case era noite, baixou, sen seguir, e deitouse enriba da herba ata que raiou o abrente. Cando foi día ergueuse, moi amolado de non atopar cousa que poder levar para curar o rei, polo que todo o día fixo moita oración.

---

<sup>69</sup> Aldraxou, inxuriou.

<sup>70</sup> Nunha corte señorial era o responsábel da Intendencia e Administración.

Tanto andou Renarte por acá e por alá que se dirixiu a unha veiga onde había plantas de propiedades prezadas, procuradas e capaces de sandar calquera mal. Foi cara a ela, deixando o cabalo bulir a rédea solta. Pola encosta dun val entrou no horto e atou o cabalo polas bridas, alí paceu herba e pallas. Renarte ponse á pescuda polo horto e vai tirando herbas de diferentes clases -pois el coñecíaas ben- que eu non sería quen de nomear. Colleu máis de medio ferrado.

Ao que tivo abondo, mollounas un pouquiño nunha fontela de auga que corre polo horto, limpounas nela ben limpiñas, meteunas, logo, premendo entre dúas tellas e despois encheu con elas un pipotiño que levaba consigo. Deu logo volta atrás, atou ben forte o seu pipotiño ao arzón e subiu sen máis agardar, índose do horto, moi ledo e satisfeito.

Vai Renarte a toda carreira, con nobre figura, e entra nunha gándara na que non tivo que preguntar polo camiño, pois moi ben o coñecía sen necesidade de que llo aprendesen. Da gándara entrou nunha fraga, que moito mellor lle pareceu. Nela, so un piñeiro, atopou deitado a durmir un peregrino que tiña unha rica esmoleira<sup>71</sup> atada no seu cinto. No medio do camiño Renarte baixa da montura gornecida e ríspalle a esmoleira sen que aquel se decate. Despois de se burlar así, Renarte ábrea e atopa dentro unha herba boa para as moas, e unha chea doutras plantas para curar o rei. Atopou heléboro<sup>72</sup>, que moita xente ten probado, bo para quecer e para botar do corpo a febre.

Sabéi que a esclavina que o peregrino levaba por tras, baixo da cabeza, lle gustou moito a Renarte. Colleuna – sen reparar no que dirían - e púxo a decontado, montando logo no seu cabalo e botándose a cabalgar a toda carreira.

Tanto correu que axiña está na corte. Todo o mundo acode ao seu carón; non houbo animal tan fuxidío que non saíse á porta para se burlar del ou para escarnecelo e algúns bótanlle lama, mais Renarte rise deles e sobe enriba, á sala.

O rei tiña a face demudada e pálida polo moito que lle doía a testa, e moi mal se atopou en vendo entrar Renarte alá dentro. O raposo, que moi ben sabía falar saúdao cortesmente dicindo:

-O Deus que non mente e creou todo o que o mar encerra garde Súa Maxestade o león, o mellor rei da Terra como testemuñan todos os baróns reputados homes de ben! Maxestade, veño de Roma<sup>73</sup> e de Salerno<sup>74</sup> e de alén mar onde procurei o xeito de vos repor.

O rei respóndelle sen agardar:

-Renarte, moito sabedes vós de artaría. Mal chegado sexáis, fillo de puta! Foncho trifulqueiro! Xuro pola miña cabeza que agora estades pillado! E tanto arruallo tedes que ousades vir perante min! Nunca eu louvado sexa se agora que vos teño no meu terreo non vos fago xustiza consonte decida a miña corte.

-Ei, Maxestade -ponse Renarte- Como dicides? Tede conta coas vosas falas! Seica vai ser esa a recompensa que hei ter polos meus servizos ao vos traer a poción boa para o voso mal? Por Deus -pai das almas- a súa procura causoume moitas coitas e agora vós queredes

---

<sup>71</sup> Faldriqueira, bolsiña para as esmolos.

<sup>72</sup> Planta medicinal.

<sup>73</sup> A capa roubada do peregrino pretende dar fe diso.

<sup>74</sup> En Salerno, cidade próxima a Nápoles había unha Escola de Medicina moi reputada durante toda a Idade Media.

acabar comigo sen mesmo saber por que! Por Deus, Maxestade, escoitáime! Ouví o que teño que vos dicir! Refreái un pouquiño a vosa carraxe! Ignorades -mais sabédeo agora- que eu pasei moitos traballos por vós e fun por todos os recunchos do territorio tan grande e vasto: estiven por toda a Moriana<sup>75</sup>, Lombardía e Toscana. Reparái en que des que eu souben da vosa enfermidade non parei máis dunha noite nun castelo ou fortaleza. Non hai físico<sup>76</sup> alén do mar nin en Salerno ou calquera outra parte a quen eu non falara de vós. Coido que hai máis de catro meses que non durmín nesta bisbarra. En Salerno atopei un sabio a quen lle falei do voso mal e el envíavos con que curardes.

-Cóntasme a verdade? -preguntou o león.

-Conto, Maxestade, así Deus me faga bo. Mirái a poción que aquí teño: tráioa para vos curar. A súa procura causoume coitas abondo. Vállame san Pedro de Roma como vos eu hei poñer san coma unha mazá se queredes seguir os meus consellos.

-É certo o que dis que me vas sandar? -ponse Nobre- Non sei eu se o darás acadado.

-Hei dar, Maxestade, pola fe que vos debo. Non tedes que vos preocupar porque estou seguro de facelo.

Daquela comeza Renarte a tirar a esclavina que puxera por riba e pousa o seu pipotiño sobre dela. Nesas aparece Roñón, que ao ver o raposoponse moi ledo, pensando en o danar coas súas falas e facerlle pagar o de telo pendurado polo pescozo (aínda leva a marca no coiro de cando Renarte o tomou por parvo).

-Meu rei e señor, -di o can- escoitái as miñas razóns! Crédeslle a este camanduleiro que di que foi a Montpellier<sup>77</sup> e a Salerno? Fachendea, mais nunca alén de Otranto<sup>78</sup>ten ido E di que se fixo médico! Hai ben tempo que debía estar pendurado. Lémbrovos a grande aldraxe que me causou ao eu levar a vosa mensaxe, cando me fixo pendurar no bacelo: debedes vingarme diso. Moito mal me produciu a min a súa compañía e a vós el crebouvos a súa promesa: acúsoo de traizón, velaí vai o meu desafío<sup>79</sup>.

-Escoitái, Maxestade -di Renarte- Ou este mastín non rexe ou tresvaría, ou bebeu de máis. Ou perdeu o sentido todo. Asegúrovos que xa hai máis de tres meses que faltei eu destas terras. Se Roñón, ese vello godallo, ese lambón, foi pola miña casa, miña muller -que é unha belida rapaza e ten por nome dona Hermelina- se el lle pediu cousa vergoñenta e desaxuízada, ela, que é tan aguda, sóubose vingar do lerchán. Non hai portento ningún.

Coa mesma ergueuse o gato que Renarte fixera un día pillar na corda, e di:

-Vai de aí can! Maldito! (salvando Nobre, o león, meu rei do que eu son vasalo!) Quen vos deu permiso para dicirdes esas trapalladas e tolerías cando falastes de ruindade do gran barón Renarte? Abofé que ti es parvo de a feito. Ese día do que ti te queixas de seres pillado pasei eu diante do valo da morada de don Renarte. Topei nela dona Hermelina, dama de nobre xinea, e pregunteille por Renarte, e ela díxome -así Deus me salve!- que fora a Salerno con cen libras de diñeiro para mandar preparar as pocións coas que don Nobre puidese recobrar a saúde. Moitos traballos pasou ese seu corpiño polo rei! Ben soubo el que a Nosa Maxestade tiña o mal que o mancaba, cando aínda non falaba del.

Dixo entón Nobre:

---

<sup>75</sup>Val situado na rexión alpina da Saboia.

<sup>76</sup> Denominación antiga dos médicos.

<sup>77</sup> En occitano Montpelhièr. A cidade está situada no Languedoc pertiño do Mediterráneo. A súa Facultade de Medicina está considerada a máis antiga do mundo.

<sup>78</sup> Cidade italiana situada no extremo sur da península, fronte a Albania.

<sup>79</sup> Estas palabras acompañarían o aceno de lanzarlle unha luva ao cabaleiro desafiado a combate.

-Vállame san Nicolao, Rabuñas, évos certo! Mesmo había un mes que iso acontecía.

-Maxestade, -dixo Renarte- o gato conta a verdade, podédesvos fiar pois que eu ódio a morte, e se el soubese que non teño razón non o había agachar senón que me había acusar ata o fondo. Mais é un verdadeiro home de ben e a súa palabra pódese crer.

-Ben falado, Rabuñas -dixo Nobre- deixái estar ese asunto. E vós, Renarte, pensái en min e ocupaivos axiña. O que vós ordenedes será feito sen que ninguén vos contradiga nin pouco nin moito, póñome totalmente nas vosas mans. Teño tanto mal que non me deixa ver miga e coido que non hei chegar á Pascua se Deus non se doe de min. Sóbrame a metade do mal que me atormenta, se Deus quixer tirarmo. Teño tal dor na testa que me parece -Deus é testemuña- que ma fenden en anacos e a vista várreseme de xeito que non vexo nadiña. E na boca teño tal amarguexo que non hai cousa que me saiba. Dóeme o corpo todo e o peito máncame tanto que me custa moito alentar. Non vos daría dito nin a metade do mal que me tortura.

Renarte respondeulle:

-Habedes estar san antes de que pasen tres días. Traéime un orinol para que eu vexa de que mal se trata.

Léváronlle o orinol e Nobre encrequenouse riba del mexando un pouco máis da metade, Renarte di entón:

-Está ben, abonda así.

Daquela cólleo e vai ao solleiro, levántao e fita moi atento, vírao e revírao, esculcando se os círculos dos seus humores están avoltos. Ben se ve -di el- que o rei precisa axuda e así o pensa Renarte. Achégase logo a Nobre e di souril<sup>80</sup>:

-Maxestade, así Deus me salve, ben vexo que tedes unha febre aguda, mais eu teño a poción que a cura; pola fe que vos debo, Maxestade.

Cóllelle o pulso ao rei e apálpao, comprobando que non vai moi arroutado. Ponlle a man riba das costelas, do peito e dos lados e dille:

-San Clemenzo me valla, Maxestade, por pouquiño non chego tarde de máis! Cómpre ocuparse do voso mal se é que desexades sandar.

Nobre respóndelle:

-Ningunha outra cousa desexo eu tanto! San Guillerme me valla, tería dado gustoso a metade do meu reino para eu sandar!

-Caístes en boas mans -di de si Renarte- Se queredes, por ben que vos doia, antes de a semana pasar póñovos a testa sa. Agora mandái que pechen as portas todas e que me traian todo canto vos eu pedir; heivos tirar o mal do corpo e han desaparecer as febres cuartás que vos fan perder o alento.

Respondeu Nobre:

-De moi bo grado! Teredes canto precisades!

-Maxestade, reparái nisto: cumpríame de primeiras a pelica dun lobo con todo o coiro da cabeza, habedes ver todos os que aquí estades o moito que sei de astronomía<sup>81</sup>. E axiña vos eu volverei á vida.

Cando Grisengrín o sentiu falar estarrecese todo e pregoulle a Deus que o gardase de caír no propósito de Renarte. Como non hai outro lobo non sendo el, Renarte vaise vingar, ben o ve Grisengrín. Dá voltas sen paraxe pola corte e moito quería el estar noutra

---

<sup>80</sup> Ledo, ridente.

<sup>81</sup> Na Idade Media, era frecuente non distinguir entre astronomía e astroloxía. Esta última -co seu aquel de misterio e de meiguería- ás veces impregnaba a Medicina da época.

parte. Nobre, tras escoitar Renarte, ergue un pouco os mostachos e bota unha ollada aos seus baróns todos. Cavilando, o rei fita o lobo e dille:

-Meu benquerido amigo, vós podédesme ser de axuda e aliviardes o meu mal.

E Renarte di:

-Dicides certo, Maxestade, pódevos ser de axuda se vos quere prestar a súa pel. Está chegando o tempo no que a natureza se renova e axiña a súa pel lle ha volver, polo que non ha pasar frío co corpo nu.

Grisengrín di:

-Non, Maxestade, non o fagades! Seica queredes abafallar os vosos animais? Sabei que non é cousa lixeira para min espirme da miña pel. E de certo vexo que quen me tolle do meu non me dá nadiña. Concedéime un tempiño!

O rei escoita e alporízase:

-Nunca tal cousa vin! -exclama- Moito me aldraxades arestora desautorizando a miña palabra: ides ter o que merecedes. Hei ver eu quen me ama. "Señores, agora vaina perder! Colléino axiña aquí diante miña e tirádelle a pel ao que tanto se resiste!" -ordenou.

Eles corren a magoalo, píllano por todos os lados e polos pés e os brazos, e tíranlle a pel do lombo. Non foi un lecer para o coitado, que fuxiu da sala alancando<sup>82</sup>. Pagou ben o seu escote.

Di entón Renarte:

-Maxestade, se vos parece, mandái facer a miña vontade decontadiño: cómpreme, da corna de cervo, o nervio principal collido un algo cara atrás ao longo. Pola urina vin o xeito e a medicina coa que habedes curar: buscáina, que a precisades. E mais unha correa do lombo: se a pondes como cinto, havos acougar moito, non dubidedes; non hai baixo o ceo febre nin gota que vos faga mal, vino eu no orinol.

-Poida ser -dixo o rei.

Ve entón Trucante sentado no escano e sinálao coa pouta pois mancáballe mover as fazulas. Coa orde do rei o cervo tomou gran espanto: pillárono e puxérono contra abaixo, trincándoo por unha costela onde lle fixeron unha incisión e lle tiraron, todo ao través, unha correa, e crebáronlle as dúas cornas botándoo despois fóra da sala.

Os dous pagaron ben o seu escote: nunca máis, en feira ningunha nin en mercado, han ter que pagar portaxe por segunda vez e poderán ir por onde eles queiran libremente.

-Rabuñas, ven acá. -di Renarte- Hasnos dar outra vez do teu: vante despir da túa pel, na que a Nosa Maxestade vai poñer os pés<sup>83</sup>.

Rabuñas escóitao e ponse a roñar; non é momento de responder nin de refungar, vista aquela xentiña entre a que non hai ningún parente seu. Ergueuse e deu un chimpó, índose da corte sen tomar licenza. A porta estaba pechada, mais el salta por un buraco que había enriba. Rabuñas vaise a todo coso e métese nunha chousa.

-Este líscase, abofé! -ponse Renarte- Maldito quen o enxendrou! Se o dou pillado nas miñas mans hase arrepentir de a feito.

---

<sup>82</sup> No conto popular galego *O tiu das calzas bermellas* (Prieto 1948:139-140) o lobo intenta convencer ao enfermo rei Nobre de que o remedio á súa doenza son uns caldos de carne de raposa. A raposa retruca e convence ao león de que a solución está en se envolver nunha pelica de lobo. Ao final, cando este foxe, espido, a raposa bérallle: *Tíu das calzas bermellas, conte as súas e deixe as alleias!*

<sup>83</sup> Se cadra a explicación desta actitude de Renarte contra o gato, que acabara de defendelo ante o rei, está no mesmo sentido do dito galego *Así paga o demo a quen o serve*.

Renarte botou unha ollada de arredor e viu os baróns, que estaban moi amolados co que el facía; cadaquén tiña medo por si.

Chama por Roñón:

-Fillo de puta! Gafo! – Facéime aquí un lume e laváime a pel do lobo, enxoiáina e aviáina diante miña.

- Moi ben, meu gran señor, como vos praza, todo o que vós dispoñades será feito.

-Vós, don Teixo, o teixugo, póndevos aí de xeonllos. E vós, Carnocho, vide a rentes de min.

Alá van todos eles correndiño entolecidos.

-Deus vos abaixe! Ide axiña cabo do meu señor! Vamos, bulindo! Traéimo aquí!

Eles lévano decontadiño. Renarte collera un ungüento.

-Maxestade -di- Eu heivos sandar e toller esta febre, mais tedes que sufrir un pouco.

Nobre respóndelle:

-Moito desexo eu estar curado deste mal, pois moi feble me puxo.

Renarte fíxoo deitar cara a abaixo e logo meteulle polo nariz heléboro do que tiña, e tan portentosamente forte era que Nobre notouse quecer e o seu corpo inchar. Comezou a estrebuchar tanto que botou polo cu un peido, espirrou e rebulíu. Moi mal se sentía o rei: estaba inchado e espirraba arreo, coa pel do lombo suándolle moito.

-Estou inchado de a feito -dixo Nobre.

E Renarte respondeulle:

-Non vos preocupedes, estades curado, non temades.

Aquel non tarda en botar peidos, porque a poción obrigábao ao lle quentar o corpo todo. Renarte tendeu a carón do lume e logo colleu a pelica do lobo e deitou dentro dela o león; despois colleu unha pouca da poción que lle rispara ao palmeiro e fíxolla tomar ao seu señor. Tan axiña como este a probou non sentiu xa mal nin doenza nas mans, nos pés nin en parte ningunha, e moito llo agradeceu a Renarte.

-Renarte -ponse o rei- estou curado. Douvos millenta grazas e fágovos señor da miña terra. O que vos faga dano ha ter guerra pois eu hei ir na vosa axuda; vouvos facer meu conselleiro. Estou totalmente curado e habedes ter por iso un rico presente.

-Deus sexa louvado se por min sandastes!. Mais se vos apracese, Maxestade, -dixo Renarte- gustaría de marchar para poder visitar a miña familia e confortar a miña muller que non a vin dende hai xa dous meses. Se ela me ve poráse moi leda, heille dar novas de vós, e sabéi que lle han prestar moito. Maxestade, Trucante ódiame -e todo sen eu ter culpa, Deus sábeo ben- e igualmente Grisengrín, o voso preboste<sup>84</sup>. Xa eles reuniron as súas tropas e se me dan pillado vanme facer finar na dor; deles non hei ter outra cousa senón a morte. Por iso pídovos como recompensa que me fornezaades protección para que non me malfiran.

Respondeulle Nobre:

-De moi bo grado.

Entón fai montar cen cabaleiros, todos con armadura e ben equipados, aos que lles encomendou Renarte para protexelo todo canto o corpo precisa.

Vanse, logo, por un areeiro, cabalgando con tanta forza que chegan a Théroutane<sup>85</sup> un bo anaco antes do mediodía. Puxeron a salvo Renarte no seu castelo, no seu tobo, e logo

---

<sup>84</sup> Alto cargo

<sup>85</sup> Ver nota 59.

volvéronse. Tan axiña como soubo a súa chegada, Hermelina, a súa muller, foi correndo para saber se satisfixera a petición do rei. Renarte bícaa e abrázaa e cóntalle e relátalle como abafou o lobo e este perdeu alí a pel, como mexou por Trucante facéndolle crebar as cornas e deixar unha parte da súa pel toda ao longo do seu corpo. Ela ri e brinca, dicindo que Renarte se vingou ben. O golpe esta contento e ledos de ter esmagado os seus inimigos.

Daquela permaneceu no seu castelo durante moito tempo -paréceme a min- porque non se atreveu a saír del- ao non se sentir seguro fóra.

## O ROUBO DO XAMÓN

Quería Renarte saír fóra do lameiro e espreita diante del, vendo vir Grisengrín, que non lle quería nada ben ao golpe. Grisengrín tamén espreita e ve Renarte.

-Renarte -di o lobo- ídesvos achegar aquí e xúrovos pola miña testa que habedes recibir o que merecedes polo mal que me tedes feito: enchéstesme de vergoña e de dor cando fodestes a miña muller Hersenda e mexastes por riba dos meus lobachos chamándolles fillos de puta. Sabes, Renarte, o que che hei pagar, porque sendo meu sobriño eu quería de corazón e ti facías o arremedo? Voute pechar en torre tan alta e en tan alto sobrado que ninguén, mesmo de alta nacemento, che ha poder facer dano nin ti has poder facerlle dano a ninguén. Hache prestar ben! Heite pechar nun castelo no que non has ter esculca nin centinela, nin trebellos guerreiros, trabuquetes ou enxeños de asalto: non has temer nin conde nin rei.

Renarte entende a ameaza e mete o rabo entre as pernas abaixándose moito perante seu tío e pedíndolle perdón manseliñamente.

-Meu tío-ponse el- nun preito dise que ninguén paga se non cometeu delito. Se me corresponde reparación heina facer ao voso grado.

-A fe que non acepto reparación ningunha, Renarte. Primeiro heivos engulir na miña gorxa e empanicar no meu bandullo.

Cando di isto érguese o lobo coa carraxe, corre atrás de Renarte e píllao, revirándoo cos pés. Este ben sabe que está sentenciado e suplicalle arreo graza ao seu tío. Grisengrín non o escoita senón que o colle pola caluga e dálle trabadas coma os cans, fúralle o coiro canto pode e abanéao rachándollo. Ao que se cansou de atormentalo diríxelle estas falas:

-Renarte, non dou maxinado a morte coa que te vou rematar. Es merecente de arderes no lume ou de seres devorado -e eu teño o poder de facelo- mais quero que teñas un final longo antes de chegares ao remate.

En canto lle dicía iso, movéndolle cos pés o gargueiro e apertándolle a gorxa para esganalo, velaí ven en camiño un aldeán todo cargado co peso dun enorme xamón que levaba ao lombo. Grisengrín sentiuno e púxose a escoitar con atención. Renarte tendeu aos pés do seu tío, mirou para el e díxolle:

-Meu tío, deixádeme ir a min, que co enorme xamón dese aldeán vós habiadesvos dar unha boa enchenta esta noite, hoxe e mais mañá, con maior satisfacción da que habiades tirar de min. E douvos a miña palabra de que se non volo traio heime presentar de volta perante vós e habedes poder facer co meu corpo o que desexedes.

Grisengrín regáñalle os dentes e fítao ferozmente xurándolle por san Cler<sup>86</sup> que non ten gana ningunha de ir onda o aldeán.

-Onte pasei por un vieiro e bateume un cun mazo deixándome tendido no chan. Moi avergoñado me deixa o que así me zorrega.

E Renarte dille:

-Deixái estar! Cómpre pór en xogo a miña habelencia: se non vos dou traído o xamón faceime pendurar dunha corda. Meu tío, -engade- vós teivos aquí. Estaivos, que xa eu irei diante.

Tanto lle rogou e tanto aloumiño lle fixo que Grisengrín dálle licenza. Renarte chímpase axiña como se non tivese mal nin tormento ningún. Vai á carreira polo bosque agachándose todo para chegar o primeiro a un sendeiriño de alí diante. Ao que chega, métese nel e estarrícase no chan. Dende alá ve vir o aldeán cargado.

Cando este o albiscou aledouse moito, colleu a moca nunha man e botouse a correr baixándoa de a feito enriba de Renarte e deixándolle unha marca no carrelo do lombo. Segue logo os seus pasos. Renarte, que tanto sabe de arremedo, fai coma quen que non fora nada e non puidese camiñar máis axiña.

Cando ve Renarte andar de trencos, aquel coida que xa o ten na man, mais Renarte pega un pincho. Dille entón o aldeán:

-Non che ha servir de nada: hei pendurar a túa gorxa no meu manto.

Renarte ouviuno e prestoulle moito, porque entre o dicir e o facer hai moito que percorrer. Se el pode hao dar impedido. Todo o tempo se esforza en cabalgar lixeiro e vai aumentando o paso. Ao aldeán cústalle moito traballo. Non dá andado, fáltalle o folgo. Daquela ponse a matinar que non vai ser quen de continuar e que non ha dar pillado o raposo se segue co xamón ao lombo. Póusao no chan e Grisengrín viuno, pois estaba a seguilo de preto para saber o que facía Renarte.

O aldeán pensa no seu corazón que se dese pillado ese salvaxe raposo, coa pelica podería pagar o gran xamón que levaba e facer un colar para adornar o seu manto, mais enganábase.

Colle a súa moca e vaise atrás de Renarte. Grisengrín, pola súa banda, vai ao xamón, cárgao ao lombo e lévao para o fondo do bosque. Renarte ve e ponse moi contento.

---

<sup>86</sup> Pode corresponder a varios santos cristiáns.

O aldeán achegárase tanto que pensou deixarse caír enriba de Renarte que fuxía. Quería pillalo vivo coas mans. Teriades que ver o raposo rispase coma unha frecha! O outro fica todo descontento e cando ve que non ha conseguir nada mándao ao diaño, dando volta atrás para coller o seu xamón, mais non o atopa. Non ten un carto nin un pataco, mais Renarte e Grisengrín poden rir ben.

Renarte corre de cacho para cabazo ata atopar Grisengrín no bosque. O lobo comera e fartárase ben. Cando ve chegar o golpe tira a corda do xamón e bótaa no chan diante del, cun pé de riba. Escondera o xamón no monte cuberto de herba e de ramallos mestos.

-Meu señor Grisengrín -di Renarte- daime a miña parte do xamón.

-Renarte ,-respóndelle el- estái calado, aínda podedes estar ben ledos se vos declaro libre da vosa débeda. Ídevos, ordénovolo, pois que non habedes ter parte ningunha non sendo a corda.

Renarte non quere dar batalla senón que comezou a retirada:

-A corda é para quen a mereceu, non para min. Ben ruín é a vosa compañía, vállame Xesucristo, fillo de Santa María! Aquí non podo botar moito tempo, pois non acabo de pecar. Pídevos licenza, meu benquerido tío, para lle ir rogar a Santiago: hei peregrinar pola terra.

E respondeulle Grisengrín:

-Concédocha.

Renarte levara un medo moi grande e colleu azos para quince días. Nunca tan ben estivo.

Foise, logo, Renarte camiño adiante matinando en enganar Grisengrín. Ben baralla facerlle pagar ao xeito do raposo a parte do xamón que non lle quixo dar.

Atopou diante del un casal e foi cara alá, de certo, batendo na cortiña do preste, onde atopou unha chea de ratos.

-Gran Deus, cheguei a bo lugar! -di Renarte.

Mais por ben que se esforce en pillalos ten que parar moi canso.

Daquela o raposo dexergou un grilo<sup>87</sup> e arreguizou todo.

E púxose a escoitar o cantor que estaba a carón do forno.

O grilo ben o recoñeceu, polo que calou e non cantou máis nada. Renarte inclinou a cabeza:

-A xente de letras ben canta en latín; eu daríavos uns bós cartos, don letrado: practicái o voso oficio!

O grilo respondeulle con moita fachenda:

-San Denis<sup>88</sup> me valla! Cómpreme saber de que pé coxeades.

---

<sup>87</sup> Algunhas edicións dan este anaco final como unha aventura autónoma á que chaman -como a de Dufournet en 2015- *Renarte e o grilo*- outras, como a do propio Dufournet en 1970, fan del o sinxelo final da aventura do roubo do xamón.

<sup>88</sup> Primeiro bispo cristián de París (entón chamada Lutecia) no século III. Na basílica a el adicada enterráronse os reis de Francia dende a época dos reis francos merovinxios.

Achégase a Renarte e con moito tacto colle unha presada de musgo, lanza un berro e bóttalle ao golpe o musgo enriba dicíndolle:

-Acabouse!

O raposo abre a gorxa e tira os dentes coidando engulilo. O grilo dille:

-Renarte, sodes de ben noxenta caste. Xa teñen os demos un peregrino que lle vai trabar á xente. Ben pretiño eu estiven de morrer arestora, mais Deus tivo a bondade de me amparar.

E Renarte respondeulle:

-Estaba bébedo,ho, coidaba que fosen os teus libros, pois, de certo, se os comese había eu saber todos os teus cantos. Pilloume por sorpresa un gran mal porque fixen moitas peregrinaxes. Agora vexo que non darei durado, o mal vaime abaixando o corpo. En verdade son un home malpocado: tómame agora confesión pois que non hai no arredor crego ningún e ti sabes moi ben facelo.

O grilo coñeceu a intención de Renarte e díxolle:

-Deus me ampare! Hai unha manchea deles!

Aparecen sete mastíns ceibos e despois deles veñen monteiros, besteiros e cazadores. O monteiro apupa e berra.

Renarte sinte o balbordo e non sabe o que vai ser del. Dispónse a fuxir e o monteiro vai atrás del e ceiba os cans adoecidos:

-Veña, Trebón! Veña, Buxo! Aí vai o golpe, Xurdio! Adiante! Pillái!

Ceibou os seus lebreis todos.

Renarte lisca ás alancadas, cos cans atrás del. O raposo non parou nadiña senón que deu un gran chimpó e agachouse no beiril do forno. Os cans seguiron alén e pasaron avante, perdendo a pegada de Renarte<sup>89</sup>. Tan longo camiño fixeron que bateron con Grisengrín. Non quixeron nin mesmo desafíalo: comezaron a lle furar a pelica e el deféndese duramente fendendo cos dentes o que dá acadado.

É unha batalla sen tregua e vense voar os guedellos de Grisengrín.

Renarte estábase no beiril do forno, todo contento e ledó, mirando a batalla e zangueándose<sup>90</sup> de Grisengrín:

-Velaí tedes a recompensa; por mal comestes vós o xamón.

Grisengrín está nun apuro: había alí un can moi grande que o pillou cos brazos, mais caíu nunha trapela moi ruín pois que o raposo lle chantou os dentes na pel. Fire gravemente varios cans e mata algúns con saña. Ao non poderen resistir, os cans deixaron estar Grisengrín, que lisca a toda présa e vai en procura de alimento.

Entón pensa na causa polo que está alporizado contra a súa muller: Renarte a fodeu. Moito se encarraxou o lobo e moita ira lle entrou no corazón porque xacera con ela. Daquela volve moi atrás e vai dereitiño á súa clareira, onde estaba Hersenda sentada.

Grisengrín ameaza Renarte moi duramente e di que se o dá pillado hao facer morrer de ruín morte, mais é Renarte quen o ha facer adoecer a el! Antes de a Ascensión chegar

---

<sup>89</sup> Pódese aplicar a este conto a situación que define un dito galego: *Mal lle vai á raposa cando anda aos grilos* ou *Cando a raposa anda aos grilos, mal para a nai e mal para os fillos*.

<sup>90</sup> Burlándose, mofándose.

halle vender ben o xamón do que lle deu a corda. Aínda o ha facer pasar por parvo e ha mexar por el cunha boa aduanada cando o leve a comer anguías.

## RENARTE E GRISENGRÍN NO POZO

Cómpre que agora vos conte unha cousa que vos faga rir, pois sei de certo que non tedes gana de escoitar un sermón nin unha vida de santo. Non vos apetece iso senón cousa que vos agrade. Pídolles logo a todos que calen, pois vou comezar un fermoso relato se Deus me axuda.

Se queredes escoitar, poderíades aprender algo que vos viría ben reter. Adoitan terme por tolo, mais eu sentín dicir na escola que de home tolo, palabras sabias<sup>91</sup>.

Non é ben facer un longo prólogo. Sen máis calar vou contar unha aventura e unha soa argallada de quen tan trapalleiro é, como vós xa sabedes e tedes ouvido dicir del: de Renarte.

A Renarte ninguén sobrepasa:  
por riba de todos el sempre pasa.  
Renarte turra, Renarte apreixa,  
Renarte todo amarrado deixa.  
Non hai sebo que solte a amalhoa,  
nin aos amigos lles fai cousa boa.  
Renarte évos moi avisado

---

<sup>91</sup> Como expresa a paremia presente en diversas linguas “Os tolos e os rapaces sempre din a verdade”.

e ao tempo évos moi malvado.  
Mais neste mundo non hai ninguén  
que non erre un día tamén.

Vouvos contar agora a desventura e o pesar que tivo Renarte.

Esoutro día, coa penuria na que estaba, foi a outras terras en procura de mantenza. Róeo unha gran fame polo que Renarte se mete nunha chaira extensa, chega a un areeiro e segue entre a bouza. Vai doente e laiando por non dar topado cousa que poida comer no xantar mais non ve nada nos prados.

Volve camiñar ao furtapaso<sup>92</sup> fóra do bosque e chega á beira. Detense e bocexa, fraco, enxoito e pampo. Moita fame pasa na súa terra. De cando en cando estarrícase, e o seu bandullo e os boches que están dentro asómbanse do que andan a facer as súas patas e os seus dentes. Salaia coa anguria e a laceira, e coa fame que tanto está a rillalo. Entón dise que fai mal en agardar aquí, onde non pode atopar nada.

Nestas meteuse por un vieiro, correndo unha legua enteira sen querer andar ao paso ata o remate. Coa testa pegadiña ao chan dexergou nun terreo chouso, ao carón dun campo de avea, un mosteiro de frades brancos<sup>93</sup>, cun casal a rentes. Renarte decide atacalo.

Estaba moi ben construído, con paredes moi fortes de pedra gris, non vos minto, e con todo o eido rodeado por un foxo de beiras altas, de xeito que non hai ser vivo que dea roubado nela cousa ningunha pola forza, pois que a porta é firme e pecha ben. Había unha chea de alimentos, porque estaba en terra farturenta.

Era un casal moi grande, mais, con todo, algúns non o coñecían. Alí hai todos os víveres que Renarte, o golpe, pode pedir: pitas e capóns maiores dun ano. Renarte dirixiuse cara a alá e deu un chimpo ao medio do camiño, apurando para o asalto, sen botar o freo ata que chegou xunto dos capóns. Parou no foxo, disposto a pillar botín e a atacar as galiñas mais non deu subido. Corre e recorre de arredor do casal mais non atopa porta nin táboa nin buraco, polo que se desespera.

Daquela engruñouse diante da porta e viu o portelo aberto e o poxigo libre, polo que foi alá e lanzouse dentro.

Corre Renarte moito perigo de que o poidan ver, porque se os frades se decatan de que quere facerlles unha falcatrúa han pedir reparación se é que non o prenden el mesmo. Son ruíns sen límite. Que importa? Todo ten o seu risco.

Atravesa Renarte o eido con moito medo de que o sorprendan, chega cabo das pitas e escoita. Ten, de certo, moito temor, pois sabe que fai unha tolería. Tanto medo ten de que o vexan que coa covardía dá media volta. Sae do eido, métese polo vieiro e comeza a matinar.

Mais a necesidade fai a vella trotar, e a fame tanto o atormenta que -triunfe ou se arrepiña- fai que volva atrás para atacar as galiñas.

Deu, logo, volta Renarte e entrou no casal por tras, tan caladiñamente que as pitas non se decataron nin rebuliron.

---

<sup>92</sup> Tipo de marcha do cabalo a paso miúdo e precavido.

<sup>93</sup> Da orde do Císter.

Había tres, empoleiradas nunha trabe -condenadiñas á morte- e el, na acometida, subiuse a un feixe de palla para dalas pillado. Sentindo moverse a palla, sobresaltáronse e agacháronse no recuncho, e Renarte vai cara a elas, pillándoas todas xuntas e esganándoas onde estaban acurrunchadas. Con dúas fai traballar a gorxa e a outra vaina levar para cociñar.

Ao que comeu e estivo farto, saíu do casal por unha sebe levando a terceira galiña.

Cando chegou á porta, o trampón tivo moitas ganas de beber. No medio do eido había un pozo e Renarte vai correndo alá para apagar a súa sede, mais non dá chegado á auga. Atopou o pozo, mais polo que ve é moi profundo e largo.

Escoitái, meus señores, o portento!

Dentro do pozo había dúas sellas e unha delas subía cando a outra baixaba. Renarte, o malvado, debruzouse no pozo, todo amuado, tristento e caviloso. Comeza a mirar o interior e a dexergar a súa sombra: coidou que era Hermelina, a súa muller, pola que sente fino amor, que se albergara aí. E Renarte, pensativo e doído, preguntoulle en alto:

-E ti, que fas aí dentro?

A voz do pozo volve para arriba. Renarte escóitaa e ergue a testa. Vólvea chamar outra vez e a voz volve subir. Renarte escóitaa e asómbrase, polo que pon un pé nunha sella e antes de entender cousa ningunha está embaixo e terá un ruín baño. Ao que caíu na auga ben soubo que se enganara.

Está Renarte nun mal paso, pois os demos téñeno moi pillado. Aferrouse a unha pedra e mellor queredría estar no cadaleito. O coitado -mesmo se está ben situado para pescar- sofre o tormento e a auga éntralle ata os osos. Ninguén o podería liberar, o seu siso non pesa un gran.

Aconteceu nese momento, meus señores, nese momento e nese instante, que Grisengrín, sen se demorar, saíu dunha extensa gándara en procura de mantenza pois a fame angustiábao con forza. Alancando dirixiuse encarraxado diante da casa e topou o lugar moi ermo.

-Aquí viven os demos -dixo el- pois non se dá atopado mantenza nin cousa que busques.

Virou logo o paso, correndo cara o portelo e chegou diante do mosteiro a trote rápido. No medio do camiño atopou o pozo onde Renarte o roxo se divertía.

Parou enriba do pozo todo amuado, tristento e caviloso. Comeza a mirar o interior e a dexergar a súa sombra. Canto máis se metía, máis vía, e entrou igualiño que Renarte. Coidou que era dona Hersenda a que se albergara aí e que Renarte estaba con ela, o que non lle gustou, polo que dixo:

-Moito me escarnece, aldraxa e deslouve a miña muller, que Renarte o roxo me tirou e trouxo aquí dentro consigo. Moi traidor ladroeiro é cando así engana a súa comadre sen eu poder gardarme del. Mais se o puidese eu dar pillado habíame vingar de a feito, de maneira que máis nunca tería que temelo.

Despois ouleou moi forte dicíndolle á súa sombra:

-Quen es ti, prea noxenta, prea probada? Pilleite aquí con Renarte!

Ouveou logo outra vez e a voz volveu ecoar para arriba.

Entrementres Grisengrín se laiaba, Renarte estaba caladiño e deixábao berrar todo canto quixese, mais despois foi el quen se puxo a chamar:

-Deus me valla! Quen está a me falar? Vou ensinar ao que pregunta.

- Di, logo: quen es? -ponse Grisengrín.

- Son o voso bo veciño que en tempos foi voso compadre. Vós queríadesme máis ca a voso irmán. Mais agora chámome o finado de Renarte, o que máis sabía de enxeño e de artes.

Daquela di Grisengrín:

-Confórtame sabelo. E desde cando estás morto, Renarte?

E Renarte responde:

-Desde esoutro día, mais ninguén se debe asombrar de que estea morto, porque todos os que están vivos han morrer. A morte haos levar o día que a Deus apraza. Noso Señor quíxome a min tanto que me liberou deste martirio. Rógovos, meu benquerido compadre, que me perdoedes por vos ter encarraxado tantas veces.

Dille Grisengrín:

-Concédovolo. Que todas vos sexan perdoadas, compadre, tanto aquí como perante Deus! Dóeme a vosa morte.

E Renarte di:

-Pois a min aledoume.

-Aledoute?

-Abofé que si!

-Dime, logo, por que, benquerido compadre.

-Porque o meu corpo atópase no cadaleito, cabo de Hermelina, no seu tobo, mais a miña alma foi levada ao paraíso e foi pousada diante dos pés de Xesús. Compadre, teño canto quero, nunca de orgullo pequeei; se ti estás no reino terrestre, eu estou no reino celeste. Aquí todo son agras e arboredos, chairas e pasteiros. Aquí hai moita riqueza, podedes ver gando en abundancia, bois e vacas, carneiros, miñatos, abutres e falcóns.

Grisengrín xura por San Silvestre que quixera atoparse alí. E Renarte dille:

-Deixaivos estar! Aquí ninguén pode entrar: o Paraíso é un lugar espiritual, non está aberto a calquera. Ti sempre fuches moi trampón, ruín, traidor e argalleiro. Desconfiaches de min tocante á túa muller. Deus me valla e a súa virtude! Nunca a ela lle eu faltei nin a fodín! Ti dis que aldraxeis os teus fillos, vállame Deus, nunca tal cousa pensei! Polo Señor que me deu a vida, cóntoche a verdade!

Grisengrín responde:

-Créovos e abofé que tedes o meu perdón, mais deixai-me entrar aí dentro.

E Renarte:

-Deixaivos estar, aquí non queremos leas. Ben podedes ver esa pesa.

Escoitái, meus señores, o portento!

Co dedo amósalle a sella. Renarte sabe empregar ben a súa agudeza pois fíxolle crer de certo que era a pesa do ben e do mal<sup>94</sup>.

---

<sup>94</sup> No momento do Xuízo Final, no que serán pesados o ben e o mal que cada alma fixo.

-Por Deus, noso pai espiritual, Deus que é tan poderoso, cando o ben ten moito peso baixa todo ata aquí e o mal todo sobe ata enriba. Mais ninguén que antes non se teña confesado poderá baixar de ningún xeito, asegúrocho. Fixeches confesión dos teus pecados?

-Fixen -dí el- A unha lebre vella e mais a unha cabra barbuda<sup>95</sup>, moi ben e moi santamente. Compadre, facéi que entre axiña aí!

Renarte comeza a ollalo:

-Cómpre rogardes a Deus e dárdeslle grazas moi sinxelamente para que vos conceda o perdón e a remisión dos vosos pecados. Así poderíades entrar.

Grisengrín non quixo demorarse: dirixiu o cu cara a oriente e a testa cara a occidente<sup>96</sup> e comezou a oulear fortemente unha música horrenda.

Renarte, todo asombrado, estaba embaixo, na outra sella, no fondo do pozo. Por un ruín acaso metérase dentro dela.

Grisengrín, encarraxado, di:

-Xa roguei a Deus!

-E eu deille grazas, Grisengrín. -di Renarte- Non ves o portento de uns cirios arderen diante de ti? Xesús vaiche dar o perdón e xenerosa remisión.

Grisengrín entón esfórzase en achegar a sella ao peitoril, xunta os pés e salta dentro. Ao ser el dos dous o máis pesado, baixa cara ao fondo.

Escoitái o rebumbio que se formou.

Atopáronse os dous no medio e Grisengrín inquiriu:

-Renarte, benquerido irmán, onde vas?

E Renarte respondeulle:

-Non poñades má cara nin torzades o fociño; vouvos dicir cal é o costume aquí: cando un vai o outro ven, é o costume que fai lei. Eu vou ao paraíso, aí enriba, e ti vas ao pozo do inferno, aí embaixo. Eu escapei dos demos e ti vas onde os diaños. Vállanos Deus, o pai espiritual, aquí goberna o malvado.

Des que Renarte chegou á terra moito se alegrou de volver á loita. Grisengrín está nun mal paso; se estivese preso diante de Alepo<sup>97</sup> non estaría tan doído como no fondo do pozo.

Meus señores, escoitái agora como os profesos<sup>98</sup> perderon os azos por comeren fabas cocidas que estaban salgadas de máis. Os domésticos foron preguiceiros e eles sufriron falta de auga.

Mais aconteceu que o encargado do celeiro, o que tiña conta da comida, des que recuperou a forza, foi pola mañanciña ao pozo levando con el un burro español e tres compañeiros. Chegan ao pozo a paso lixeiro todos catro. Atrelan o burro á argola para que non fuxa e os profesos ameázano e o burro turra pola corda.

---

<sup>95</sup> O manuscrito fala da *cabra dona Hersenda* (nome coincidente co da esposa do lobo) mais a maioría dos especialistas interpretan como “unha cabra barbuda”.

<sup>96</sup> Postura paródica.

<sup>97</sup> Cidade de Siria na que durante os séculos XI e XII tiveron lugar fortes enfrontamentos entre os cruzados cristiáns e os musulmáns

<sup>98</sup> Frades, monxes, persoas que se comprometeron a gardar os votos dunha orde relixiosa.

O lobo, en gran desventura, estaba metido na auga do pozo máis dunha vara por a sella ter baixado. O burro estaba tan canso que non se daba movido nin para adiante nin para atrás, e o encargado non quixo mallar nel. Un dos profesos debrozouse no pozo e ollou dentro, polo que albiscou Grisengrín. Daquela díxolles aos outros:

-Que estades a facer? Vállame Deus, o pai glorioso! Estades a turrar dun lobo!

Velaí todos iren correndo con medo á casa ás alancadas, despois de amarraren ben a argola.

Grisengrín sofre gran tormento.

Os frades chaman polos domésticos: o lobo ha levar unha boa zoupa.

O abade colle unha moca enorme e cornuda e o prior un candeeiro. Non houbo no mosteiro frade que non levase un caxato ou un pau. Saíron todos da súa morada dirixíndose ao pozo preparados para bourar.

Turran con forza polo asno, axudándoo ata que, de tanto tirar, a sella estivo no peitoril. Grisengrín non agarda nin unha chisca e dá un bo chimpo, mais os cans perségueno e ráchanlle a pelica facéndolle voar os guechos de pelaxe. E os profesos pillárono e batéronlle ben, un deles zorrega no carrello do lombo. Grisengrín non está en boas mans, que lle furan a pel por todas partes. O lobo sofre o tormento e perde o sentido catro veces, Asañado e adoecido déitase á beira, facendo coma quen que está morto.

Chega entón o prior (que Deus encha de deshonra!) e bota man ao seu coitelo para esfolalo. Houbo tirarlle a Grisengrín a corada! Mais o abade dixo:

-Deixái estar. Xa ten a pelica toda escachizada e sufriu tormento abondo, non ha volver a facer guerra e o mundo ha vivir en paz. Vámonos de aquí, deixádeo estar.

O lobo ten conta de non ouvear.

Os profesos collen cadanseu pau e volven para a súa morada.

Grisengrín, que sufriu moita mágoa, ve que non hai ninguén e vaise fuxindo con gran tormento pois está escadrillado. Entra nun extenso arboredo, mais tanto lle bateron no lombo que non ten azos.

Viu pasar o seu fillo por diante que lle preguntou decontado:

-Benquerido pai: quen vos fixo iso?

-Meu benquerido fillo, foi Renarte que me colleu a traizón. Deus me valla como non minto: fíxome caír nun pozo. Máis nunca me hei poder valer.

Cando o fillo o sente, encarráxase e xura polo martirio de Deus que se chega a telo nas súa mans Renarte hase arrepentir.

-Se podo collelo, prométovos que non ha escapar vivo, el que diante de min fodeu a miña nai e mexou por riba de min e mais de meu irmán. Ha levar un bo pago: a morte.

Grisengrín volveu entón para a súa terra e mandou en procura de médicos que se ocuparon todos en sandalo. Trouxéronlle mantenza que foron cazar para el, de xeito que recuperou a forza.

O lobo está curado e enfortecido. Se don Renarte pasa os lindes e Grisengrín o atopa dentro dos seus dominios, tede por seguro que lle ha facer moito dano.

## O XUÍZO DE RENARTE

Perrot, que puxo o seu enxeño e a súa arte a contar en verso as aventuras de Renarte e de Grisengrín, o seu benquerido compadre, deixou fóra o mellor da súa materia cando esqueceu os preitos e o xuízo que se fixo na corte de Nobre, o león, pola gran fornicación que Renarte – o que todo mal practica- fixo sufrir a dona Hersenda, a loba<sup>99</sup>.

Di a historia nos seus primeiros versos que xa o inverno pasara e florecía o espiñeiro albar e a rosa se espaxiaba. Era preto da Ascensión e Súa Maxestade Nobre, o león, mandou vir ao seu palacio todos os animais para facer xuízo. Ningún animal se atreveu a chegar

---

<sup>99</sup> Pierre de Saint-Cloud -pois parece que a alusión é a el- escribiu un episodio de igual función, *O xuramento de Renarte*, que non incluimos nesta escolma. Naquel episodio, Renarte -denunciado perante o rei por Grisengrín e Hersenda- comprométese a xurar sobre unha santa reliquia que non abusou da loba. A reliquia, en evidente parodia da relixión, será un dente do can Roñón. Mais o raposo ha conseguir fuxir sen facer o xuramento.

tarde por calquera motivo, non sendo só Renarte, o mal ladrón, o trampulleiro, que os outros todos apupan e desprezan acusándoo perante o rei polos seus enganos e falcatrúas. Grisengrín, que non lle quere a Renarte, diante dos outros clama e dille ao rei:

-Benquerida Maxestade, faceime xustiza polo adulterio que lle fixo cometer á miña esposa dona Hersenda, pechada en Malburaco, o seu baluarte, cando a quixo tomar pola forza. Forzouna de certo o roxo, polo que estou doente e encarraxado, e mexoulles por riba aos meus lobachos. Non foi un xogo moi delicado. Renarte puxo data para xurar que non fixera adulterio, mais cando trouxeron os santos -non sei quen lle deu tal consello- deu axiña marcha atrás e meteuse na súa tobeira.

-Grisengrín, deixái estar o asunto, nada gañariades ao lembrar a vosa vergoña. Toleirán: reis, condes e os que manteñen grandes cortes son cornudos hoxe en día. Nunca por tan pouco dano tanto dó se fixo e tanto se rabeou!

Dixo entón Pardo, o oso:

-Benquerida Maxestade, poderiades tomar unha mellor decisión, pois que aquel tanta perda e burla lles fixo a tantos animais. Seica Grisengrín está morto ou preso para non poder tomar vinganza de Renarte que o aldraxou? Grisengrín ten de certo tal poder, e se Renarte se atopar preto e non estiver proclamada a paz recentemente<sup>100</sup> non había o raposo durar. Vós sodes príncipe da terra, se poñedes paz na guerra poñei tamén paz entre os vosos baróns: ao que vós aborrezades nós aborreceremos cumprindo o voso mandado. Se Grisengrín presenta queixa contra Renarte, dai vós sentenza, é o mellor que eu vexo. Se un dana o outro, que responda do mal feito e lle pague reparación. Mandái por Renarte a Malburaco, eu traereino se o atopo e vós queredes enviarme. E heille aprender as maneiras da corte.

-Cabaleiro Pardo, -dille Bruador, o touro- Maldito sexa (de vós non falo) quen lle aconselle ao rei que sinale reparación ao derramo, á vergoña e á afronta que Renarte lle fixo á súa comadre! Non se debe axudalo máis! Como é que Grisengrín debe denunciar unha cousa que é tan sabida, coñecida e manifesta? Eu ben sei -dígase o que se diga- que se Renarte, aquel que todos emporcalla, ese ruín bandallo, ese roxo cheirento, ese trampón, se tivese conducido así coa miña muller, tomándoa contra a súa vontade, nin Malburaco o había amparar nin fortaleza que el construíse lle había valer sen que eu o dese matado e botado despois no ciscallo. Hersenda: de que tivestes vontade? É certo que foi un dano moi grande o que fixo Renarte, o larchán, o roxo, cando vos sacudiu o pano.

-Cabaleiro Bruador, -dixo o teixugo- o mal, se non o coutamos, poderá aínda ir a peor porque alguén pode instigalo, espallalo e sementalo sen poder reparalo. Se Renarte o fixo por amor: que razón de preito nin que reclamación existe? Amábaa dende hai xa tempo e endexamais ela dera queixa de que mal lle fixera. Pola miña testa, penso que Grisengrín tomouno con gravidade de máis! Perante o rei e os seus baróns hase facer reparación desa aldraxe. Se a xerra resultou rota ou estragada -mesmo que fose unha chisca- eu estou disposto a llo facer pagar cando Renarte veña e teña lugar o xuízo. O peor do xuízo, penso eu, é que o vituperio<sup>101</sup> cae sobre dona Hersenda. Ah, qué honra vos fixo o voso marido ao vos presentar á vista de tantos animais! De certo que vos deberan matar se el vos chama *miña amada* e vós lle pagades co voso agarimo. El nin vos ama nin vos respecta.

Hersenda ponse rubia de vergoña e todos os pelos se lle arrepián. E responde salaiando:

---

<sup>100</sup> Probábel alusión á paz real decretada en 1155 por Luis VII de Francia ao través da ordenanza de Soissons.

<sup>101</sup> Censura, recriminación, reproche

-Cabaleiro Teixo, non puiden facer máis! Mellor queredría eu a paz entre o meu señor e Renarte. De certo que non participei neses feitos e maneiras. Someteríame a un xuízo de Deus fervendo en auga ou ardendo no lume, mais escusarme non serve de nada. Coitada, cativa e malpocada, endexamais me han crer! Mais -por todos os santos do Ceo e así Deus me valla!- Renarte nunca comigo fixo senón o que coa súa nai faría. Non o digo en prol de don Renarte nin por reparar os seus actos, pois tanto me ten o que lle fagan a el -nin que lle teñan cariño ou xenreira- como se me dá por unha chisca de borralla. Dígoo por Grisengrín que ten ciúmes de min e todo o tempo está a cismar coidándose cornudo. Pola fe que eu debo ao seu fillo Piqueiro, que agora fixo, o primeiro de abril, dez anos<sup>102</sup>. Era a Pascua cando Grisengrín me tomou. O noso casamento foi tan soado que as nosas covas e tobos estiveron cheos de animais, en verdade que non se daba atopado sitio nin para meter un pitiño. Daquela convertínme na súa esposa, e non me tomaba por unha trangalleira nin por unha tolitates nin por unha tarabela. Mais volvo ao meu asunto. Nunca dende aquela -créame quen queira- fixen co meu corpo godallada, malvadez ou puterío, nin malura ou cousa ruín que unha freira non puidese facer.

Des que Hersenda se excusou e deu a súa razón, Couciñas o burro, que a ouviu, aledouse no seu corazón pois decontadiño pensou que Grisengrín non era cornudo<sup>103</sup>.

-Ai, nobre señora! -dixo- Tan leal fose a miña burra, os cans, os lobos e os animais todos, como vós sodes, dona Hersenda! Co voso xuramento convencéste-me de a feito. Endexamais hei dubidar de vós. E aseguro que -así Deus me ampare e me prive de calquera mantenza mol- vós nunca vos preocupastes por Renarte nin polo seu pracer ou polo seu amor. Tal penso eu. Mais o mundo é tan ruín, tan maldicente e tan noxento que critica o que louvar debería e dá testemuña do que non ve. Ai, Renarte! Tolo, desasisado, endexamais te han crer! Nunca a ti te enxendrasen, concebese e ti naceses! Xa se espallara a nova de que foderas Hersenda e que ela quería facer un xuízo de Deus conforme xamais te solicitara. Renarte ouviuna mais non dixo cousa ningunha, gardouse ben de responder e calou coma un peto. Vós ben sabedes como todos corren atrás de quen non se pode defender e todos se lle botan enriba.

Teixo, o teixugo, érguese; se pode ha axudar ao golpe, pois que é o seu curmán. De pé ante o rei tira o seu chapeu e lánzase:

-Señores, calái todos! -di- Ei, nobre rei de boa xinea, poñei paz neste asunto e sede clemente con Renarte! Deixáime traelo salvo aquí. Do que Grisengrín o acusou hase sinalar a reparación que determine a vosa corte. E se a demora e o atraso en vir á corte foi por desprezo, ha pedir perdón antes de se ir.

-Maxestade! -declara a asemblea- Que nunca san Xil vos axude se dispondes e ordenades que Renarte se presente hoxe ou mañá! Mais se vos vai ben, pasadomañá. Se non vos obedece faceino traer á forza e mais impóndelle tal castigo que o trato lle valla de vez. Moitas veces ten el feito ese desprezo: que se lembre para sempre!

Nobre responde:

---

<sup>102</sup> A mención do primeiro de abril non semella casual. Nese día, en moitos países de Europa fanse chanzas e cóntanse mentiras. Ese dato relativiza e impregna de ironía a declaración de Hersenda. En Galiza, o primeiro de abril -*Día dos burros*- existía a tradición de *meter un burro*. Conflúen nesa celebración paródica festas carnavalescas que veñen da Antigüidade e tiveron grande importancia na Idade Media como a *Festa do burro*, a *Festa dos Tolos* ou a *Festa dos Cornudos* (V. Introducción)

<sup>103</sup> Tampouco semella casual que sexa o burro o que, inmediatamente á mención que comentamos na nota anterior, acepta o xuramento de Hersenda e lóuvaa negándose a considerar cornudo Grisengrín.

-Non é ben quererdes condenar Renarte sen xuízo, e podemos deixar quedar o asunto, porque se algún de vós se deixa levar polo orgullo halle agardar a mesma sorte. Eu non odio tanto Renarte como para -se el me obedece- quererlle facer dano porque todos queren prexudicalo. Grisengrín, aceptái o xuízo de Deus que propón a vosa muller se non queredes deixar morrer o asunto.

-Aceptareino se vós ordenades. Mais se Hersenda levase adiante o xuízo e ardese ou se consumise no lume, quen agora non coñece a cousa sería sabedor, e estaría ledos quen agora me odia. Todos dirían decontado: “Velaí vai o cornudo! Velaí vai o ciumento!”. Mellor me convén nesa situación aturar -ata me eu poder vingar- a vergoña que me causou. Mais antes da vendima vindeira heille facer tal guerra que nin ceo nin terra nin murallas nin foxos o han defender.

-Pois logo, ao díaño! -dixo Nobre- Dicime Grisengrín: dará rematado a vosa guerra? Coidades gañar algo ameazando Renarte dese xeito? Pola fe que lle debo a san Leonardo coñezo tan ben os feitos de Renarte que vos pode el facer abafo, vergoña e deslouvre<sup>104</sup> antes do que vós a el. Por outra banda, foi decretada a paz e a tranquilidade nestas terras, e moi mal vai ser recibido quen a quebrante.

Ao que Grisengrín ouviu que o rei defendía a paz avergoñouse todo e non soubo o que facer nin que camiño tomar. Sentouse no chan entre dous tallos, co rabo entre as pernas.

Viríalle ben a Renarte se Deus o dispuxera así. Tan a peito levaba o rei a paz, malia os alporizados, que a guerra entre Renarte e Grisengrín remataría se non for que chegaron Cantareiro e Pinta para reclamaren na corte o seu dereito e presentaren queixa contra Renarte perante o rei. Agora era moito o lume que cumpría apagar. O fidalgo Cantareiro e Pinta, poñedora de grandes ovos, Rosada, Mouriña e mais Branca turran dunha carreta cuberta cun pano. Nela xacía unha pita que traían en padiola como se fose un cadaleito. Renarte asaíárase tanto con ela e tanto a desfigurara cos dentes, que lle tirara a coxa e mais a á dereita separándoas do corpo.

Cando o rei estaba farto e canso xa do preito, velaí chegan batendo palmas as pitas e Cantareiro. Pinta é a primeira en exclamar, con forte voz, acompañada polas outras:

-Deus me valla, nobres animais, cans, lobos e outros, amparái esta coitada! Maldito o día en que nacín! Cinco irmáns me deu meu pai e todos cinco comeu o loubán de Renarte. Foi unha gran perda e unha gran mágoa. Cinco irmás me deu miña nai, mozas doncelas e fermosas pitas. Xerardo do Freixo mantíñaas e engordábas para que puxesen ovos. Foi en van porque Renarte non deixou de todas cinco vivir nin unha: todas pasaron pola súa gorxa. E ti, irmá benquerida que estás aí deitada no cadaleito, moi gordiña e tenra estabas! Que ha facer a coitada da túa irmá que con tanta dor te mira? Renarte, que o ruín lume te queime! Cantas veces nos tripaches, esmagaches e asoballaches, e rachaches a nosa pel e nos bouraches nos nosos galiñeiros!

Onte á nona<sup>105</sup>, cabo da porta, botáchesnos morta a nosa irmá e fuxiches por un val adiante. Xerardo non tivo cabalo rápido abondo para te pillar. Vinme queixar de ti e non atopo quen me faga xustiza porque ti non temes nin as falas nin a carraxe nin as ameazas doutro.

---

<sup>104</sup> Censura, reprobación.

<sup>105</sup> As divisións horarias do día eran nesa época: *matinas, laudes, prima, terza, sexta, nona, vésperas* e *completas*. Correspondían aproximadamente ás 00 h., 03 h., 06 h., 09 h., 12 h., 15 h., 18 h., e 21 h.

Pinta, a coitada, após estas palabras caíu desmaiada no chan e as outras igualmente. Para socorrer as catro damas erguéronse dos seus escanos o can, o lobo e outros animais que lles botan auga na cabeza. Cando volveron do desmaio, segundo conta o escrito, viñeron cabo do rei e deixáronse caír aos seus pés, e Cantareiro axeonllouse mollándoos coas súas bágoas. Cando o león viu Cantareiro doeuse del. Botou un profundo salaio que non retería por nada do mundo. Ergueu a testa con carraxe e non houbo animal afouto - fose el oso ou porco bravo- que non tivese temor cando o seu rei abalou e bradou. Medoño, o coello, tanto pavor pasou que estivo catro días con febre. Toda a corte se estremeceu ao tempo e o máis valente tremeu espavorecido. Endexamais tiñan ouvido tan gran carraxe cando escoitaran bradar o seu señor. Con ira ergue a testa e con tanta potencia clama que a mansión toda resoa.

-Dona Pinta -di o emperador- pola fe á alma de meu pai (por quen hoxe non dei esmola), moito me pesa a vosa coita, mais non podo neste momento pórllle reparación. Vou facer convocar Renarte des que este corpo estea enterrado, de xeito que ides ver como se ha tomar forte vinganza. Hei mandar facer un duro xuízo pola rapaza e pola falcatrúa.

Cando Grisengrín sinte falar o rei axiña se pon de pé:

-Maxestade -di- é unha gran proeza, e moita honra teredes se dades vingado Pinta e súa irmá dona Copuda que Renarte devorou. Non o digo por xenreira, por eu odiar Renarte, senón pola pita que matou.

E o emperador di:

-Meu benquerido amigo, este gran dó que Renarte me causou non é de certo o primeiro. A vós e mais aos outros téñome dirixido e queixado, como quero agora facer polo adulterio, polo arroallo e pola traizón que el fixo, a maiores da súa infracción da paz. Mais deixemos agora estas falas. Cabaleiro Pardo, colléi esa estola, e vós cabaleiro Bruador, o touro, encomendái a alma que era compañeira do corpo. Alá enriba, no medio dese campo, faceime unha sepultura entre a chaira e a horta, xa falaremos doutra cousa.

-Á vosa vontade, Maxestade!<sup>106</sup> – di Pardo.

Entón, van el e mais outro coller a estola e, dada a orde polo rei, os outros da asemblea comezan o funeral. O cabaleiro Tardón, o caracol, leu el só as tres lecturas e Roñón cantou os versículos, Trucante o salmo, e Pardo o oso recitou a oración *Que Deus garde a alma da prisión*<sup>107</sup>.

Ao que remataron o funeral e chegou a alba levaron enterrar o corpo, mais antes fixérono pechar nun rico ataúde de chumbo, tan rico como nunca antes se vira. Sepultárono so unha árbore e por enriba puxeron un mármore no que escribiron o nome da dama e a súa vida, inscristas na lousa con sal e cicel, seguidos do epitafio: “Baixo esta árbore no medio da chaira, xace Copuda, a irmá de Pinta. Renarte, que cada día é peor, fíxolle sufrir cos seus dentes un gran martirio”.

Quen dera aí visto a pobre de Pinta chorar, maldicir e imprecicar Renarte, quen dera visto Cantareiro estirarse todo, moito se tería doído deles! Ao que enterraron o corpo e expresaron a súa coita, dixeron os baróns:

-Emperador, vingádenos deste larchán que tantas argalladas nos ten feito e a paz tantas veces ten rompido.

-De bo grado -dixo o emperador- Ide, daquela, alá, Pardo, meu benquerido irmán. Non teñades medo del. Dicille da miña parte que agardei por el tres días enteiros.

---

<sup>106</sup> Expresión que aparece exactamente en novelas da materia de Bretaña, como o *Tristán* de Bérout.

<sup>107</sup> En latín *A porta inferi erue, Domine, animam meam*, que se cantaba no oficio de difuntos.

- Fareino moi de grado, Maxestade -dille Pardo.

Vaise logo a paso rápido a través do val tan vizoso. Non para nin descansa, Pardo.

Entón aconteceu na corte algo que empeorou o preito de Renarte: Copuda fixo un gran milagre. O gran señor don Medoño, o coello, que tremeu de febre co pavor e a tivo catro días, perdeuna alí, enriba da tumba de dona Copuda. Ata o punto de que cando esta foi soterrada non quixo o coello arredarse máis nunca dela e durmiu enriba da mártir. Sentiu Grisengrín dicir que Copuda era unha mártir e declarou que tiña dór de ouvidos; seguiu o consello de Roñón que o mandou deitar enriba da tumba e así -polo que dixo- curou. Mais se non fose esta unha crenza firme que ninguén pode pór en dúbida, e se non dese Roñón testemuño, a corte había pensar que era mentira. Cando esa nova chegou á corte houbo a quen non lle pareceu ben, maiormente a Teixo que nela era -con Rabuñas, o gato- o valedor de Renarte.

Se agora Renarte non sabe unha aduanada, mal lle ha ir, porque Pardo, o oso, xa chegou a Malburaco, o seu acubillo, atravesando un atallo. Como ten o corpo moi gordo, mal que lle pese ten que estarse fóra. Vai el cara á barbacá e Renarte ponse no medio, cara a atrás, no fondo do seu tobo, para repousar.

O raposo enfeitara a súa despesa cunha galiña ben graxa e cebada e á mañá comera unha pata de polo gordecho, así é que agora descansa ben fartiño. E, entrementres, Pardo estávos no cancelo:

-Renarte, -di- fala comigo. Son Pardo, mensaxeiro do rei. Ven para fóra, a este eido, e direiche o que che manda o rei.

Renarte ben sabe que é o oso, pois recoñeceu o seu corpo, e comeza a matinar en como se pode protexer. Moito baralla en como mexar por el.

-Pardo -ponse Renarte-, meu benquerido amigo, moita carga puxo en vós quen vos fixo desviar ata aquí embaixo. Eu ía marchar hai pouquiño, mais antes ía comer un gorentoso xantar francés<sup>108</sup>. Cabaleiro Pardo, se cadra non o sabedes, mais a un home poderoso cando chega á corte dinlle : “Laváivos, cabaleiro!”<sup>109</sup>. Ben provisto vai quen arregaza as súas mangas<sup>110</sup>: de primeiras boi con agraz, e despois outras viandas se o cabaleiro quere. Mais o home pobre, que non ten un carto, foi feito de merda do demo: non senta á mesa nin ao carón do lume e ten que comer na súa abada, os cans veñen ao seu redor e tíranlle o pan das mans. Beber dúas veces é o mínimo, mais non se daría atopado ningún destes que bebese máis de dúas. Os criados bótanlle os osos, máis secos ca o carbón, e cadaquén apreixa no puño o seu codelo, pois senescas e cociñeiros están modelados na mesma forma. Das cousas que os señores teñen a eito, teñen tamén abondo os serventes. Así ardesen todos eles nunha fogueira! Agachan a carne e o pan para os enviaren ás súas putas. Pola causa que vos digo, meu benquerido amigo, xuntei eu dende o mediodía os pratos que almorcei e xantei, e seis reais de mel fresco en bos regos.

-*Nomini Patre, Cristum File!* Polo corpo de San Xil! -dixo Pardo- De onde vos ven tanto mel? E a cousa do mundo que máis degora a miña andorga! Dáime logo un pouco del, benquerido señor, Deus me valla, mea culpa!

---

<sup>108</sup>V. Introducción.

<sup>109</sup> Presentándolle auga para que lave as mans antes de comer.

<sup>110</sup> Porque ten a escudela ou prato ben acugulado.

Renarte pon cara de burla e ri da leria que lle está a tecer, mais o coitadiño do oso non se decata de nada e déixase enguedellar.

-Pardo, -dille Renarte- se soubese que podía fiarme en ti e ter un aliado seguro - pola fe de meu fillo Roxiño!- habíache encher o bandullo de mel fresco e novo, porque aí diante, entrando no eido do Enrabiado, o garda da fraga... E mais non, ho! Non paga a pena que eu vos leve e me expoña, se ao final ides portarvos mal comigo.

-Que dixestes, cabaleiro Renarte? Desconfiades de min?

-Desconfío.

- Que temedes?

-Que fagades traizón e ruindade. Ben o sei.

-É unha mesquindade aldraxárdesme así, Renarte.

-Non fago tal. Podedes estar seguro de que non vos quero mal.

-E facedes moi ben porque polo xuramento que fixen ao rei Nobre, o león, non serei convosco traidor nin solerte.

-Créovos ben -di o trampón- Non preciso outra garantía senón a vosa palabra.

Pardo ratifícase e póñense en camiño, sen soltaren a rédea dos seus cabalos ata chegaren cabo da casa do garda, onde deteñen os corceis. O Enrabiado, que coidaba da fraga, comezara a fender un carballo e outro garda colocara dúas cuñas nos buracos do tronco para mellor fendelo.

-Pardo, meu benquerido amigo -di Renarte- velaí o que che eu prometín. A min cumprírame unha vara para dar acadado o mel.

E Pardo, o oso, pon no carballo o fociño e as dúas patas de diante; Renarte tira as cuñas e empurra a árbore. Despois, arredándose anima a Pardo:

-Veña, ho! Abre a boca! -dille- Xa case tocas o mel coa lingua!

Ben se burla e o engana:

-Veña, fillo de puta, abre a gorxa que xa lle estás chegando!

Entrementres o outro abre a boca, Renarte -con moito traballo- turra polas cuñas, e cando estas estiveron fóra, a cabeza e mais o costado de Pardo quedaron dentro do carballo. Entón vese en situación moi comprometida e tira forte polo coiro. Moi apertado se viu por culpa de Renarte e por pouco o corazón non lle estoupa. Endexamais o ruín do raposo teña absolución, el que nunca esmola nin cousa boa fixo!

Renarte ponse ao lonxe e bérralle:

-Pardo, ben sabía eu que habiades empregar arte e embeleco para que eu non comese o mel. Mais xa sei o que teño que facer para outra vez. Sodes de noxenta gandallada ao non me dardes dese mel. Se eu caír na miseria, tería que andar de peregrino a San Xil antes do que esperar axuda ningunha vosa!

Cando estaba nesa parola, velaí que chega o cabaleiro Enrabiado e Renarte dálle sebo ás canelas. Aquel, des que viu o oso pendurado do carballo que ía fender, foise correndo para a aldea, berrando:

-Señores, velaí está o oso! Podédelo pillar!

Daba xenio ver os aldeáns a correr e bulir pola rúa! Este leva machada, estoutro moca, aquel vergallo, aqueloutro vara de espiñas. Moito teme Pardo polo seu lombo!

Diante van Malleiraslongas  
e Tomé Pillacandongas,

máis Mateu Estrumefás  
(que fode a muller por tras),  
e Sueiro da Barbiña  
(que á súa se afociña  
e a colle polo pescozo)  
cun fillo de don Men Mozo,  
e Puxanaburracheirenta  
(que das moscas se escorrenta)  
con Xácome da Cebola  
(bo lambedor de cazola)  
e Mamede Roecodelas  
(fillo do Pechacancelas).<sup>111</sup>

Ao que o oso sinte a carraxe dos aldeáns, bótase a tremer e pensa para o seu corazón que mellor lle é perder o fociño antes de que o Enrabiado, que ven cunha machada, sexa quen de apañalo.

Pardo encóllese, revólvese e reméxese, tanto turra que con moito traballo tira os pés, rompendo as veas, fendendo o coiro e partindo a testa. Deixa un gran regueiro de sangue que lle escorre dos pés e da cabeza. Endexamais animal tan feo se viu! Ten o fociño cuberto de sangue e na face non lle queda pel nin para facer unha bocha. Vai fuxindo o fillo da osa polo medio da fraga e os aldeáns tras del a apupalo. Vaise o oso cara a un penedo e o crego da parroquia, pai de Martiño de Orleáns, que volvíade estrumar, bátelle nos riles. E o irmán de Cabra de Reims, que fai peites e farois, acada o oso entre dúas cisternas e cun vergallo de boi que leva derréalle o lombo todo. Tamén os outros aldeáns, que son moitos, zoscan ben e Pardo escapa con moito traballo.

Había pasar Renarte pola trapela se Pardo o dese pillado! Mais aquel, os laios do oso ouvíao ao lonxe cando se dirixía á súa fortaleza de Malburaco; nela non teme exército nin tropa. Cando Pardo se ceibou, Renarte lanzoulle a súa chufa:

-Pardo, -pregúntalle el- seica adiantastes moito ao comerdes o mel do Enrabiado sen min? A vosa má fe havos perder. Tanto mal vos ha caír que ao final non habedes atopar cura que vos confese. En que orde queredes entrar con ese chapeu vermello?

O oso estaba tan magoado que non deu fala ningunha. Vaise fuxindo a todo trote matinando en que vai acabar nas mans do Enrabiado e dos outros aldeáns.

Tanto fincou as esporas que antes da nona xusta e batida estivo de volta no lugar onde o león celebraba o plenario da súa corte. O coitado del caíu sen acordo, co sangue a lle cubrir a face toda e sen orellas. A corte ficou abraiada.

-Pardo -di Teixo- Quen che fixo iso? Do que a mal tirouche o chapeu e case que non che deixou.

O oso perdera tanto sangue que non daba falado.

-Maxestade -dixo- o que así me puxo, como me vedes, foi Renarte.

E coa mesma caíu aos pés do rei.

---

<sup>111</sup> Este parágrafo é unha parodia das formacións en batalla como as presentan as cancións de xesta.

Teriades que ver o león bradar e co desespero arrancar as súas quinas! Xura polo sangue e a paixón de Cristo.

-Pardo -ponse o rei- Renarte feriu-te de morte e non coido que te salves, mais -polas chagas e a paixón de Cristo!- tan grande vinganza hei eu facer que se vai falar dela de aquí a Francia<sup>112</sup>. Onde estades, gato Rabuñas? Ide decontadiño por Renarte! Dícime ao roxo de noventa gandallada que veña á corte para facer xustiza, na miña sala, diante de todos. Que non traia cartos nin falas para se defender, non sendo a corda para penduralo pola gorxa!

Rabuñas non ousou negarse, aínda que, se puidese volve-se atrás, o camiño aínda estaría agardando por el nesa hora. Mais o crego, queira non queira, ten que ir ao sínodo, e Rabuñas torce pola esquerda no fondo dun val cara ao eido de Renarte. Tanto fincou a espora que axiña chegou. Entón invocou san Leonardo, patrón dos presos, rezándolle para que o librase das mans de Renarte, seu compañeiro. Porque o ten por unha besta tan noxenta e un bicho do que nin o mesmo Deus se fiaría.

A cousa que máis o inquietou foi que, cando chegou á porta, entre un freixo e un abeto viu o paxaro de san Martiño<sup>113</sup> e o gato berroulle: “Á dereita! Á dereita!” mais o paxaro virou cara á esquerda. Rabuñas estívose parado un bocado grande e dígovos que foi a cousa que máis o preocupa e abaixa. O seu corazón dille que vai ter moito abafo, vergoña e mágoa. Dubida moito de Renarte e moito o teme, e non se atreve a entrar na súa casa. Dálle, logo, razón dende fóra, mais non lle ha valer de moito.

-Renarte, -ponse el- meu benquerido compañeiro, respóndeme se estás aí dentro!

Renarte di primeiro entre dentes, en baixiño para que ninguén oia:

-Rabuñas, malandanza teñades e má ventura ao entrardes nos meus pasteiros! Ha ser así se o enxeño non me falta.

E logo responde en voz alta:

-Rabuñas, douvos a gran benvida, igual que se chegarades arestora de Roma ou de San Xil ou no medio do día grande de Pentecoste!

Dille así, pois falar con bonitura non custa nada e daquela saúdao moi afervoadamente. Rabuñas dille ao dereito:

-Renarte non o tomedes por agresión: veño por mandado do rei, non pensades que vos teño xenreira. O rei ódiavos e ameázavos, e mais Pardo e Grisengrín o cornudo. Todos se queixan de vós, non tedes na corte valedor non sendo don Teixo.

-Rabuñas -di el- Deixái estar iso, cómpre falar doutra cousa. Eu hei vivir tanto como poida. Vou ir á corte e escoitar quen teña algo que me dicir.

-Falades con sabenza, meu benquerido señor, e ben o louvo porque vos aprecio. Mais de certo traio tanta fame que o lombo se me abaixa. Tedes un galo ou unha pita para poder comer?

-Póndesvos escolleito de máis -respóndelle Renarte- Vós, o pillador de grosos ratos e de muraños non dariades catado aquilo.

-Si tal.

-Non tal.

-Non me había fartar.

---

<sup>112</sup> V. Introducción.

<sup>113</sup> É o *circus cianeus*, chamado en galego *gatafornela*. Rabuñas interpreta o vó deste paxaro cara á esquerda como un mal agoiro.

-Pois mañá á mañá, ao raiar do sol, heivos dar abondo. Agora seguíme, que eu vou diante.

Coa mesma saíu do seu tobo, con Rabuñas seguíndoo sen sospeitar chafulla nin leria.

Camiñando chegan a unha aldea de trinta casas.

-Rabuñas, sabedes o que imos facer? -di Renarte- Aquí vive un crego. Eu coñezo ben a súa vida-: ten moito trigo e moita avea, mais os ratos fanlle gran estrago pois coméronlle xa preto dun ferrado deles. Hai pouco que estiven aquí e dei unha atacada. Pillei dez: cinco están gardados e o sexto comino hoxe. Velaí o buraco por onde eu entro, pasa ti para o outro lado e enche a andorga.

Mais o loubán mentíalle porque o crego que alí moraba non tiña orxo nin avea, polo que non tiña perda deles. Toda a aldea se queixaba por causa dunha puta que el mantiña, que era a nai de Martiño de Orleáns, e tanto lle desbaldira ela os seus bens que non tiña nin boi nin vaca, nin outro animal que eu saiba, non sendo dez galiñas de raza. Renarte ripáralle dúas pitas e un galo, e Martiño -que despois tomou o hábito de frade- armou no buraco unha esparrela para pillar o raposo Renarte. Deus lle conserve tal fillo ao preste, que tan ben aprende a trampullar! Conta con pillar o raposo e mais o gato! Renarte coñecía ben o ichó e non llo contou ao seu compañeiro.

-Rabuñas, pasa para o outro lado! -dille o golpe- Veña, merda! Es ben covarde! Xa eu estou fóra a vixiar.

Rabuñas bota o corpo dentro, mais non atopa trigo nin orxo e a baraza máncalle a gorxa: tira e turra Rabuñas o gato, mais a baraza apértalle o pescozo. Pensa en escapar. mais non pode porque Martinciño o novo chímpaselle enriba.

-Veña, ergueivos, meu pai! -ponse el- Axuda, miña nai, axuda! Prendéi a candea no lume! O raposo entrou polo buraco!

A nai de Martinciño acorda, dá un chimpó e prende a candea, levando unha roca na man. E o crego, termando da súa androlla, chouta nun brinco do leito.

Moi duro ataque recibiu Rabuñas, pois papou unha ración de cen paus antes de se ceibar da prisión. Zoscan o crego e mais a súa barregá, e tamén Rabuñas cos seus dentes afiados. Este -polo que vemos na historia- fita a colloada do preste e, fendendo con dentes e unllas, avíalle un dos seus penduricos.

Cando a muller viu a perda e o aparato así aberto, por tres veces botou grandes salaios e na cuarta vez desmaiouse. En canto que Martinciño tiña dó de súa nai que estaba desmaiada, Rabuñas rillou cos dentes a baraza e así deu escapado.

Fixéronlle moito derramo mais ao final deuse vingado do crego que tanto lle zoupaba. Deus me asista, moito se vingaría el de Renarte se o tivese debaixo, mais o larchán, dende o momento en que Martinciño dixo “Erguéivos!” non quixo parar ata chegar ao seu acubillo. Aqueloutro quedou papando o mal todo. Quen tería ouvido o gato Rabuñas a maldicir Renarte e o seu enguedello!

-Ai, Renarte, Renarte! -dixo el- Que Deus non dea enxamáis acougo á vosa alma! Debería eu ser avisado pois que tantas veces mexou por min Renarte o roxo coas súas falcatrúas. E ao cornudo do crego, que Deus lle dea mala vida e pouco pan a el e mais á súa puta prea pola acometida que me fixeron! Tamén é certo que lle falta un dos seus penduricos: ben vinguei eu a súa parroquia, agora ha tanguer só unha campá! E o seu fillo

Martinciño de Orleáns, nunca el ben ningún teña por me ter zoscado esta mañá! Que viva o tempo de se facer frade e acabar pendurado por ladroízo.

Tanto durou a súa queixa que chegou ao val onde se xunta a corte do rei. Ao que o dexergou caíu aos seus pés e contoulle a portentosa aventura.

-Meu Deus -dixo o rei- aconséllame nestora! Outra diañura de Renarte que mexa por nós. Non dou atopado ninguén que me vingue da súa falcatrúa. Cabaleiro Teixo, matino se non será por consello voso que don Renarte é así de ruín comigo.

-Xúrovos que non, Maxestade.

-Ide axiña vós, daquela, e traéino, e tede conta de non virdes sen el.

- Maxestade, tal non podo eu facer. Renarte é de tan mal carácter que sei que non o había traer, non sendo que eu levase o voso cuño. Mais se el ve o voso selo, vállame san Israel<sup>114</sup>, ningunha dificultade ha ter o mensaxeiro, sexa eu ou outro.

-Ben falado-responde o emperador.

Entón dita o contido, e Bravún, o xabarín, escribe e sela o que el dixo. Logo entrégalle a Teixo o selado. Este vaise por un herbal e despois métese por un gran bosque. Moito lle suou o lombo antes de chegar á morada de Renarte.

Ao serán atopa nunha estivada un sendeiro que o leva doadamente á morada de Renarte antes da noite. Os muros están nunha engroba. Por un portelo que coñecía entra Teixo no primeiro recinto. Renarte, que teme que o ataquen, cando sinte vir ruído achégase á casa en tanto non saiba de que se trata.

E velaí Teixo dentro da fortaleza. Polo seu xeito de pasar a ponte xiratoria, polo seu corpo pequeno e polo seu entrar na tobeira co cu diante e a testa atrás, Renarte recoñeceuno antes de velo máis ao preto.

Moita ledicia e contento amosa o golpe, e bótalle os brazos ao pescozo. Como era seu curmán, séntao enriba de dúas almofadas pequenas. Teixo tivo o siso de non querer dicir a súa mensaxe antes de ter comido abondo. E cando pasou a cea dixo:

-Cabaleiro Renarte, as vosas aduanadas son ben coñecidas. Sabedes o que o rei vos comunica? Non vos comunica, senón que vos ordena irdes ter xustiza ante el, estea onde estea. Rematará de vez a vosa guerra? Que lle apoñedes a Grisengrín, ao oso Pardo ou a Rabuñas o gato? A mal vos han virar as vosas trampulladas se non mudades de conduta, non habedes atopar senón a morte para vós e as vosas crías. Tomái, crebái este selo e mirái o que vos di a carta.

O loubán treme e arreguiza, creba con moito medo o selo, ve o que a carta lle transmite e xa na primeira palabra salaia, pois ben entendeu o que nela se dicía.

-“Súa Maxestade Nobre, o león, que en todas as rexións é rei e señor dos animais, ordena a Renarte vergoña e tortura, con mortal guerra e grande contrariedade, se é que non se presenta decontado para lle facer xustiza e dereito diante da súa xente. E que non traia diñeiro nin falas de defensa senón a corda para a pendurar do seu pescozo.”

Ao que Renarte ouviu a nova, o corazón deulle unha volta no peito e a face escurecéuselle.

-Deus me asista, Teixo, agradézovolo! -ponse- Aconsellái a este coitado doente! Odio a hora na que vivo, pois que mañá hei estar pendurado. Meu Deus, así tivese eu entrado de

---

<sup>114</sup> Santo occitano que viviu no século X-XI.

frade en Cluny ou en Claraval! Mais sinto tanta falsidade nos frades que temo me fose mal se eu me virase un deles.

Dixo Teixo:

-Iso a min non me preocupa. Mais mañá corredeis un gran perigo de morrer; agora que estades vivo, confesáivos axiña a min para irmos máis tranquilos.

E respondeu Renarte:

-Cabaleiro Teixo, este voso consello paréceme bo e útil, porque se a vós me eu confeso antes de estar en apuros non me ha facer mal. E se é que morro estarei salvo. Escoitái, logo, os meus pecados<sup>115</sup>:

Meu señor, devecín por Hersenda, a muller de Grisengrín. Agora vos digo, finalmente, que é razón non a creren a ela, pois que de certo eu a fodín. Ben me arrepinto de un día lle ter abaneado os cadrís, meu Deus! *Mea culpa!*<sup>116</sup>

Tanto dano lle teño feito a Grisengrín que endexamais dei chegado a un acordo con el. Deus conceda a salvación á miña alma!

Tres veces quedou Grisengrín preso pola miña causa e vóuvolas contar.

Fíxeno caír na lobeira onde quixo comer un año, e sacudíronlle tanto a pelica que levou cen zoupadas de ración antes de poder saír<sup>117</sup>.

Fixen que se agarimara a carón do lume e alá o atoparon os pastores e batéronlle cal asno para cruzar unha ponte.

Sabía eu que había amoreados dez xamóns nun outeiro, na casa dun crego, nunha igrexa, e de cada un deles fíxenlle comer tanto ao lobo que non deu saído polo buraco por onde entrara, tan inchado el estaba<sup>118</sup>.

Mandeino sentar no xeo ata que o rabo se lle conxelou<sup>119</sup>.

Mandeino pescar na fonte unha noite de lúa chea e ao ver a imaxe branca dela na auga coidou que era un queixo<sup>120</sup>.

Traizoeino de novo diante da carreta na chousa<sup>121</sup>.

Cen veces o abaixei e o fixen tolear a poder de engado.

Tanto argallei que chegou a frade e despois a cóengo, cando lle fixen comer a carne.

Ben me deberan esfolar!

Non vos daría contado no día enteiro a vergoña que lle causei.

Fixen que Rabuñas fose pillado cando el contaba atopar ratos<sup>122</sup>.

De toda a liñaxe de Pinta, fóra ela e mais súa tía non quedou pita nin galo nos que eu non fixese unha boa carnizaría<sup>123</sup>.

---

<sup>115</sup> Renarte vai aludir a algunhas das súas falcatrúas. Non todas figuran nos episodios recollidos na nosa escolma nin mesmo noutras documentadas por escrito nas diferentes pólas, polo que algunhas poderían non se ter levado á escrita ou térense perdido. No caso das identificadas recolleemos na correspondente nota a póla do *Roman* na que figuran.

<sup>116</sup> Ver nesta escolma *Renarte e Hersenda*, que forma parte da póla VII da edición de Dufournet en 2013-2015.

<sup>117</sup> Alude ao episodio *Renarte e o crego Martiño*, que forma parte da póla XV da edición de Dufournet en 2013-2015.

<sup>118</sup> Alude ao episodio *Renarte e o lobo Premente* (irmán de Grisengrín), que forma parte da póla XIV da clasificación de Martin.

<sup>119</sup> Ver nesta escolma *A pesca co rabo*, que forma parte da póla XII da edición de Dufournet en 2013-2015.

<sup>120</sup> Unha fábula de Marie de France -*O raposo e o reflexo da lúa*- recolle este episodio.

<sup>121</sup> Parece aludir a unha variante de *O roubo das anguías* na que se introduce a vinganza de Renarte sobre o lobo Premente.

<sup>122</sup> Episodio que vimos hai pouquiño neste *Xuízo de Renarte* e que forma parte da póla I da edición de Dufournet en 2013-2015.

Cando se atopou diante do meu buraco a hoste de xabaríns, de vacas, de bois e doutros animais armados que Grisengrín trouxo con el para lle pór fin a esta guerra, recrutei o mastín Roñón. Foron ben trinta asoldados<sup>124</sup> quer cans, quer cadelas, quer aláns: todos levaron ferroadas e feridas a esgalla mais tamén unha paga ruín que eu dispuxen como os seus soldos. Ao que a hoste se xuntou, con trécolas e embelecocos tireilles eu a paga e ao nos separar fíxenlles burla. Agora arrepiéntome, meu Deus! *Mea culpa!*

Causei moita dor a todo o mundo e agora estou arrepentido. Cómpre que me arrepiña do que eu fixen na mocidade.

-Cabaleiro Renarte -dixo Teixo- confesástesme os vossos pecados e o mal que fixestes, se Deus vos tira deste preito tede boa conta de non caídes de novo neles.

-Poida Deus non me ter tanta xenreira como para permitir que me arrede e lle faga o mal máis pequeno a ninguén -dixo Renarte.

E aceptou todo canto quixo Teixo, quen despois o bicou e absolveu, metade en romance metade en latín.

Renarte, cando chegou a mañá, deixou a muller e os fillos. Ao partir houbo moito dó. E tomou licenza dos da súa casa:

-Meus fillos, nobre liñaxe, -dixo- acontezame o que me acontecer, pensái en manterdes o meu castelo contra condes e reis, porque non habedes atopar en moito tempo conde, príncipe ou casteleiro capaz de vos danar o máis mínimo. Ao que teñades levantada a ponte ninguén vos ha poder mancar, e tedes mantenza abondo: non coido que vos falte antes dun ano. Non vos vou nomear a cada un de vós, encoméndovos todos ao Señor Deus, e que el me faga regresar como de adoito.

Coa mesma petou co pé no chan, e ao saír da tobeira comezou a súa oración:

-Deus omnipotente, -di Renarte- ampara a miña sabenza e o meu siso para que non o perda por medo perante o león, meu señor, cando Grisengrín me acuse de todo canto el presente demanda. E que eu saiba dar razón, quer negando quer defendéndome. Déixame regresar san e salvo e que eu poida aliviar o meu corazón daqueles que me fan tal guerra.

Entón déitase no chan mirando contra abaixo, bate a culpa catro veces e despois persígnase para se gardar do demo. Moita coita sente o raposo por don Nobre, o león.

Vanse entón os baróns á corte e pasan o río que por ela corre e as engrobas dos montes, entrando despois na chaira. E, antes de que Renarte remate de laiar, ambos os dous perderon o sendeiro, o camiño e a estrada. E mais tanto buliron que se toparon no medio dunha camposa rente dunha granxa de freiras. Tiñan elas as tullas e o poleiro ben provisto de todos cantos bens a terra dá, de parrulos e outros animais de cría.

Di, daquela, Renarte:

-E se imos por aí a ese quinteiro cara ás pitas? Contra esas espiñeiras está o camiño que abandonamos.

-Ai, Renarte, Renarte! -dixo o teixugo- Deus ben sabe por que dicides iso! Fillo de puta, larchán traidor! Inda ben non vos confesastes a min e xa queredes volver a ela? Así renegaches de Deus?

E el dixo:

-Esquecérame, ho! Vamos, vamos, eu xa estou aviado.

---

<sup>123</sup> Alusión á queixa de Pinta que tamén foi vista neste *Xuízo* e que forma parte da póla I da edición de Dufournet en 2013-2015

<sup>124</sup> Mercenarios, persoas pagadas cun soldo para guerrearen en prol de quen os contrataba.

-Renarte, Renarte, non me contes nada! Don perxuro, don renegado, endexamais vos habedes corrixir! Dime, logo, criatura tola: estás en perigo de morte, confesácheste e queres facer outra morte? De certo que un gran pecado pende por riba de ti! Maldita sexa a hora en que caíches na terra nai! Ben doída pode estar a nai que te trouxo naquela hora, pois que todo o mundo te detesta.

Vanse así os baróns cabalgando devagariño. O golpe non ousa manifestar o seu sentir porque o seu curmán o reprende, mais vira a testa cara á banda das pitas e dóelle arredarse delas. Tería botado unha latricada con elas se non fose polo teixugo.

Alá van os baróns xuntos. Meus Deus, moito trota a mula de Teixo! Mais o cabalo de Renarte vai aos tombos e o costado bátelle nos cadrís: nunca medo máis grande tivo do seu señor.

Tanto andaron polas chairas e os arboredos, ao trote e ao galope, e tanto percorreron os montes que chegaron ao val que leva cara á corte do rei. E pola ponte chegan á sala grande. Tan axiña como Renarte entra na corte, non hai animal que non se dispoña a reclamar ou a intervir. O raposo está preto da súa acabación e non se irá sen unha boa escaldadela pois que Grisengrín está a afiar os dentes, Rabuñas o gato a preparar o seu proceder (igual que Pardo, que ten a cabeza vermella) e Cantareiro a velar na espera, e Roñón a se aparellar. Mais -téñanlle xenreira ou amistanza- o raposo non pon aceno covarde senón que, no medio da casa, comeza a súa razón coa cabeza ergueita.

- Rei meu, -di Renarte- saúdvos como aquel dos baróns do imperio que mellor vos ten servido. Maldito quen ante vós me rebaixe! Non sei se foi por algún mal que me botaron polo que nunca eu dei gozado un día enteiro do voso benquerer. Esoutro día separeime de vós entre o voso entendemento e a vosa benquerenza, sen animosidade nin ira. E agora os solertes, que de min queren vingarse, tanto fixeron que vós me condenastes a morte. Mais, Maxestade, des que o rei se afai a crer os ruíns ladróns e desleixa os grandes baróns e abandona a cabeza polo rabo, logo vai a súa terra por mal camiño porque aqueles que son servos por natureza non saben ollar con mesura. Se poden aínda medrar, moito traballan para prexudicaren os outros, pois can famento na cociña non quere besta veciña. Estes fan morrer a xente pobre e perder valor os cartos, animan a facer o mal e mais saben tirar para eles proveito e embolsarse os bens doutros. Gustaría eu de coñecer a demanda de Pardo e de Rabuñas. É certo que se o rei o ordena eles poden causarme unha gran desfeita, mesmo se eu non lles fixen derramo ningún e non dan explicado o motivo. Se Pardo comeu o mel do Enrabiado e o aldeán o abafallou: por que el non se vingou? E mais ten puños e ten boca, ten fociño e ten faceiras. E se o gran señor don Rabuñas, o gato, comeu os ratos e os muraños; se o pillaron e o abaixaron -por todos os santos do Ceo!- que teño eu que ver? Eu non son gobernante nin autoridade para ter que facer cumprir a xustiza! Queren esixir de min o que non dan acadado en por eles? E de Grisengrín non sei o que diga. Non podo agachar que ameí a súa muller, mais visto que ela non presentou queixa, que non houbo baixada de bragas nin rotura de porta nin de portelo, se ela me quere e me ama: por que reclama ese tolo ciumento? É de dereito que me aforquen por iso? Non, ho! Deus Noso Señor me ampare, benquerida Maxestade, e a vosa realeza. E mais a fidelidade e a lealdade que vos eu sempre mantiven! Mais arestora teño a gorxa canosa, vou vello, non me dou axudado xa e non teño azos para preitear. Comete pecado quen me manda vir á corte, mais se o meu rei o ordena é de xustiza que eu veña. Velaquí estou perante el, e así me prenda e

me faga queimar ou aforcar (porque ningún outro non sendo o rei pode facelo) non había eu revirarme. Mais ha ser unha pobre vinganza, que dará moito a falar mal dela, se eu morro sen xuízo.

-Renarte, Renarte! -di o emperador- Maldita sexa a alma da vosa nai, que non vos abortou cando vos levou no seu ventre! Dicime, loubán traidor: por que sodes tan mentireiro? Sabedes sempre engaiolar, mais non val nada, non vos serve a vosa colorida retórica. Moita medicina teriades que saber para escapardes desta. Como estades aquí pillado non cómpre saín de gato<sup>125</sup>: hoxe vai rematar a vosa pibela. Ben sabedes o que lle aconteceu á burra amarela e vós teredes a mesma recompensa<sup>126</sup>.

-Maxestade! Maxestade! -dixo o teixugo- Se nós vos obedecemos, para obrarmos ben e en rectitude, vós non debedes -para obrardes con razón, siso e mesura- maltratalo senón procurar e acadar a paz, sen vos guiardes agora pola carraxe senón pola fe e o xuízo. Escoitái sen vos anoxardes: Renarte veu baixo protección para responder en dereito e reparar o que lle puidesen reclamar se alguén fai denuncia e vós tedes a bondade de establecelo.

Aínda ben non rematara Teixo a súa razón cando se puxeron de pé Grisengrín e o carneiro, o gran señor don Carnocho, Rabuñas o gato, e mais Roñón, e o gamo, gran señor Cagalliñas, e Pardo, que limpou o rostro, e o cabaleiro Trucante o cervo, e o cabuxo Raxado, e Bruador o touro, e mais o mulo Muón.

Ao que a assemblea estivo reunida, Renarte o roxo botouse a tremar e a arreguizar sabendo que a súa morte está sentenciada e non pode ser impedida. Querería estar nestora en Malburaco, habería pechar ben o seu tobo. Mesmo que viñesen don Teixo e Pardo o oso, e mais don Rabuñas, e Súa Maxestade o rei Nobre, o león, mesmo que tivese con el os seus baróns todos, non o habían tirar do seu acubillo, tan forte e bravo é aquel territorio. Mais arestora está pillado na esparrela e ben sabe que non é unha leria, ben sabe que non se pode librar, vano facer aforcar de mala maneira.

Os baróns están reunidos e van falar do mal ladrón.

Escoitái falar don Carnocho, que nunca ben quixo a Grisengrín porque este quixera comelo e vaise querer vingar:

-Grisengrín, sodes ciumento de máis! Que foi? Se Renarte vos fixo cornudo é polo voso ben. Se os cans vos atacasen e chegásedes a un foxo algo profundo e largo, habiades saír del sen dor e sen medo. Sabedes o que se lle di ao ruín cornudo cando atopa unha ponte desfeita: “ Atravesai, que se caídes poderdes estar seguros de aboiar!”.

Con estas falas Carnocho calou. As súas palabras non gustaron a aqueles que lle tiñan xenreira a Renarte porque están fartos de argalladas. Falou Bruador, moi alporizado pois encarraxárase todo co que dixerá Carnocho:

-Deixái estar, cabaleiro Carnocho, non é cousa de virdes con andrómenas. Coido que Renarte vos pagou dándovos do seu mel, mais -pola fe que vos debo- non aprobo ese discurso. Se Renarte non é aforcado hoxe terédeslle valido de escudo. Señores que arredor

---

<sup>125</sup> En galego *saín* ou *saíl* denomina a graxa de certos animais, maiormente peixes e porcos. En francés antigo era equivalente de ‘graxa’ en xeral. A graxa de gato utilizábase como remedio contra da artrite polo que o que o rei Nobre ven dicindo é “Agora xa non hai remedio para vós”

<sup>126</sup> Dufournet en 2013 sinala que a cor amarela ou rubia da burra (*fauve* no orixinal) indica traizón e falsidade na simboloxía tradicional: sería, logo, unha advertencia de castigo a Renarte.

de min estades: que imos facer con este mal ladrón, con este roxo cheirento, con este traizoeiro que día tras día mexa por nós?

Falou despois Trucante, que tiña moitos desexos de intervir.

-Escoitáime todos -dixo- En nome do rei eu vos aconsello que Renarte sexa hoxe aniquilado.

Aos baróns gustoulles moito esa proposta e foron cabo de Renarte, rodeándoo. Collérono e abaneárono berrando todos:

-Aforcalo! Penduremos de vez Renarte! Que as súas trécolas non o libren! Non ha escapar vivo!

Reuniuse o consello, con Renarte cos ollos cubertos cunha venda, e lévano pendurar á forza.

Coitado del, que non pode defenderse! De moi bo grado fuxiría e iría a Malburaco, e estaríase abeiradiño na súa casa, mais non pode, que a Deus non lle aprace! Renarte está capturado e atado.

Meu Deus, que ledó está Grisengrín! E mais Pinta e Cantareiro o galo! Coidan que agora han vivir en paz. Mais se de aquí se dese ceibado, aínda os había facer saltaricar: quen agora anda coa cabeza ergueita xacería polo chan coa boca aberta, quen hoxe di que el non vale unha faragulla andaría doente a esfurricarse. Se de aquí dese escapado, aínda os había facer chorar.

Moi gran tormento sofre Teixo, que chora e salaia polo seu curmán. Daquela vaise colocar diante do rei:

-Maxestade, douvos a miña palabra e a garantía de cumprila. Renarte non vos ha causar inqueda na súa vida nin a vós nin a home ningún se sae libre desta vez. Por Deus, Noso Señor, escoitái este rogo! Doéivos do voso barón! Se o penduran -está certo- todos os seus parentes terán deshonor, aviltados<sup>127</sup> se verán para sempre. Mais se escapa vivo, eu heino obrigal a coller a cruz<sup>128</sup>. Suplícovolo en voz ben alta que llo concedades -di Teixo.

Entón o rei outorgoullo e manda traelo e poñelo de pé diante del.

-Ai, roxo de noxenta caste! Es de moi ruín catadura e feitío! De certo que a Natureza marrou contigo pois que non es capaz de entender o ben, fillo de puta, carne de forza!

De pé diante do rei dixo Renarte saloucando

-Ah, meu benquerido rei, pídvos, por Deus, mercé! Douvos a miña palabra: asegúrovos que endexamais habedes recibir unha queixa de min, prométovo en boa lei.

-Por todos os santos de Belén! Se algunha vez me chegar unha -grande ou pequena-, sabéi ben que sen demora Renarte será pendurado dunha póla.

O raposo escóitao eponse moi ledó, deitándose aos pés do rei. Este axúdao a se erguer e manda traer a cruz. Don Pardo, o oso, tráela e fíncalla no ombreiro. Ao que a tivo, Renarte púxose moi ledó. Non sei se el ha cumprir o camiño, mais como toma a obriga, coa cruz no ombreiro dereito tráenlle a alforxa e o bordón.

Moito desacougo tiveron os animais! Os que o apuxaron e lle zouparon din que aínda han ter que aturalo.

---

<sup>127</sup> Envilecidos, deshonrados.

<sup>128</sup> Indo de peregrino á Terra Santa.

E velaí Renarte peregrino, coa alforxa pendendo do pescozo e o bordón freixeiro. O rei dille que lles perdoe todo o mal que lle fixeron e abandone o engano e a malvadeza, e, daquela, se morre hase salvar. Renarte non se opón a nada do que lle pide o rei senón que asente a todo o que el di ata o momento de se ir. Rompe a palla dándolles o perdón<sup>129</sup>.

Vaise da corte un pouco antes da nona. Ninguén daqueles se parou con el (e o raposo desafiounos no seu corazón) non sendo o rei e a súa esposa, Dona Tesa, a fachendosa, que era moi cortés e belida. Ela dille, falangueira, a Renarte:

-Cabaleiro Renarte, pregái por nós e nós tamén habemos pregar por vós.

-Miña señora, -ponse el- moito me ha alegrar o voso prego: moi ledos se ha poñer aquel polo que vós pregariades. E se eu tiver o voso anel a miña viaxe había ser moito mellor. Sabedes que se mo dades habedes ter bo galardón e eu vos hei dar das miñas alfaías por valor de cen aneis.

A raíña téndelle o anel, Renarte cólleo moi amorosamente e coa lingua pequena di en baixiño:

-Que me corten a cabeza se aquel que endexamais viu o anel non o paga caro. Ningunha cousa o dará protexido.

Renarte puxo o anel no seu dedo e despois tomou licenza do rei.

Pica coas esporas o seu cabalo e vai fuxindo a gran trote. Achégase á sebe na que se agachou Medoño e ten máis fame da que adoita: de tanto xaxún dóelle o corazón.

Coa mesma entra na sebe, Medoño ve e éntrolle un gran temor. Co espanto ponse de pé e deséxalle un bo día, dicíndolle:

-Gran señor, moi ledos estou de vos ver san e en boa saúde. Moito me doe a mágoa tan grande que vos fixeron hoxe.

Renarte, que todos enguedella, dille:

-Pois que vos doe a miña mágoa e o que me fixeron, queira Deus que sexades a miña mantenza.

Cando Medoño ouviu, entendeuno ben, e ao non se sentir nadiña seguro, prepárase para fuxir porque teme morrer, e quere ir cara á chaira. Renarte píllao coa rédea do cabalo:

-Así Deus me axude! -di Renarte- Estarédesvos aquí, meu señor Medoño; o voso medoñento cabalo non vos ha librar dos meus cativos, aos que vos vou eu dar.

E aguillóao co seu bordón.

A corte, o rei e a súa xente atopábanse nun gran val dominado por catro grandes penedos afiados, ergueitos contra as nubes. Renarte sobe ao máis alto con Medoño, avergoñándoo. Este leva as orellas baixas so o ventre do cabalo. Renarte, o de noventa caste, pensa facer entrega del sen demora aos seus fillos. Queira Deus liberalo!

Renarte mira dende o arboredo e ve o rei e mais a raíña e unha chea de baróns e de animais. O bosque todo treme como nunha treboada. Entre eles falan de Renarte, mais non saben cousa ningunha de Medoño, que el leva preso como se fose un ladrón. O golpe colle entre as mans a cruz e bérralles con voz potente:

-Señor rei, tomái o voso pano! Que Deus maldiga o parvo que me fixo cargar con esta capa, o bordón e a alforxa!

---

<sup>129</sup> A rotura dunha palla era un acto simbólico que marcaba un acordo, rompendo co enfrontamento anterior.

Frega o cu con eles, ben á vista dos animais, e logo lánzallelos sobre das súas cabezas e en voz moi alta dille ao rei:

-Maxestade, escóitame! Nuredín<sup>130</sup> mándache saúde por min, que son bo peregrino. Tanto vos temen os pagáns todos que a pouco máis non se botan a fuxir.

Tan longa burla fixo deles que, entrementres, don Medoño desatouse e montou nun cabalo rápido. Deu un chimplo moi acaído e antes de que Renarte o vise ou se decatase xa Medoño estaba preto da corte co seu cabalo que tanto alancaba .

Levaba o coello os costados en retallos e a pel dos pés e das mans toda esgazada polo estrago que lle fixera o bordón: ía nun estado calamitoso. Foille moi traballoso avanzar así.

Botouse aos pés do rei:

-Maxestade, -di- valeime, por Deus!

Daquela cóntalle a diañura do raposo.

-Meu Deus! -di o rei – Moito me traizoou Renarte e déixame pampo e abraiado. Témememe ben pouquiño. Ben sei arestora o mal que me quere. Meus señores, todos após del! Velaí o tedes a fuxir! Sabéi que se el nos escapa todos nós estamos condenados á morte, mais o que de entre vós o dea collido ha ennobrece a súa liñaxe.

Teriades que ver Grisengrín e o cabaleiro Carnoch, o carneiro, e Pardo o oso, e Rabuñas o gato, e o gran señor Pelado, o rato, e Cantareiro e mais dona Pinta coas súas acompañantas, o cabaleiro Rinchón o faco, e don Roñón o mastín, e o señor Branquecho o cabrito, e don Teceliño o corvo! Ségueos Cri-cri o grilo, e Correatrás o furón, despois vai o cabaleiro Bravún, o xabarín de dentes afiados. Bruador, o touro, afinouse ben e Trucante soltou brida. O caracol porta o estandarte e guíaos certamente pola chaira.

Renarte mira atrás súa e ve vir a xente do rei. Non sabe o que debe facer. Dun pulo salta o camiño e entra nunha bouza perseguido por Corta, a cadela. Tampouco non o tranquilizan os outros animais pois ameázano e xuran que non o han salvar nin valo nin fortaleza ou baluarte, nin torre nin acubillo, nin tobos ou matogueiras, sen ser pillado ou rendido e logo esfolado ou aforcado.

Renarte ve que non vai durar moito, lisque ou camiñe. Pola boca bota espuma e os outros vano depenando e arrancándolle pelaxe que voa esfiañándose. Case lle furan os riles e por pouquiño non cae nas súas mans; téñeno na trapela e ha ser un portento se dá escapado.

E mais aviveceu. Tanto que se acochou en Malburaco, o seu bo castelo e a súa atalaia, a súa fortaleza e a súa mansión, onde non teme hoste nin asalto. Quen queira vir hoxe contra del, que veña!

A súa muller -que moito lle quere e tanto agarimo lle ten- ven cabo del. Tres fillos tiña a nobre dama: Furasebes, Fortepóla e Roxiño, o máis garrido de todos. Todos tres veñen ao seu redor e terman de Renarte polas virillas, ven as chagas a sangrar e dóense e compadécense moito; lávanllas todas con viño branco e séntano nun coxín. Preparan o xantar, e el tan derreado e tolleito estaba que non foi quen de comer senón unha pata e o

---

<sup>130</sup> Emir de Alepo que derrotou varias veces na segunda metade do século XII os cruzados cristiáns e unificou a Siria musulmá.

sobrecú dunha galiña. A súa dona mandou que o bañasen e lle puxesen ventosas e despois lle fixesen sangrías, de xeito que deu recuperado a saúde que tivera denantes.

O CERCO DE MALBURACO

Súa Maxestade o emperador Nobre chegou ao castelo onde estaba Renarte e viu que o cerramento, as torres, as murallas, as tranqueiras<sup>131</sup>, as fortalezas e as atalaias eran moi fortes, e que ningunha frecha daría chegado tan alto. Todo está rodeado de grandes foxos, profundos e preparados. Viu os muros e os torreóns, firmes e grosos, elevados e duros, as ameas dominando dende o curuto a entrada da gruta, a ponte levadiza gardada e subida pola cadea.

O castelo estaba asentado nun penedo e o rei achégase o máis que pode. Desce do cabalo diante da porta, e con el os baróns todos. Sitúanse de arredor do castelo, cada un deles na súa tenda, distribuíndose por todo o espazo.

Pode Renarte ter canto medo sexa, que nunca por asalto nin pola forza ha ser conquistado: só pola traizón ou pola fame será vencido.

Está el en pleno vigor, sobe ao alto da súa torre e ve Hersenda e Grisengrín que acampan debaixo dun pino. Bérralles ben alto:

-E logo, nobre compañeiro? Que vos parece o meu castelo? Vistes algunha vez un mellor? Dona Hersenda: fose como for eu abalei ben a pereira, antes de vos ceibardes da miña prisión<sup>132</sup> levastes unha boa ración -creo que uns cen abalos-, nunca tanta sacudidela levastes. Non se me importa que o cornudo que vos mantén e dá de comer estea alporizado. E vós, meu señor oso Pardo, ben bonito vos puxen o corpo cando quixestes comer o mel; bo coidado tiven de me vingar de vós: deixastes as orellas, e todos se abraiaron<sup>133</sup>. Canto a vós, señor gato Rabuñas, fíxenvos caír na esparrela<sup>134</sup>, e antes de que vos derades ceibado levastes unha boa ración: coido que levastes un cento de piñas que nunca me agradecestes. E vós, meu señor Cantareiro, cando vos fixen cantar en téndovos na miña gorxa escapástesme por engano<sup>135</sup>. E a vós, Trucante, dígovos que pola miña arte e engado fíxenvos tratar coma a un tolo e tirar do lombo tres correas con moita dor<sup>136</sup>. E vós, señor rato Pelado, fíxenvos pillar polos gatos -que vos apertaron a gorxa- despois de comerdes o orxo. E vós gran señor Teceliño<sup>137</sup> e mais don Carnocho ben lamentastes a miña compañía, porque se non chegades a escapar perderíades todo, como pasou con aquel queixo que eu papei tan contento pois que tanto o precisaba. E vós, esquío Louriño, moito dano vos fixen cando vos dixeran que estaba asinada a paz e era ben firme. Fíxenvos baixar do carballo e quíxenvolo facer pagar: trabeivos no rabo cos meus dentes e houbestes adoecer. Para que contar máis? Non hai ninguén a quen eu non avergoñara, e aínda penso seguir facéndovolo antes de rematar este ano, porque teño no meu poder o anel que me deu a raíña. Sabéi que se Renarte segue vivo haberá quen pague o que nunca tal maxinou.

-Cabaleiro Renarte -dixo o león- moi forte á a vosa atalaia, mais non é tan forte que eu non sexa quen de tomala: se fose necesario poríalle lume. Pódovos asegurar unha cousa: xúrovos que toda a miña vida hei manter o cerco. E nin chuvia nin treboada me han facer volver atrás en canto o castelo non se renda e vós non esteades aforcado pola gorxa.

---

<sup>131</sup> Estacadas, cerramentos de paus.

<sup>132</sup> Ver o episodio *Renarte e Hersenda*.

<sup>133</sup> Ver o episodio *O xuízo de Renarte*.

<sup>134</sup> Ver o episodio *O xuízo de Renarte*.

<sup>135</sup> Ver o episodio *Renarte e Cantareiro*.

<sup>136</sup> Ver o episodio *Renarte médico*.

<sup>137</sup> Ver o episodio *Renarte e Teceliño*

-Maxestade, Maxestade, -dixo Renarte- dese xeito ameazan os covardes, mais antes de se render este castelo hásevos vender moi caro, pois dentro ten vitualla abondo; non coido que antes dun ano me falte. Aquí dentro ten Hermelina moitos animais e pitas, e ten unha chea de queixos grasos, ovellas grosas e vacas gordas- Neste castelo hai unha fonte de auga clara, fresca e sá. E dunha cousa me podo gabar: pode chover ou ventar canto queira - así caíse toda a auga do ceo- que non entraría aquí dentro nin mesmo unha pinga. Este castelo está tan ben asentado que endexamais ha ser tomado por forza. Albergáivos, que eu voume: estou canso e vou xantar coa miña cortés esposa. Se vós xaxuades, a min tanto me ten.

Tras estas falas o raposo baixa e entra na sala por un portelo.

Pola noite os da hoste repousan, e no outro día érguense cediño. O rei manda vir os seus baróns:

-Meus señores, cómpre preparármonos para o asalto, quero trincar ese larchán.

Tras estas palabras todos se erguen e van ao castelo con moito balbordo. O asalto foi extraordinario, nunca un tan perigoso se ten visto: desde a mañá á noite non deixaron de atacar. A noite obrigounos a se retiraren e marchan cesando no asalto. No outro día, despois de almorzar comezaron de novo o seu traballo mais por moito que se esforzaron non deron movido unha pedra. Sen azos ficou o rei, porén Renarte non perdeu unha chisca. Non houbo día que deixasen de asaltar a torre, mais non lle deron feito maior dano ca unha faragulla.

Unha noitiña estaban cansos e anoxados de tanto asalto e cadaquén durmía tranquilamente na súa tenda en privado. A raíña estaba moi alporizada contra o rei e deitárase a parte. Coa mesma, velaí Renarte que sae todo tranquilo do seu castelo e véos durmir profundamente: cadaquén durmía á beira dun carballo ou dunha faia ou dun freixo. Renarte atou cada un polo rabo<sup>138</sup>. Moita díañura lles fixo Renarte atando cadaquén á súa árbore! O golpe atou polo rabo mesmo o rei; gran portento será se el se dá desatado. Despois vaise a carón da raíña, deitada sobre as costas, e éntralle no medio das pernas. Ela non se decatou que era o raposo senón que pensou que era o marido que quería amigarse con ela.

Agora podedes ouvir o portento: el estaba a fodela cando ela acorda. Cando soubo que era Renarte a traizón púxose a berrar como tola.

Xa alborecera e era día, mañá entrada. Cos berros espertaron todos os que durmían. Asombráronse por veren Renarte coa dama e mais por veren que a fodía. Sabéi que non lles gustou. Todos se puxeron a berrar:

-Ergueivos! Ergueivos e pillái o danoso loubán!

Súa Maxestade Nobre dá un chimpo pódose de pé e puxa e turra, mais non lle serve de nada: por pouco non rompe o rabo, estiróuselle máis de medio pé. Os outros tamén puxan e turran, e por pouco non rachan o cu.

---

<sup>138</sup> Dufournet (VV.AA 2013:231) subliña a contradición do manuscrito Cange que no orixinal presentado por el afirma aquí que Renarte ata os animais -non sendo o león- polo puño ou polo pé e máis adiante asegura que Tardón lles corta a todos algo do rabo. En consecuencia nós modificamos o noso texto seguindo a edición de Ernest Martin que nos dous supostos fala do rabo.

Mais Renarte esqueceu de atar don Tardón, o caracol, o que levou o estandarte. Este corre logo desatar os outros, tira a espada e céibaos cortándolle a cadaquén algo do rabo. Tanta présa se deu en os ceibar que moitos están fanados: antes de os soltar, varios estaban rabelos.

Cara a Renarte avantan todos como poden facendo moito balbordo, e cando Renarte os ve vir prepárase para liscar.

Ao entrar no seu tobo, Tardón cólleo por tras e turra para si polos pés, portándose como un cabaleiro. Nesas veu o rei ao galope e os outros todos picando esporas, e don Tardón que ten Renarte colleito fala co rei, que ven dediante. De todos os lados o agarran, a hoste toda arreguízase e bourea. Velaí tedes Renarte preso, moi ledos están os do país.

-Maxestade, -dille Grisengrín ao rei- polo amor de Deus, entregáimo a min e eu farei unha vinganza que toda Francia ha coñecer.

O rei non quere facelo, polo que todos están ledos e contentos.

Vendáronlle os ollos a Renarte e o rei dirixiuse a el:

-Renarte, -dixo o león- aquí temos ferros de tormento para pagardes arestora a aldraxe que fixestes durante a vosa vida e mais a vosa conduta hoxe coa raíña cando estaba deitada. Vinvos preto de me deshonrar, mais agora sei como é. Porémosvos a corda ao pescozo e acabouse o Renarte este.

Daquela érguese Grisengrín e colle Renarte pola cabeza, zoupándolle tan forte co puño que os osos da caluga resoan. O oso Pardo fíncalle os dentes nas virillas ata as nádegas e Roñón fincoullos na gorxa facéndolle dar tres voltas nun campo de orxo. O gato Rabuñas botou os dentes e as poutas -que eran punzantes- e colleu Renarte polo coiro facéndoo arreguizar. Tardón, que porta o estandarte, bátelle no traseiro. Tantos animais vedes vir que xa non hai sitio para outro máis. Tantos veñen polo camiño que precisan correr para chegaren a tempo. Moito animal peta e zorrega en don Renarte e el, que tanta xente engana, non sabe o que facer e teme moito estar cabo da morte. Non tiña neles amigo ningún, todos eran inimigos. Ben sabedes, de certo, o dito que sostén que cando un home está en apuros e atado e preso pola forza, ben pode saber na dificultade quen o aprecia e se preocupa por el. Dígoo por don Teixo, que chora por don Renarte, parente e amigo que están a esnaquizar. Cando o viu atado e preso non soubo como rescatalo, pois a forza non está da parte del. Pelado, o rato, adiantouse e lanzouse contra Renarte, caíndo aos seus pés entre a multitude. Renarte píllao pola gorxa e apértao entre os dentes tan forte que o fai morrer e acaba con el, mais ninguén dos outros se decatou nin o viu.

Dona Tesa, a fachendosa, moi emproada e altiva, saíra do seu cuarto. Coa carraxe demudara a cor e suaba por causa de Renarte e a ofensa que lle fixera hoxe diante de todos. Arrepíntese de lle ter dado o anel, pois ben sabe que lle ha caír enriba, mais non quere dalo a entender: xa virán máis contrariedades, que agora xa ten ela abondo. Camiñando paseniño, párase diante de Teixo e fálalle asisadamente:

-Cabaleiro Teixo -díxolle a raíña- Renarte paga arestora o seu mal comportamento, a súa tolemia e a súa aldraxe, e recibe un grave dano. Aquí vos dou un rescrito<sup>139</sup>: ninguén,

---

<sup>139</sup> O rescrito era unha breve oración ou frase escrita dentro dun escapulario para protexer a persoa ou animal que o levaba.

por moi gran perigo de morte en que estea, debe temela se cre firmemente no poder deste. Se don Renarte o levase hoxe sobre del non había morrer; non estaría en risco de morte, quer xusta quer inxusta. Dicille -en baixinho para que ninguén se decate- que o acepte, porque moito me doio eu del. Tede conta de non llo dicir a ninguén! Teixo -Deus me ampare- non o digo por godallada senón porque ao ser un home ben educado doéme velo tan perseguido e que lle fagan tanta afronta a el, tan cortés e de boa xinea.

Teixo respóndelle:

-Virtuosa dama, nobre raíña coroada, que aquel que ten a súa morada nas alturas e dende alí todo ve, que é señor e rei de todos os bens e vos elevou a un grande honor, vos garde agora da deshonra; se Renarte dá escapado con vida ha seguir a ser voso amigo.

Tras estas falas ela téndelle o rescrito e Teixo cólleo de bo grado. A raíña dille á orella, en voz moi baixa, que cando Renarte estea libre de onde está atrapado non deixe de ningún xeito, polo amor que tomou, de lle falar e de ila ver en privado e sen ruído.

Con estas palabras separáronse.

Para a perda deles, os inimigos de Renarte cruzáronse con Teixo no seu camiño. Pasáranlle ao golpe a corda polo pescozo e estaba moi pretiño do xuízo final. Cando o seu curmán Teixo chega atópao nas mans de Grisengrín, que trata de levantalo pola forza. Os outros arredáronse un pouco.

Don Teixo falou en voz alta para que todos puidesen ouvir, e dixo con moito siso:

-Renarte, non hai máis voltas, hoxe chegouvos a hora do xuízo. Deberíadesvos confesar e testar en favor dos vosos fillos, grandes e mais pequeno.

-Falades moi ben -así Deus me garde!- é xusto que cadaquén teña a súa parte. Déixolle o castelo, que endexamais será conquistado por home nacido, ao máis vello. A miña torre e a miña gran fortaleza déixollas á miña muller de fermosas trenzas. Ao meu outro fillo, Furasebes, déixolle a estivada de Amaro da Curuxa na que hai tantos ratos e muraños (non hai tantos en Arrás). Ao meu fillo pequeno, o Roxiño, déixolle a estivada de Martiño o Roibo e a cortiña de tras do casal, onde hai moita galiña branca; alí ha atopar vitualla abondo e coido que endexamais lle ha faltar boa mantenza. Non vexo mais nada que partir.

-Está preto a vosa fin -díxolle Teixo- e eu son voso curmán: deixáime algo do que tedes e obraredes ben e con moita sabenza.

Renarte respondeulle:

-Tedes razón. Pola fe que lle debes a Santa María: se a miña muller volve casar tiraille o que lle eu deixo e mantéi a miña terra en paz. Porque moi axiña me terá ela esquecido des que saiba que morrín. Que cando o home xace no cadaleito a muller mira atrás se hai un home que lle aprace: non dá silenciado a súa vontade sen lle facer a aquel, cando máis chora e laia, algún aceno. O mesmo ha facer a miña, e tres días despois ha recuperar a súa alegría. Se Súa Maxestade o rei dispuxese unha cousa, se quixese que eu fose frade, enclaustrado, ermitán ou cóengo, e me fixese vestir burel<sup>140</sup>, de certo que se tal quixese, eu deixaría este mundo morredoiro e envexoso no que xa non teño ganas de vivir.

Di Grisengrín:

-Traidor, ruín: con que nos vides agora? Moitas falcatrúas e argalladas nos tedes feito! Se tiverades vestido o saio pintariades un bo frade! Endexamais Deus lle dea honra ao

---

<sup>140</sup> Tecido basto e áspero co que se facían os hábitos dos frades.

rei se non vos aforca con deshonra e non mantén que a corda é o voso xusto destino! O que da corda vos libre nunca máis ha ter o aprecio do meu corazón.

Respóndelle Renarte:

-Cabaleiro Grisengrín, vós escolledes o voso camiño, aínda que Deus dende a súa morada havos aconsellar, se quere.

E o rei di:

-Pendurémolo axiña! De certo que non quero agardar máis!

Xa estaría pendurado, malia as súas protestas, cando o rei ve vir pola campía unha gran cabalgada con moitas damas alporizadas. Era a esposa de don Renarte, amosando un gran dó, que veu esporeando por toda unha estivada e chegaba a todo galope. Os seus tres fillos non desmerecían dela, pois amosaban o seu gran dó estirando e retorcendo as mans, arrancando os cabelos e esgazando a roupa; tanto espolio fan e tanto berran que os darían ouvido a unha legua. Non veñen cabalgando como nun desfile senón galopando o máis que poden e levan un cabalo cargado de bens para rescataren Renarte. Antes de que este fixese a súa confesión fenden o grupo e caen con gran rebumbio aos pés do rei.

A dama, que se debrozara aos pés de Nobre, adiantouse:

-Maxestade, tede mercé do meu señor, polo noso pai Deus! Maxestade, douvos estes bens se vos apiadades del.

O rei, que cobizaba moito o ouro e a prata, admírase ante o gran tesouro.

-Miña señora, -ponse- pola fe que vos debo, Renarte lévame feito tantas ruindades, tantas aduanadas lles leva feito a todos, que non volas dariamos contado, polo que cómpre facer xustiza, visto que non se corrixe das súas falcatrúas. Ben mereceu que o penduren. É o que me din os baróns todos: aforcái o ladrón. E, de certo, se eu non lles fallo será levado por eles ao suplicio.

-Maxestade, polo Deus no que credes, perdoáino por esta vez.

O rei respóndelle:

-Polo amor de Deus vouno perdoar polo voso amor. Mais seravos devolto coa condición de que á primeira ruindade será aforcado.

-Maxestade, -di ela- estou de acordo, outra cousa non pido.

Coa mesma fixérono desatar, o rei mandouno levar onda el e el veu, todo desatado, dando chimpíños, ledos e contentos:

-Renarte, -ponse o rei- tede conta de aquí en diante. Tedes unha paz provisoria mais se volvedes facer o de antes habédesvos atopar na mesma situación.

-Maxestade -ponse el- Deus me arrede de facer que me aforquen!

Moita festa lle fai el á súa familia, que se achegara rente del: bica este, abraza estoutro, nunca viu cousa que tanto lle apracera.

Cando Grisengrín o viu ceibo, mellor quería morrer que vivir. Moito temen todos que lles faga máis trampulladas; así será se Deus lle deixa ver o día enteiro.

Ía Renarte volveuse para a súa casa cando o rei bota os ollos ao carreiro e ve vir por un camiño un cadaleito sobre cabalos: era Calva, a ratiña, co rato Pelado, seu marido, que Renarte esganara cando se botara enriba del. Acompañábaos dona Fouveira, a irmá de dona Calva, e mais dez irmáns e irmás. Véñenlle reclamar ao rei máis de corenta fillos e fillas e máis de sesenta outros parentes. Da dor que todos amosaban ao chegaren resoaba o ar do ceo e todo o mundo arreguizaba.

O rei botárase un pouco á dereita para ver o que era, e escoita os berros e o balbordo: non lle pareceu cousa de se aledar.

Cando Renarte ve vir o dó treme co medo. Tanto medo ten dese cadaleito que manda a súa muller, os seus fillos e séquito írense de volta. E el, o solerte, permanece. Saen aqueles da multitude silandeiramente e chegan axiña ao castelo. Renarte volve estar en perigo.

O cadaleito ven a toda présa. Dona Calva púxao polo medio da xente cara a onde viu estar o rei e diríxese a este implorando piedade con voz forte; cae ao chan e o corazón lle falla. Fouveira cae da outra banda. Todos se queixan de Renarte e fan tanto estroncio que non se daría escoitado o trebón de Deus.

O rei quixo pillar Renarte de novo, mais este non quixo agardar por el senón que, prudentemente, ante a ameaza, lisca sen lle importar o que conten. Sobe a un carballo alto e todos corren atrás del, parando baixo a árbore, xurando permaneceren no cerco, pois non poderá baixar se eles non se van. O rei ordénalle que baixe e dille que vaia cabo del.

-Maxestade, non o hei facer se os vós baróns non me xuran e vós non me dades seguranza de que non hei ter dano ningún, porque vexo aquí, de arredor, os meus inimigos e penso que se me tivesen nas súas mans daríanme unha boa malleira. Daquela, estái tranquiliños aí embaixo contándovos as aventuras de Oxeiro e de Lanfroi<sup>141</sup>, que quen saiba as historias as relate, así tamén as eu escoitarei aquí enriba.

O rei escoitou Renarte burlarse e coa carraxe ardeu e suou. Mandou que lle trouxesen dúas machadas e puxéronse a cortar o carballo. Renarte pillou moito medo cando viu a situación: os baróns estaban ben formados agardando o momento de se vingaren. Non sabe como dar fuxido. Comeza a baixar e leva na man unha pedra. Escoitái o portento que fixo! Acada con ela ao rei na orella e este, mesmo que lle desen cen marcos de ouro, non dá termado de si, caíndo ao chan. Corren axudalo os baróns todos e, entremetres que o atendían, Renarte salta e bótase a fuxir. Pola outra banda todos o apupan e din que non o han perseguir máis pois que el non é cousa racional senón un xermolo da face do demo.

Acabouse a cazata e Renarte lisca saltando o valo. Os baróns levan o rei dereitiño á súa casa no palacio. Cumpríu sangralo un día enteiro, e poñerlle ventosas e bañalo moito, tanto que lle volveu a saúde que antes tivera.

Renarte así desta escapa,  
cadaquén coide a súa capa!

## A MORTE DE RENARTE

---

<sup>141</sup> Os dous son herois de cancións de xesta. O nome do primeiro (*Ogier* en francés) é na tradición galega e portuguesa *Oxeiro*.

No mes de maio, cando o verán comeza, cando as árbores botan os seus gomos e cando cantan claro nas fragas o ouriolo e mais o papagaio, nese momento que dicimos atopábase Renarte na súa casa. Moi ledo e alegre se puxo coa volta do bo tempo pois moito o magoara o inverno. Abriu a porta do seu castelo e saíu sen demora fitando ao lonxe na campía se alguén viña. Vaise, daquela, da súa casa sen encomendar ninguén a Deus. Vai á carreira, a través da gándara, en procura de mantenza. Non está coxo nin eivado senón que dá grandes chimpos e pasa bulindo entre os salgueiros que rodean un eido, picando esporas co pescozo ben baixiño. Dentro do cercado había un curral que fixeran había pouco, e nel -segundo lemos- galos, galiñas e capóns dun mosteiro de frades brancos<sup>142</sup>. Renarte sobe enriba dos esteos e do valado por unha póla, salta despois dende os esteos e entra no poleiro, vaise cara aos capóns e atácaos coma un tolo enrabiado. Axiña papou dous capóns con moito contento e ledicia e logo saíu polo medio do cerramento, mais en canto que saía viuno un dos frades brancos que colleu un caxato e foi atrás del todo alporizado e encarraxado. Coa mesma dille: “Renarte, pilleivos” e bátelle co caxato derreándolle o carrello do lombo. Renarte non ri nin está contento: vai contra o profeso e se lle mete nas pernas como levado pola carraxe. O raposo tráballe cos dentes na colloada e tan forte turra dela que lle arranca un dos collóns.

O frade viuse todo perdido e caíu no chan. Renarte revirouse e, saíndo do cercado a poder de recuar, chamoulles aos pés compañeiros. Íase dicindo que o frade fora ben parvo ao se deixar tirar un collón e por iso estaba moi contento.

Mais aínda non se afastara moito cando atopou Medoño de acabalo dun corcel. Levaba ao pescozo un peleteiro ao que lle quitara a espada. Espetáralle, atravesándolle as pernas, un cambo feito cun garabullo verde. Foise cara a Renarte sen liorta, e este, de que o viu, asombrouse e parou, ollándoo un pouquiño. Téñao a ben ou a mal o coello, Renarte saúdao e dille:

-Medoño, benvido sexades. Dicime, se vos parece: quen é o home este que transportades? Gustaríame de certo saber: pillástelo nunha batalla? Como é e por que razón o humillades así. Quero sabelo pois teño dereito.

Medoño responde:

-Ídelo saber ben, xa que tanto vos interesa.

Entón púsao no chan e séntase. Renarte senta cabo del.

-Cabaleiro, -di o coello- esta mañá, cando eu ía espaxar-me nesta fraga como adoito, aconteceume de atopar por acaso ese ruín que me fixo algo ben feo -abofé!- pois tirou a espada contra min. E sabéi que de grado me tería el ferido se puidese. Cando o vin vir cara a min non me dei coutado e lanceime contra del e cuspinlle no medio da cara esgarrando de a feito. O ruín veuse perdido e co medo caíu no chan; eu, dun chimp, salteille á barriga decontadiño e con moito xeito tireille a espada da man. Agora vou en procura de xuízo á corte de Nobre, o león.

Renarte, que escoitou estas falas moito se alegrou e respondeulle axiña:

-Medoño, pensastes unha tolemia, felonía e afronta. Non acae a home de liñaxe- pois ten de seu honor e terra- ir fóra en procura de xuízo, e se pilla un home en pleno delito el mesmo fai xustiza. Se me tivese feito mal a min, a fe que eu tería tomado a xustiza.

-Cabaleiro, -dixo Medoño- escoitái. Ben sei que vós me apreciades, mais se vos parecese acaído eu iría á corte para ouvir o xuízo polo estrago que me fixeron.

---

<sup>142</sup> Ver nota 93.

- Abofé que sería xusto que eu tamén fose alá, se vos parece -dixo Renarte.

Coa mesma póñense de pé moi contentos Renarte e mais Medoño, e póñense en camiño, o coello co seu peleteiro ao pescozo. Non pararon ata chegaren á porta de Súa Maxestade Nobre, o león. Ambos os dous baróns se achegan a el sen atoparen prohibición nin impedimento.

Medoño dille a Renarte:

-Renarte, meu benquerido amigo, o aldeán que levo vaime pesando ben, Deus lle dea unha má tempada a quen queira levalo alén! Habemos ver o que di o rei e os seus baróns no xuízo; con que tormento e con que canga imos facer morrer o vilán.

Renarte responde:

-Moito eu desexo que vos dea vinganza del.

Soben axiña ao sollado con moita fogaxe e atopan na sala o rei, con moitos animais de arredor, que celebraban aquel día a festa dunha alta dama moi louvada, dona Copuda, a irmá de Pinta, que foi morta a traizón. Ese día facían o cabodano o rei Nobre e a súa baronía, alá reunidos. Moitos príncipes e baróns de gran sona houbo. Ían vestidos -asegúrovolos- de esquío vermello e de gris. O rei, en sesión plenaria da corte, estaba sentado á beira de dona Tesa, cos baróns de arredor deles. Velaí na porta os dous compañeiros xuntos, Renarte e mais Medoño que canga co vilán. O cabaleiro Renarte adiantouse e saudou o rei, e como persoa ben aprendida axeonllouse perante el. O rei, que lle tiña moito afecto, cando o viu mandouno erguerse e díxolle:

-Benvido sexáis! Meu amigo, moito tardastes en me vir visitar; non vos volvíñ ver desde que fixemos a paz entre vós e o voso compadre. Pola fe que lle eu debo á alma de meu pai, estarei contento e ledos por terdes regresado. Sabéi que me dades unha gran satisfacción.

Renarte non se coutou para responder e coa mesma díxolle:

-Maxestade e rei, que o Deus que non mente vos outorgue os vosos desexos, non fose máis ca a metade, pois de certo sei eu que vós me estimades de certo, pola fe que lle eu debo a San Xermán. Mais pídovos consello nun asunto, pois ben o precisamos eu e o meu compañeiro Medoño.

-Deus nos axude, cabaleiro Renarte! -di o rei- Que dicides? Así me asista o Espírito Santo como vos hei eu aconsellar de grado. Dicime, logo, benqueridos amigos: tocante a que pedides consello?

-Vóuvolo dicir, Maxestade.

Tras estas falas, Renarte chama por Medoño, que se afastara a un recuncho e seguía a cangar co vilán. Axiña se achegou este ao rei todo alporizado e encarraxado.

Renarte colleuno pola man e obrigouno a guindar con forza o vilán contra o pavimento, que non era moi mol. Por pouco non parte o pescozo, polo que o vilán se encheu de carraxe.

E Renarte dixo entón:

-Benquerida Maxestade, pedímosvos consello do que habemos facer con este vilán que atacou ao voso barón. Tentou ferilo, mais fallou.

-Maxestade, -dixo Medoño- escoitái, e se digo algo mal enmendaime: capturei este vilán que me atacou coa arma. Tráiovolos como bandido, mirái o que debemos facer con el.

Cando o vilán escoita que aquel quere que lle fagan xuízo, queda abraiado. Púxose en pé dun chimplo e díxolle ao rei:

-Maxestade, tede mercé e permití que me eu vaia de aquí. Sabéi que son un home leal. Cando vós queirades teremos testemuño dos meus veciños máis fieis -se é que mandades na procura deles- en como eu son home de ben e leal, do melloriño da terra.

O rei responde:

-Moi de grado o farei, pois seránnos de gran axuda.

Mandounos buscar sen delonga e chamou algo menos de trinta, vinteito, todos homes leais e peleteiros. Viñeron doce á corte de Nobre para testemuñaren. Cando o vilán os viu púxose moi ledos e contento, ergueuse en pé e díxolle ao rei sen agardar:

-Aquí veñen testemuñar a prol de min.

-Maxestade, -din eles- é totalmente certo. Se queredes saber a verdade imósvola aprender agora. Este home gañou un día un ovo e fíxonos mollar nel a todos. Vállanos Deus, niso vemos que é home de ben e de palabra!

Cando o rei ouviu isto moito se aledou e díxolle no intre ao vilán que marchase, que non tivese conta, e o vilán non tardou un momento e foise cos outros viláns.

O rei volveu manifestar a súa alegría e todos na sala se puxeron ledos. Renarte non puxo cara de amado e sentouse á beira do rei sen rostro de preocupación.

O rei mandoulles aos condestabeis<sup>143</sup> que fixesen servir a mesa, o que fixeron sen demora. E todos asistiron á comida. Cabo do rei sentaron os condes, e tantos manxares houbo que non dou eu levado conta.

Des que comeron abondo puxéronse con xogos de taboleiro e dados. No outro cabo da mesa sentaron Renarte e Grisengrín diante dun xadrez e comezaron a facer as súas xogadas. Renarte dille a Grisengrín que aposte un marco de ouro fino e Grisengrín faino decontadiño, pódoo de riba do taboleiro. Renarte puxo outro e xogaron con moita atención. Grisengrín xogou ben: cun peón pillou unha torre e despois da torre pillou a raíña. Tanto tempo botaron que chegaron á terza<sup>144</sup>. Grisengrín gañou cen libras e Renarte quedou de parviño pois non tiña xa máis nada para apostar. Daquela díxolle ao lobo:

-Grisengrín, escoita. Pola fe que che debo, non teño para envite cousa ningunha non sendo a colloada e o carallo. Eu seguiría a xogar se queres aceptalos contra cartos.

-Abofé que si! -respóndelle el.

Daquela volven comezar de volta e Renarte xoga mal, perdendo o seu adobío.

Grisengrín, que gañou, púxose ledos e contento. E axiña, sen máis demora, mandou traer un cravo moi grande e espetoullo na colloada chantándoo no taboleiro. Despois virouse e tocou de esgueiras.

Don Renarte laia e brúa, encarraxado coa dor e a saña, pois sufría gran tormento.

Dama Tesa sentiu os berros e foi correndiño cara a alá e cando viu Renarte foino axudar. Sufriu moito ao velo así. Pola calada e ás agachadas meteuno dentro do seu cuarto e deitouno na súa cama mais niso non atopou el pracer ningún pois tan esmendrellado estaba coa dor que se desmaiou máis de dez veces. Coa carraxe o sangue se lle avolveu, púxose moi enfermo e adormeceu, esvaecendo longamente. Coidou a raíña que el de certo morrera, polo que exclamou:

-Cabaleiro Renarte: como é? Seica queredes liscar así?

E a raíña salaiou.

---

<sup>143</sup> Un condestábel podía tamén ser un encargado da intendencia.

<sup>144</sup> Ver nota 105.

Ao ouvir o salaio, Renarte abriu un chisquiño os ollos e falou dicindo:  
- Por que tedes ese dó, miña señora? Mandái preparar un baño, que me quero bañar un pouco.

-De grado hei facer o que vos cómpre, cabaleiro -dixo ela.

Coa mesma ordena que lle fagan quentar un baño e sen agardar fixérono cando el o pediu. Levaron o gran señor don Renarte á tina e metérono nela. Dona Tesa díxolle:

-Amigo, coido que endexamais me hei recuperar disto.

-Este mal -polo que coido morrer de dor- téño pola miña culpa. Pésame polo voso amor pois penso que vos vou abandonar e non vou ver o serán.

Dona Tesa escóitao e por pouco non se lle fende o corazón con tanta dor e carraxe:

-Coitada de min! Máis nunca hei estar leda!

Con estas falas, sen máis palabras, tiraron Renarte da tina e pousárono nun leito, metido como alguén que se atopa moi maliño. Pide el confesarse, para que a súa alma teña remisión.

-Sabei -di- que moito me tarda. Facei que veña cabo de min don Couciñas, o arcepreste, voume confesar e dicir os meus pecados.

A dama respondeulle decontado que ía cumprir a súa encomenda.

Couciñas, de chamado, non se demorou miga senón que veu correndiño con todo o que precisaba.

Nun escano, ao pé de Renarte sentou don Couciñas e faloulle así ao golpe:

-Queredes confesión, cabaleiro? Se vos queredes arrepentir podedes ter un bo final. Abandonái os defectos e os vicios que vos luxaron tanto tempo. O sabio arrepíntese.

-Nobre señor,-dixo Renarte- estaivos aquí. Se me exhortades con razón -como home de ben e leal que sodes- aliviarédesme de todo mal, pois non teño feito grandes falcatrúas. Se fodín a miña comadre dona Hersenda non fixen mal ningún, pola contra fornecínlle gran ben. E non é desprezo para a miña raíña, coa que eu casei e tiven por muller con gran recreo<sup>145</sup>. Rabuñas, o gato, oficiou de grado a voda, mais houbo a quen non lle prestou. Que podería eu dicir? Sabéi de certo que nunca cometín pecado ningún, non sendo cando curei Súa Maxestade Nobre, o león; ben sei que pequeei ao facer a curación.

-Renarte, Renarte -dixo Couciñas- es de ruín gandallada! Se recoñeces ter fodido a raíña é que fixeches unha falta grave. Se queres ter un bo final debes renunciar a ela por fe xurada.

-Como é? -di Renarte- Se para librarme cómpre facelo, xurarei en falso. Podedes estar seguro de que fago o xuramento para obter a remisión, mais se dou curado deste mal, crebareino. Con todo, como non quero desobedecer as vosas ordes nin contradicilas, vou facer o xuramento.

Daquela, sen deixaren pasar máis tempo, fixeron levar alá as reliquias e Renarte xurou diante do arcepreste Couciñas todo canto este lle indicou. Ao que rematou, Renarte permaneceu alá, laiándose moito pois o sufrimento moito o estragaba; botou un salaio e desmaíouse. Dona Tesa fregoulle cun pouco de bálsamo os ollos e a faciana, e fíxoo con toda forza, podédesmo crer. Mais Renarte perdera os azos e non rebuliu senón que ficou deitado esmorecido, de xeito que todos coidaron que morrera. Houbo entón unha gran coita. Dona Tesa, a raíña, doente e magoada, puxo cara de can. O rei sentiu o rebumbio e achegouse axiña ao cuarto, viu Renarte desmaiado e abraíouse moito: mesmo se lle desen

---

<sup>145</sup> Nunha das aventuras da póla coñecida como *Renarte emperador* (non incluída nesta nosa escolma), o raposo queda ao mando do reino mentres Nobre vai á guerra; facendo crer que o rei morreu, Renarte casa coa raíña.

todas as riquezas que un mortal pode ter non daría terminado de si a pé, polo que cae de xeonllos.

-Renarte,-dixo Nobre- perdinvos, endexamais hei ter un barón tan bo!

Entón, sen agardar máis, fai convocar a súa xente, que lle di que non acae a un home de tanta sona coma el facer dó por un barón. “Mais dado que morreu, sen delonga mandái vir a súa familia”. De contadiño, sen demora, chamou un mensaxeiro para que fose cabo de Hermelina dicirlle que viñese sen tardar, cos seus tres fillos que tan afoutos son. Ao que os mensaxeiros escoitaron o contido partiron de diante do rei e cabalgaron ás alancadas, tanto que chegaron a Malburaco e alí baixaron dos cabalos indo falar con Hermelina. Déronlle a nova de que Renarte estaba en perigo. Coa mesma todos os seus fillos montan e tanto galoparon que chegaron á corte. Cando Hermelina entra, o corazón apértaselle no peito e comeza un laio tan grande que non se daría ouvido o trebón de Deus. E dicía con altas gritas:

-Meu señor, aínda non hai quince días que de Malburaco marchastes ledo e contento sen volverdes despois. Hai agora aquí un dó inmenso e profundo. Teixo non sabe nada aínda e era ben facelo sabedor da vosa morte.

O rei di:

-Que o convoquen.

Chama un mensaxeiro que veu axiña correndo.

-Vaite bulindo para Malburaco ao dereitiño e dílleme a Teixo que veña aquí, e cóntalle o acontecido.

Este vaise a todo coso e atopa o teixugo dentro do patio de Maltoxo.

Cando o mensaxeiro entra no patio, Teixo acode cabo del e dálle a benvida.

-Que é o que precisades? A quen pertencedes? Dicimo.

-Meu señor, -ponse el- pertenzo ao rei, que vos manda saúdos a través de min. El rógavos e ordénavos que vaiades xunta el sen demora.

Teixo escóitao e sente un gran abalo, respondéndolle despois:

-De grado irei, mais dicime, meu amigo, por que me convoca o emperador?

-Meu señor, -ponse o mensaxeiro- san Pedro me valla! Morreu o voso curmán Renarte, o mellor veciño que endexamais tivestes.

Cando Teixo ouviu a nova non lle prestou moito senón que se puxo amuado e encarraxado, e díxolle ao mensaxeiro:

-Amigo, polo Deus que non mente, esta é unha encomenda ben ruín pois que morreu o meu primeiro curmán. Eu estaba no máis alto e agora estou no máis baixo, pois foi grazas a el -dígovos de certo- que medrara a miña riqueza.

Con estas falas viráronse ambos e puxéronse en camiño. Tanto buliron que chegaron á corte. Ao que eles apareceron moita xente se aledou. Teixo, que estaba moi canso, senta á beira do cadaleito. Moi doído e caviloso, tiña a cabeza baixa e a faciana de pedra. De cando en cando arreguízase, berra e laia fortemente e bótalo en perda con agarimo sen que ninguén o dea confortado.

O rei mandou conducir o corpo con moita cerimonia á sala principal e alá o acompañaron ata a noite. Dona Tesa con moita presteza mandou traer brandóns a esgalla e colocáronos e prendéronos por todo o edificio. Tantos eran que non se daban contado. Endexamais denantes tal luminaria se fixera nin por conde nin por rei.

Des que Teixo fixo o seu pranto rente do cadaleito díxolle ao rei:

-Por san Denís, e pola fe que debedes a San Xil, facéi cantar o oficio arestora, sen agardar máis.

E o rei respóndelle:

-Aí falastes, Teixo, por san Hilario!

Chaman entón polo arcipreste:

-Couciñas, -dille el- chamái polos vosos compañeiros e vide cantar os oficios dos defuntos por Renarte que morreu, o que me causa unha enorme mágoa.

-Ás vosas ordes, Maxestade -respóndelle Couciñas, e vaise de onda o rei.

Trouxo con el o gato Rabuñas e o cabaleiro Tecelán, o miñado, e mais don Tardón que estaba moi caviloso. E mais Couciñas levou tamén con el o ourizo, que era moi faladeiro e dado, e don Cricrí, o grilo. E mandou vir Cantareiro para cantar as matinas, e Roñón, o mastín, e o cabaleiro Rinchón, o faco. E o oso Pardo e Bruador, o touro. E aínda viñeron con eles Grisengrín e don Trucante con Bravún, o xabarín. Revestidos cos ornamentos entraron cabo do corpo, no medio da sala. Teixo tiña a faciana totalmente pálida por Renarte a quen moito quería. El e os que traía comezaron o oficio; moitos arrancábanse o cabelo e zoupaban nunha man coa outra.

Roñón, que é home asisado, leu a primeira lectura, mais por Renarte puxo boa cara. O responso leuno o caracol, sen facer querela nin tenzón. Despois cantaron os dous os versículos, un con voz de baixo e o outro de falsete. A segunda lectura fíxo a cabaleiro Trucante, o cervo, e o responso cantouno Rabuñas; entre el e don Cricrí cantaron despois os versículos como os que teñen moita experiencia. Logo leu a terceira lectura o cabaleiro Espiñento, o ourizo, e o teixugo cantou o responso xeitosamente e sen complicacións, e ambos os dous os versículos, coa axuda do lobo Grisengrín. Este foi quen fixo a cuarta lectura e amañoise ben, cantando o responso Bravún fermosamente, sen se apresurar. E tras del leu a lectura quinta don Cantareiro, o esposo de Pinta; o responso, vóuvolo dicir, cantouno o grilo Cricrí, os versículos cantáronos Rabuñas, o gato, e mais o cabaleiro Pelado, o rato.

Pardo, o oso, que non cantou miga, comezou a sexta lectura sen fallar en palabra ningunha, e nesas erguese Lourinho, o esquío, que cantou o responso sen se forzar. Cantou o verso sinxelamente, e con moito siso, Correatrás. Comezou a sétima lectura con moito tino e gran sabenza Choutiños, o pavón, e sabéi que non fallou senón que a leu como cómpre. O responso cantouno Roñón, e o versículo por quen morreu cantouno moi pousado e ledos don Guicho, con voz potente para que se ouvisen. A octava lectura leuna sen desarranxo don Rinchón, o palafrén, e Medoño, coa cabeza baixa coma os demais, cantou o responso. A lebre Saltaricas comezou o octavo versículo. A novena lectura leuna Couciñas, que tiña moito dó por Renarte. O responso cantouno Trucante, que tanto agarimo tiña polo golpe, e o versículo cantouno o xabarín do dereito e do revés.

Ao que se leron as lecturas e se cantaron os oficios, todos desvestiron os seus ornamentos ao mesmo tempo, e, de que o fixeron, entraron todos na sala principal -aínda que houbo a quen non lle gustou, paréceme a min- e todos sentaron de arredor do corpo. Tanta luminaria fermosa e delicada había alá dentro que o edificio todo relucía con elas. Esa noite fixeron tal rebulicio que non creo que endexamais se sinta falar doutro igual.

E xogaron ás plantadas<sup>146</sup> a noite enteira. Ergueu primeiro o pé Grisengrín moi ledos e Rabuñas o gato bateu nel tan amodiño e con tanta calma que o fixo caír para o outro lado.

---

<sup>146</sup> Pola narración que de inmediato segue -fóra algunhas incoherencias no texto- parece que a regra básica do xogo consistía en os participantes iren sucesivamente levantando o pé que outro contrincante trataba de desequilibrar, continuando este a cadea.

Coa mesma foise sentar e estendeu entón Premente<sup>147</sup> o pé, mais Trucante non se doeu del e zorregoulle tan forte que todo o pé abalou e, quixese ou non, cae. A seguir, Trucante senta, co pé estendido. Entón chegoulle a vez a Bruador o touro, que ben tentou petar con toda a súa forza, mais aquel non se moveu: demudóuselle a cor a Trucante coa acometida, con todo resistiu sen abanear, por moita zoupada que lle desen. E mais non creo que lle esqueza! Don Cricrí, caladiño, ve a pancada que deu Bruador e vai cabo del alporizado; o outro ergue o pé como corresponde e Cricrí zorrega un lostregazo que por pouco non lle arranca o coiro. Bruador cae de recú, atordado e don Cricrí tende o pé. Moi ledos e contentos, Bravún, o xabarín, diríxese a el ao dereitiño a toda carreira e peta tan forte no grilo que o fai caír de xeonllos mais este érguese decontado e dille:

-Cabaleiro Bravún, pola fe que lle debo a san Roberto, vós fixésteslle a este cabaleiro un gran desprezo ao baterdes de máis aos meus ollos.

-Don Cricrí, -di Bravún- pola fe que lle debo a san Vicente, non fixen cousa que non estiver nas regras do xogo.

Sentouse logo e tendeu o pé. Bateu sen demora Tardón, que tirou a súa capa e petou con toda a forza. Soubo tan ben dar a pancada que o tumbou contra o lousado. A Bravún, coa anguria que sente, múdalle a cor. O máis axiña que puido arredouse pois estaba adoecido e cheo de carraxe. Tardón dille decontadiño:

-Bravún, non vos alporicedes.

Daquela veu Choutiños, o pavón, a quen a cousa amuaba, e Tardón senta, sen lle importar moito o anoxiño deles dous. O pavón esfórzase en bater co seu maior azo, mais don Tardón non abanea miga. A face pónselle rubia coa zoupada que levou e o outro - decatándose de que o mancara- dille:

-Tardón, non vos alporicedes: bebéi, que vos ha prestar. A noite ha ser moi longa e habemos xogar máis ledos.

-Ás vosas ordes, meu señor -di Choutiños.

Entón mandan traer viño e beben a pracer.

De que beberon á vontade foi Choutiños sentarse. Pelado, o rato, avanzou con paso pousado e moito tino, e bateu en Choutiños sen agardar. Tan certamente dá a pancada e tanta forza puxo nela que o pau lle rompe no puño, polo medio, en dúas metades. Grisengrín, o lobo, viu esa pancada e alporizouse moito, dirixíndose a Pelado e dicíndolle con voz forte de xeito que o rei o ouviu:

-Cabaleiro Pelado, moi mal fixestes ao baterdes tan duro . Avolvéuseme o corazón. Non deixaría eu que ninguén me batese desa maneira, así Deus me salve!

E o nobre señor Pelado respóndelle:

-Cabaleiro Grisengrín, sabéi de certo, que non quería mancalo, así conserve eu o coiro! Mellor quería que me tronzasen o dedo deica o oso.

Daquela di Grisengrín:

-Poida que si. Deixái entón quedar o xogo.

Adiántase entón Choutiños e exclama:

-Grisengrín, non pode el irse. Antes hei eu xogar deica riscar o día moi tranquilamente e con toda amizade. Pelado -di- achegaivos aquí, sentaivos e xogái.

Este tende o pé sen demora. E velaí ven á carreira, sen agardar, o cabaleiro Corretrás, que ao ver Pelado tender o pé deulle tal pancada que o deixou aloulado.

---

<sup>147</sup> Este sería outro lobo, un irmán de Grisengrín que aparece moi pouco no *Roman*. No orixinal hai algún erro que fai incoherentes varios momentos do xogo.

Que máis vos diría eu? Seguiron no xogo deica chegar o día, e entón remataron, deixando as plantadas.

Tan axiña como o día raiou, cadaquén foise ao seu lugar para se preparar, e o arcipreste don Couciñas fixo tocar os sinos por Renarte. Este foi levado para a igrexa. aledándose todos coas badaladas. Pousárono de diante do altar, que non ten comparanza no mundo, coido eu. Era o altar onde repousan as reliquias de miña señora Pinta, que foi morta a traizón<sup>148</sup>. Alá se celebraba o seu culto, no mesmo lugar no que morreu. Houbo xente á que non lle gustou tan rico enterramento. Cantareiro obrou con sabenza cando mandou pousar o corpo de Pinta en lugar tan relevante e foi por disposición do rei polo que foi colocada alá sen oposición. Ela fai milagres a oito, curando do mal que sofren os tolleitos todos que alá entran. Moitos milagres se produciron no lugar onde dona Pinta xacía e moitas reliquias se depositaron nel. Cando introduciron o corpo de Renarte pousárono no chan de diante do altar e o rei mandou en procura de todos os baróns do seu imperio, que viñeron sen se oporen pois non ousaron negarse. Moitas veces os tiña escarnecido aquel por quen veñen. Diante do altar, de arredor do corpo, sentáronse tranquilos e calados.

Seis deles, os máis importantes e principais, puxeron vestimenta axeitada para honrar o corpo de Renarte. Un foi Couciñas, o arcipreste, que eles consideraban a súa autoridade, outro Bruador, o touro, e o faco, e mais don Roñón o mastín, Pardo, o oso, e o cervo Trucante, que lle tiña moito aprecio a Renarte. Os seis revestiron os paramentos para oficiar o funeral de Renarte, que xacía no cadaleito.

Hermelina e dona Tesa botan grandes salaios con moito dó. Couciñas, todo empalidecido polo xexún e o mal pasar, dirixiulles un sermón un pouquiño antes do evanxeo:

-Meus señores benqueridos, San Xil me valla! -dixo- Estou absolutamente abraiado, como é normal. Aínda onte estaba Renarte todo guímaro e hoxe chegou a súa fin. Ben recto e fino debería ser o que queira navegar nesta vida na que todos morren e apodrecen. Deberían tomar exemplo del os que arreo andan a cometer falcatrúas e ruindades. Non os han salvar torres nin muros, fortalezas nin edificios. Todos han morrer sen falta, velaí polo que todos deben esforzarse por levar unha vida virtuosa. Renarte, que findou a súa existencia, levou todo o tempo unha vida de mártir e de apóstolo. Tal fixesen os nosos todos e tivesen un firme arrepentimento! Porque eu non teño dúbida ningunha de que el se salvasse. Endexamais se conduciu con maldade ou tolemia. Non obrou con vileza, ruindade ou arroallo. Endexamais se ten visto un príncipe de virtude como a del. Se fodeu a oito non se debe criticalo nin pedirlle contas. Non hai no mundo rei nin nobre que non fodera ou que non foda, diso non teño dúbida ningunha. Cómpre foder, penso eu; por iso dígovos a todos os aquí reunidos que foder endexamais ha ser prohibido. Para foder están as conas fendidas. Velaí o que encomendo de hoxe en diante a todos: que ao que teña o carallo duro e teso, se é que ten unha cona ao seu dispor, lle perdoen o foder e non llo reprochen endexamais, pois que foder non é pecado xa que o carallo sae da colloada igual que a androlla sae das tripas. Todos gozan con este xoguiño e Renarte fodeu a oito. O seu corazón pertenceu por enteiro a Hersenda e a miña señora Tesa. El morreu e non teño medo de que me zoupe por cousa que eu poida aquí contar. Benquerida Maxestade, pola graza divina, facéi pregoar por todo o voso imperio, que aquel que foda non ha ser castigado. Teñen o

---

<sup>148</sup> Non foi Pinta senón a súa irmá Copuda a galiña que foi morta por Renarte, como o autor desta mesma aventura dixo máis enriba.

meu perdón polo pecado, e se coa absolución eu puidese darlles rendas, abofé que lles daría. Non son palabras que leva o vento, senón que prometo aquí, perante Deus, perdón ás faltas cometidas para foder. E han observar a penitencia de comeren como extraordinario carne durante a semana enteira; e o que se arrede do meu mandado e non foda a oito -sexa home, muller ou animal- que lles prendan as mans e os pés, o corpo e a cabeza, con cadeas de ferro, atados aos grandes suplicios do inferno. E os que obedezan o meu mandado han estar con Deus no paraíso.

Ao que o arcipreste rematou totalmente o seu sermón o funeral continuou, e comezou o *Confiteor* o bo arcipreste Couciñas pregando despois por Renarte:

-Ai, meu amigo! -dixo- En moitos buracos e fragas, montes e chairas, vos metestes para terdes a andorga chea e lle levardes á vosa muller Hermelina galo ou pita, capón, parrulo ou carneiro ben cebado. Sempre estaban a punto cando vós os pillabades. Mais arestora de nada serven as grandes fazañas que fixestes nin as boas accións das que xa estades afastado. Endexamais un príncipe tal ha morrer. Agora, cabaleiro Renarte, Hermelina vai ficar ben perdida: non vai ter xa boa mantenza, a que vós sabiades procurarlle. Vai ter que apertar o bandullo coas mans: antes ela estaba no cume e agora está no baixo. Non vai ter nin o rabo dunha cereixa, pois que perdeu a vosa axuda.

Cando Couciñas, coas súas falas, rematou o seu prego e a súa intervención, comezou Trucante a epístola, ben seguida por todos e todas:

-Renarte, -dixo el- sen dúbida ningunha espantastes en granxas e mosteiros moita galiña e moita parrula. Moitas veces as tedes remoído na vosas queixadas chantándolles os cairos e por elas moitas pancadas tedes levado no lombo e mais no cu. Moito tedes enganado e os tedes feito deitarse tarde e erguerse cediño para vixiaren o roubo, o que lles debeu custar moito traballo. Moita galiña e moito pito tedes ripado como un loubán, mais de todo iso nós absolvémoste. De todo canto pillaches sé absolto, Renarte. Caian riba de min os pecados; así absolve eu os meus amigos.

Trucante rematou a epístola e Rinchón, o faco, que non ten par en materia de trampullada, comezou en voz alta o evanxeo dicindo:

-Arre! *Gratias*: evanxeo *sequentia secundum* o golpe Renarte. Escoitade isto, nobre Couciñas, vós que sodes arcipreste e fidalgo! Escoitade isto, grandes e pequenos, rei e seus baróns. Renarte morreu, sabémolo de certo e aquí o temos de corpo presente. Moi dóida está por ese motivo dona Hersenda, a esposa do lobo Grisengrín, pois moitas veces en lugar privado tívoa el collida por tras. Moita sacudidura e moito abaneo lle ten el dado á regaña. Maldita sexa esa fenda que non deixa ver os paus que lle meten! Tamén a dona Tesa lle zoupou no buraco e non lle pesou nadiña a ela! Nunca o seu buraco, enténdese o traseiro, se cansou das zoupadas dos collóns. Debéranlle ter cortado o cu cando fixo cornudo o rei. E a Hersenda, a da coxa lixeira, debéranlle ter queimado a crica. Non se poña en dúbida a conduta de Renarte: xa pagou penitencia por ela. A súa alma irá ao paraíso recuando, coas mulas, ao lugar onde van os burros cando se van deste mundo. Renarte -prométollo a el solenemente- hase sentar rente da burra, con moita ledicia e moito pracer; as pitas hanlle preparar o leito no que ha descansar. Mais asegúrovos que endexamais lle ha botar a

gadoupa a parrulo ningún nin ningunha galiña. Outra penitencia non ha ter: por ter en vida matado pecadentemente tanto parrulo, agora a el, no paraíso, vanlle armar o garmelo<sup>149</sup>.

O arcepreste don Couciñas cantou a misa por Renarte. Des que foi cantada toda, o rei tivo a ben falar en voz moi alta para que todos ouvisen, e chamou para canda si o oso Pardo e díxolle:

-Meu amigo, vas ir alá, debaixo daquel piñeiro, e has facer unha cova, benquerido amigo, para enterrarmos nela con todas as honras o corpo de Renarte. Prégovos e encoméndovos que fagades decontadiño o meu mandado.

Responde o oso:

-A vosa vontade hei eu cumprir sen falta, por ben que puidese pesarlle a alguén.

-Cantareiro colléi o incensario e botáille incenso aos restos mortais. Trucante, entre vós e o cabaleiro Carnocho levaredes o cadaleito do barón de nobre xinea. Grisengrín hase encargar de portar a cruz. Cadaquén fará o seu labor: o can vai coller un tambor e irao tocando, e o cabaleiro Rinchón, o faco, vai tocar coa arpa -tal é o meu desexo- un son galés ben acaído; quero que comece axiña. Medoño, o coello, Rabuñas, o gato, e o miñado Tecelán han portar os brandóns acesos. No momento de enterrar o corpo, os ratos han tocar os sinos -segundo o meu consello- e o macaco poñer cara de amúo.<sup>150</sup> Couciñas introducirá o corpo na terra, mellor ca el non se daría topado.

Así como o rei ordena, fano eles sen ningún retraso nin demora. Con moita cerimonia levan o corpo, que tiña a cabeza descuberta. Pardo, o oso, coas súas grandes poutas, preparara ben a cova como sabía facelo. Baixaron a ela o corpo, cuberto por un pano verde e, ao que o destaparon, Trucante colleuno pola testa tal e como lle aprendera Couciñas que tantos enterrara. A Carnocho, que vai de diante del, mandouno coller os pés de Renarte, e sen agardar metérono e deitárono devagariño. O arcepreste botoulle enriba decontadiño a auga bendita para que ningunha cousa má puidese entrar no corpo.

Cando chegou o momento de lle botar a terra coa que Pardo quería cubrilo, Renarte abriu os ollos e abraíouse do que acontecía. Tivo moito medo e temeu estar sepultado na terra; non pechou os ollos, pois non era o momento. Seica pasara moito tempo sen acordo. Non sabía onde estivera e talmente coidou que estivera encantado.

Cando Renarte viu o rei e mais os baróns, colleu folgos e afouteza e recobrou azos e saúde. Xunta os pés e dun pulo salta fóra da cova; cos dentes pillá o galo Cantareiro, que estaba co incensario: non era cousa de deixalo! Lisca, logo, a todo coso e métese nunha zarra.

Cando o rei mirou que Renarte o enganara alporizouse e encarraxouse todo. E coa mesma dixo:

-Ei, miña xente nobre! Correí atrás del! Porque se dá ido media legua adiante, acabouse o meu barón! O que poida pillar o loubán de Renarte vai ter o meu agarimo toda a vida!

Daquela lánzanse todos sen demora, esporeando con forza, a correr tras Renarte que leva pillado o galo. Endexamais o golpe tanto bulira como cando se adentrou na zarra!

-Ruín cativo! Malpocado! Por que foxes? -dille Cantareiro- É ben forte aldraxe. Dilles que levas unha prenda polo dano que che fixeron na corte. Non te teñen tan apertado como

---

<sup>149</sup> Tender unha trampa.

<sup>150</sup> Distorsión da faciana por causa de enfado, noxo, burla, etc.

para que non lles poidas amosar e contar claramente que, mal que lles pese, ti hasme levar e facer comigo o que che pete por moita tropa que te persiga. Trátante moi ruinmente arestora ao me quereren rescatar así. Ningún deles che vai dar a ti leccións de correr por ben que lle dea ao zoco. Dilles -non llelo cales- que non lles vai servir de nada correren.

Con estas falas de Cantareiro Renarte lembrou que con palabras de engado o galo nunha ocasión anterior enganáralo, polo que desconfiou moito do que lle estaba a dicir. Daquela, desta vez non deu unha fala pois os outros ségueno de pretiño e non han deixalo se el non lles volve o galo Cantareiro; pola contra han facer que dea chimpos no aire.

-De certo que moito te debe amolar esa grita -ponse Cantareiro- Dilles sen demora que se volvan decontadiño, que has ir á corte a que faga xustiza do que ela solicite, que has facer moi de grado o que o rei ordene, como seu enteiro vasalo. Así halos dar parado e ir para a túa morada onde poderás repousar, levándome a min, e esta noite preparar un prato gorentoso: se a túa muller está parida de pouco, has ter mantenza para ela.

Entón albiscou un aldeán que andaba a cortar leña para quentar o seu forno. Tiña un can enorme e fero, delgado e esfameado, amarrado cunha cadea de ferro e levaba no pescozo unha carranca de pugas. O aldeán viu vir o golpe e ceibou o can acirrándoo. Renarte veo e leva unha boa amoladura: tanto se encarraxou e alporizou que non soubo o que dicir nin facer. Non se atreve a ir cara ao can nin virarse cara á xente do rei que ven tras del ás alancadas, con Tardón de diante portando o estandarte.

Entón virou a rédea<sup>151</sup> atravesando unha chousa sen ceibar Cantareiro senón que o leva con moito desacougo. O mastín no perdeu azos senón que o segue con moito pulo, Daquela Renarte matina: :

-Se deixo ir Cantareiro: que vou facer? Porque para a noite non hei dar topado cousa ningunha para a cea. E se me colle o que me ven seguindo para me pillar, hame aprender agora mesmiño como os seus dentes saben trincar. Non podo eu apreciar tanto ese galo coma o meu propio corpo. De por parte, Tardón ven acompañado de moita tropa, e se me levan de volta con eles hei ter un moi mal trato porque o rei está encarraxado comigo pois quere e aprecia Cantareiro. Moito me pesa telo pillado e agora hase virar en desgraza para min.

Daquela dille a Cantareiro:

-Véxome forzado de te ceibar, abofé. O mastín este botou preso moito tempo pois que agora me persegue con tanto pulo. Vaite axiña bulindo: nin te ferín nin te manquei, e se vas á corte, meu amigo, non me causes dano co que fales de diante do rei.

-Non farei tal, meu gran señor -di o galo.

Entón dá un chimpito moi contento para unha árbore á súa dereita en canto que Renarte foxe a todo coso. Mais o can dá un brinco e lle revira a pel do lombo ata o cenzo.<sup>152</sup> Ben pensou o golpe que alá morría, cando apareceu Tardón con moito anxeio de pillalo. Veulle ben porque o rescatou do mastín, mais denantes de caír en poder daquel levou unha chea de pancadas. Decontadiño a afouta e nobre tropa que o gran emperador Nobre enviou para pillar Renarte colleuno e amarrouno sen demora, levándoo perante o rei, que coma un tolo xura que o vai esmendrellar, queimar, esfolar, escuartexar<sup>153</sup> ou sometelo ao máis cruel tormento

---

<sup>151</sup> Mudou a dirección do seu cabalo.

<sup>152</sup> Cu.

<sup>153</sup> Escachizar o corpo tirado por catro cabalos nas catro direccións.

Cantareiro rapidamente se queixa do asoballo que lle fixo. O rei dille que ha ter xustiza conforme ao que o galo expoña, pois fíxolle unha grande afronta:

-Non vai ir á prisión senón que o hei facer esfolar. Non vai haber mellor vinganza.

-Escoitái, Maxestade -di Renarte- Escoitái o meu relato. Heime someter á sentenza e agardar a vosa misericordia. Endexamais houbo home ningún que non fose xulgado lealmente. Se alguén da vosa corte é quen de manter que eu cometín deslealdade, traizón ou falsidade, estou preparado para me defender. Ben grande afronta queren facerme os que estaban a me enterrar; se cadra tiñan en pouco as miñas esperanzas. Por que falcatrúa -quero eu saber- estaban a sepultarme vivo? Dicime o voso parecer: sorprendéranme roubando? A corte merece ser moi criticada: Bruador o touro e mais Trucante, e os outros que eu aprecio e estimo, han ser criticados por esta acción. Cantareiro -non teño dúbida ningunha- vós urdistes, tramastes e levastes a cabo toda esta traizón, afirmo eu. Moita malvadeza preparou e desta débese acusalo a el. Quérome bater na súa contra corpo a corpo para probar que del veu a desventura de me enterrar vivo. Endexamais debeu o galo entremeterse para me causar estrago e vergoña. Se hoxe eu non o venzo -gústelle ou non a alguén- facéi que me furen os dous ollos.

-Renarte, Renarte, -dille Cantareiro- pola fe que lle debo a Couciñas, o arcepreste que aquí está! Endexamais así aconteceron as cousas que vós dicides. Hoxe non vos habedes librar sen pago como vós pensades. Ai, santa Pinta, daime a vosa axuda! Tan certo é -como eu lembro- que Renarte vos matou con maldade, como é que eu non teño culpa ningunha do estrago de que se me acusa.

-Mentides, traidor! -di Renarte- Coa vosa mentira fixestes que me enterrasen, asegúrovos que antes de o día rematar volo hei facer recoñecer ou acabaredes ferido de morte e cos osos rompídos. Non daredes impedido que sexa deste xeito.

-Maxestade, concedeime o combate! -dille Cantareiro ao emperador- E facéi pendurar ou desmembrar o que saia acusado<sup>154</sup>. Debedes lembrar ben as falcatrúas que el vos ten feito.

-Deus me valla! O que sexa vencido heino facer pendurar ou esmendrellar, non ha ser outramente. E é xusto e de razón, penso eu.

Entón póñenos un fronte o outro sen estaren moi arredados. Tardón e mais o miñado, e Rinchón e mais o grilo e mais a formiga, que eran moi bos amigos, asisados e valentes sen arroutadas, vixiaron en nome do rei moi ben e moi sabiamente.

Ao que se fixeron os xuramentos, deixáronos os dous xuntos, lanzándose un cara ao outro. Renarte é o primeiro en dar o asalto, botándose enriba de Cantareiro: zorrégalle un couce e Cantareiro chántalle o bico na faceira facéndolle un rachón tan profundo que o sangue brillante sae en enxurrada escorregando ata o calcaño. Renarte non ve nin miga o tempo que cómpre para facer unha legua.

-Ben se ve que tedes viva a carne -di Cantareiro ao acurralo- pois escorre o sangue vermello. A tolemia fixo que me atacásedes e arestora ides aprender como me eu sei defender. Se queres recoñecer a túa desmesura, aconséllоче de te proclamares vencido. Fareite pendurar, que xa viviches de máis.

Renarte, que escoita a ameaza, enxoi o sangue que lle corre pola face e que lle cubriu os ollos. Abre entón estes e dille a Cantareiro:

---

<sup>154</sup> A derrota era proba de culpabilidade.

-Traidor! Así Deus me axude como vós tanto mal me fixestes reclamando que me rendese! Se saio san e salvo eu este día, ides levar unha tal malleira que non habedes botar máis leña ao lume.

Daquela atácao con toda a forza e chántalle a pouta no medio da illarga rachándolle a carne branca. Dóelle moitísimo esa fenda que entre as plumas da súa cota de mallas deita un gran cicho de sangue e vai formando polo campo un regueiro no que daría moído un muíño.

Mais Cantareiro quérelle volver ben pago ese aloumiño.

Daquela subíuselle ao lombo e fincoulle con toda a forza as esporas e trincouno e traboulle co peteiro afundíndollo ata o cranio. Arráncalle a orella dereita e fúralle o ollo esquerdo. Despois dille:

-Mal vos vai, paréceme a min, cabaleiro Renarte. Endexamais deste campo habedes saír vivo senón con grande acabamento. Xusta vinganza se ha facer a dona Pinta e a dona Copuda, súa tía. Havos cumprir poñer nas feridas moita correola e lingua de ovella, se é que Espiñento -que é físico do rei- quere encargarse delas. Ben vos ha curar, mais o derramo tan grande que hai en vós ha causar a vosa perda. Des que o combate contra vosa remate e eu dea vingado a miña carraxe, penso que xa non habedes precisar médico.

En ouvindo esas falas, Renarte comprende a gran desfeita e vergoña que Cantareiro ruinmente lle vai facer sen cansar nadiña. Entón Renarte matina en facer o morto sen se enfrontar a Cantareiro que tanta vergoña e estrago lle fai. Déixase, daquela, caír enriba do galo que o traba e o morde, facendo Renarte coma quen morreu: non rebule nin se move, senón que ten a boca pecha e calada para non botar alento nin voz ningunha.

Cando Cantareiro o viu así pillouno como a un loubán, colléndoo co peteiro polo medio do rabo, e guindouno nunha fochanca.

Ben ve Renarte que non ten axuda nin socorro de ninguén, pois que é o animal máis odiado do mundo por toda a xente. Sabe que nin por ouro nin por prata, por obrigas ou por facenda, podería obter rescate. E coa súa maña resultou enganado Cantareiro, que o deixou por morto.

De arredor del xuntouse unha morea como se fose un serán de festa. Roallas e Fusca, a gralla, achegáronse correndo cabo do rei e dixéronlle:

-Maxestade, deixái estar Renarte, que vai morrer sen falta. Moi ruinmente lle foi hoxe neste combate. Caíu nesa fochanca, morto, coma unha pedra. Criticaríanvos e faríanvos reproches se lle puxésedes a man enriba arestora. Mañá os preeiros<sup>155</sup> terano esmendrellado e devorado; xa vos tedes demorado abondo vós, pois que o seu compañeiro venceu.

O rei Nobre foise para a súa tenda e os baróns regresaron á súa morada, cadaquén moi contento. Deixaron quedar Renarte na fochanca coa gorxa aberta como se a alma lle tivera escapado por ela, o que aos seus inimigos lles prestou moito.

O corvo e a gralla dona Fusca arredáronse do rei ás agachadas dos outros animais todos e foron correndiño á fochanca na que Renarte, sen unha orella e un ollo, facía coma quen que estaba morto.

---

<sup>155</sup> Animais que se alimentan de preas, de carnes en descomposición.

-Roallas -púxose a gralla- polo serán habemos ir ver ese esfameado de Renarte e -vállame o santo que se vai venerar a Galiza!- ímoslle axeitar ben a pelica. Ben morto está e non nos temos que preocupar.

Renarte escoítaos e fítaos (pois estaba ferido e arremedaba) sen intención de lles falar, matinando en resistir de alí á chegada da noite. Mais os outros non deron agardado e botáronse axiña a el sen temeren cousa ningunha.

Ambos subíronlle enriba, Roallas adiantouse primeiro e peteirou co bico chantándollo na carne. Renarte botou a dentamía, pillouno pola coxa e turrou cara a si - como conta o libro- esnogándolla<sup>156</sup> toda e desconxuntándolla a par do cu. Deixouno eivado de todo. Roallas, entón, voou para o outro lado da fochanca moi anguriado. A gralla, ao se ver ela só con Renarte, dá un chimpó e chouta cabo daquel. O raposo dá un brinco, pilla a coxa e foxe con ela, deixando Roallas triste e coitado.

Lisca Renarte como animal desesperado, fuxindo sen se deter, co ollo furado e a orella arrancada. Non atopou pechada a porta da súa fortaleza, mais custoulle ferro e fariña dar entrada.

Cando Hermelina o viu, non tería ela maior ledicia nin maior festa que se lle desen carradas de ouro. Cando fitou a testa que el traía tan mancada e estragada sentiu unha dor moi grande. Igual lles aconteceu aos raposiños. No medio de grandes prantos e salaios deitárono nun leito.

E Roallas, que recibiu moito dano, láíase á gralla:

-Dicime, benquerida amiga, -ponse- Como podería eu ir á corte? Renarte deixoume tolleito de todo. Non sei o que facer.

-Heivos levar eu no colo. Prométovos que estou moi doída e alporizada por ese estrago e ese derramo.

Entón Fusca arregazouse e foise, triste e coitada, cabo do rei que se atopaba no seu pavillón, e berroulle:

-Ei, real Maxestade, apiadaivos! Velaquí vos traio, todo magoado, o voso amigo o corvo Roallas. E aínda o peor é que Renarte -que se pechou en Malburaco atrancando a porta- levou a coxa de Renarte e devorouna. Nobre rei, non o deixedes estar xa! Vingai a vergoña e a feúra<sup>157</sup> que Renarte vos causa e está a durar de máis! Arrancoulles membros aos vosos baróns, lembrai que vos fixo moito estrago varias veces. Ten que ser estroncado e desartellado o traidor por esa ruindade.

Roallas tomou a palabra e dixo:

-Maxestade, apiadaivos de min, pois estou ferido de morte. Perdín o pé e a coxa, polo que estou sen azos. Coido que vou morrer de aquí a pouquiño, mais se non me dou vingado do desleal, do traizoeiro que me puxo nesta coita, vós seriades criticado por ese motivo, e xustamente.

Ao que o rei ouvíu e escoitou esas falas, ergueuse ao dereito e respondeu coa mesma:

-Roallas, vós estades eivado, mais o que así vos puxo non gañou nada.

E decontado ordena que se aparellen os seus baróns e os seus homes porque:

---

<sup>156</sup> Dislocándolla, desartellándolla.

<sup>157</sup> Fealdade, fea acción.

-Polo santo que está en Roma, non me ha deter inverno nin verán ata eu estar en Malburaco! Hei facer derrubar o castelo e tirar del pola forza Renarte! Ha ser pendurado coma un ladrón de xeito que o vexan os meus baróns! Non pode findar doutro xeito!

-Benquerida Maxestade, non pode ser así -di o teixugo-, eu e mais frei Tecelán<sup>158</sup> habemos entrar en Malburaco, se vos parece, e transmitirlle a Renarte -como home asinado- a vosa mensaxe. Habémoslle dicir -se tal dispondes- que veña onda vós, que tal ordenades. E segundo o que escoitemos nós levarémosvos a resposta.

O rei, posto en pé, respondeu encarraxado:

-Ide alá axiña, logo. Tal dispoño. E dicille que anda a xogar o ollo dereito se non ven darme razón de por que motivo deixou tolleito o meu barón.

Eles non desouviron a orde e puxéronse en camiño sen demora. Diante foi o caracol Tardón para coller unha boa pousada. Con todo, aqueloutros non quixeron parar. Non vos vou contar as xornadas todas nin o que fixeron. Tanto avanzaron que chegaron a Malburaco, onde Renarte xacía no leito doente con moita dor.

Tecelán, que porta a mensaxe, e mais Teixó chegaron á porta e berraron ben forte:

-Abrille á mensaxe do rei!.

Renarte, que ouviu o balbordo, mandoulle ao porteiro que fose bulindo á porta falar con aqueles que daban tantos berros. O porteiro, de rabo teso e peludo, foi decontado alá e berroulles con prudencia e siso dende enriba da barbacá<sup>159</sup>:

-Quen sodes?

-Somos mensaxeiros de Nosa Maxestade Nobre, o león, e queremos falar con Renarte.

Cando o porteiro o ouvíu, de inmediato comezou a subir a porta corredeira que estaba baixada. Teixó, que se apurou a pasar, entrou encrequenándose. Ao que transpuxo o primeiro portelo díxolle o teixugo ao miñado:

-Pasái, cabaleiro Tecelán! Baixáivos, que a entrada é baixa.

E Tecelán dixo:

-Por san Leonardo! Temo que Renarte non me meta hoxe no bandullo! Voume estar aquí e esperar a que veñades: atópome mellor no ancho ca no estreito.

Teixó está de acordo en conceder o que frei Tecelán pide, polo que pasa e Renarte pregúntalle- como quen estaba moi doente- que é o que procuraba e o que quería.

Teixó dille:

-Meu bó viciño. Eu son voso curmán e é acaído querervos ben. O cabaleiro Roallas veu á corte denunciarvos. Co dano que trae non están contentos nin o rei nin os baróns. Non mo teñades a mal: encomendoume que vos ordenase -e ten dereito a facelo- virdes cabo del de inmediato para vos escusardes do dano. Non debedes rexeitar vir á corte para que se faga xustiza.

-Meu curmán, non vou facer nadiña nin ir á corte máis nunca, pois xa me maltrataron abondo nela. Cando esteades perante o rei velaí o que lle ides contar de min: que o corvo causou a miña morte e aí fóra, baixo desa tumba marcada cunha cruz rente dun

---

<sup>158</sup> Nesta frase e mais noutra desta aventura, o orixinal fala de "Guibert", únicas aparicións do personaxe en todo o *Roman de Renart*. Pola contra, o mesmo é denominado "Hubert" (nome do miñado) nas restantes catro aparicións súas na *Morte de Renarte*. Consideramos probábel -como apunta a edición Fukumoto, Harano e Suzuki (2005)- que o antropónimo Guibert estea empregado polo de Hubert e unificamos os dous neste.

<sup>159</sup> Espazo fortificado situado enriba dunha porta de acceso, dende onde se podía impedir a entrada de inimigos.

estripo, mandou enterrarme Hermelina, vosa amiga e vosa parente que está triste e coitada. Cando saíades fóra, ides atopar alá unha tumba. É dun aldeán chamado Renarte e ten o seu nome escrito enriba. Así llo habedes contar ao rei cando vos vaiades de aquí. Hermelina havos levar ao dereito a esa tumba que aínda está fresquiña e recente; e con ela ha ir o meu fillo Roxiño.

-Estou de acordo -díxolle Teixo- Vou tomar licenza de vós.

Coa mesma vaise o Teixugo, que atopou o cabaleiro Tecelán e Tardón por únicos compañeiros. Hermelina, con Roxiño seu fillo, levounos ao dereitiño á tumba e díxolles:

-O golpe Renarte xace baixo esta tumba, benqueridos señores, polo que nós temos unha gran mágoa. Lede as letras escritas nela e pregade a Deus que acolla a súa alma con misericordia. Coitada de min! Vou estar esgarecida! Meus fillos están orfos e non teño roupa de pano ou de liño para pór! Vou estar na miseria!

Con estas falas Hermelina volveuse para dentro do peche de Malburaco e eles fóronse sen facer noite ate chegaren xunto do rei.

Atopárono nos seus pavillóns e diante del axeonllouse Teixo, cos ollos mollados polas bágoas que botara. Cando o rei Nobre o viu chorar conmoveuse todo, e o miñado díxolle daquela:

-Maxestade, vimos de Malburaco e trabucámonos, pois Renarte está morto e sepultado. Cando Roallas se acochou aquí, Renarte estaba tan tolleito que se atopa baixo a terra. Nós vimos a súa cova e a súa tumba, e de certo sabemos que o corvo -agora sen forzas- acabou con el. Roallas está eivado, mais Renarte está morto. O Espírito Santo acolla a súa alma e o leve ao paraaquilo (un pouquiño alén do paraíso<sup>160</sup>) onde ninguén é pobre nin esmoleiro.

Cando o rei escoitou a nova sentiu un grande abalo, moi impresionado polo pasamento de Renarte, e, erguéndose decontadiño, dixo doído e desesperado:

-Polo noso gran pecado acabamos de perder o mellor barón que eu tiña, e coido que endexamais hei dalo eu vingado. Daría a metade da miña riqueza para evitar que así fose.

Coa mesma saíu fóra da súa tenda e subiu ao seu palacio.

Aquí deixo eu a vida e os funerais de Renarte. Aquí desaparece o nome de Renarte.

---

<sup>160</sup> Chiscadela humorística ao público. O orixinal é *paradouze* e *paradis* (distanciados dúas leguas) e nós trasladamos o xogo a *paraaquilo* e *paraíso*.